

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 78

Sesión plenaria
17 de decembro de 2025

Presidencia de Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 3. Proposicións non de lei

3.1 2174 (12/PNP-000254)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e dous deputados/as máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que inicie neste ano 2024 os trámites para adxudicar a construción do segundo tramo da autovía da Costa da Morte

Publicación da iniciativa, BOPG nº 20f1, do 02.05.2024

3.2 2920 (12/PNP-000328)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Méndez López, Lara e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para darlle impulso ao Museo da Romanización de Galicia de Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 22f1, do 08.05.2024

3.3 24107 (12/PNP-001908)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e oito deputados/as máis

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha no que atinxe ao impulso da investigación e do aproveitamento dos recursos mineiros e das materias primas estratéxicas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 192f1, do 30.04.2025

3.4 24467 (12/PNP-001942)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego en relación cos compromisos adquiridos polo presidente da Xunta de Galicia verbo dos centros móbiles de información á muller (CIM)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 193f1, do 02.05.2025

3.5 26550 (12/PNP-002134)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Insua Lema, Óscar

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que remita no tempo e na forma que proceda a información e documentación que lle solicitan as deputadas e os deputados do Parlamento de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 208f1, do 11.06.2025



3.6 39165 (12/PNP-002898)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Vázquez Suárez, Cecilia e oito deputados/as máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que garanta a continuidade do Programa de auxiliares de conversa sen prexuízo económico para as comunidades autónomas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 295f1, do 03.12.2025

Punto 4. Interpelacións**4.1 26536 (12/INT-001032)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e catro deputados/as máis**

Sobre a política de externalización de servizos dentro da sanidade pública galega e as condicións do novo contrato asinado polo Sergas con Ribera-Povisa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 208f2, do 11.06.2025

4.2 34407 (12/INT-001248)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e catro deputados/as máis**

Sobre o nivel de eficacia das medidas que se están a tomar contra o furtivismo e contra a entrada de produto foráneo no sector pesqueiro e marisqueiro galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 263f2, do 01.10.2025

4.3 39557 (12/INT-001452)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara**

Sobre o grao de adaptación da normativa autonómica en materia de prevención e extinción de incendios forestais ao marco legal estatal e o seu cumprimento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 295f2, do 03.12.2025

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**5.1 39912 (12/POPX-000065)****Grupo Parlamentario Mixto****Ojea Bouzo, Armando**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da priorización dos seus investimentos extraordinarios, considerando a última vaga de incendios en Ourense e as súas perspectivas para a franxa costeira

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299f1, do 11.12.2025



5.2 41111 (12/POPX-000066)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre o peso que teñen os intereses privados das grandes empresas, por un lado, e o interese xeral de Galicia, por outro, na orientación das políticas do Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299f1, do 11.12.2025

Punto 6. Preguntas ao Goberno**6.1 39606 (12/POP-005635)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e oito deputados/as máis**

Sobre as negociacións da Xunta de Galicia co Goberno central respecto da dotación de efectivos da Unidade de Policía Nacional Adscrita de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 295f2, do 03.12.2025

6.2 41110 (12/PUP-000180)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago**

Sobre o anuncio realizado polo Goberno galego respecto da posibilidade de que a Unidade da Policía Adscrita deixe de facer funcións de protección ás vítimas de violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299f1, do 11.12.2025

6.3 29274 (12/POP-004363)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón Tomás e dous deputados/as máis**

Sobre as necesidades de reformas nas infraestruturas do IES Concepción Arenal, de Ferrol, e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 228, do 05.08.2025

6.4 33933 (12/POP-004888)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Insua Lema, Óscar e Fernández Davila, María Cristina**

Sobre as necesidades dos centros de ensino da Costa da Morte neste curso 2025-2026 canto a persoal docente e auxiliar para atender o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260f2, do 25.09.2025

6.5 35498 (12/POP-005143)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Longueira Castro, Silvia e Bouza Manso, Aitor**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coas necesidades dos centros da área metropolitana da Coruña en materia de educación inclusiva

Publicación da iniciativa, BOPG nº 265f2, do 08.10.2025



6.6 39095 (12/POP-005563)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da eventual reposición da praza de Pedagogía Terapéutica que ata este curso compartían o CEIP Avelino Cachafeiro, de Forcarei, e o CEIP de Cerdedo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 290f1, do 26.11.2025

6.7 39164 (12/POP-005601)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e oito deputados/as máis**

Sobre as previsións relativas á posta en marcha do Centro de Protonterapia de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 290f1, do 26.11.2025

6.8 40911 (12/PUP-000177)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Espinosa Mangana, María Elena**

Sobre os mecanismos de control e avaliación que aplica actualmente o Sergas para garantir a calidade asistencial nos centros sanitarios privados que prestan servizos mediante concerto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299f1, do 11.12.2025

6.9 33891 (12/POP-004878)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez López, Noelia e oito deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia, á vista dos grandes retos do mercado laboral en Galicia, das medidas e decisións adoptadas polo Goberno de España nos últimos meses

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260f2, do 25.09.2025



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia do deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, sobre as previsións do Goberno galego respecto da priorización dos seus investimentos extraordinarios, considerando a última vaga de incendios en Ourense e as súas perspectivas para a franxa costeira. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Armando Ojea Bouzo (M)*. (Páx. 12.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Alfonso Rueda Valenzuela*. (Páx. 13.)

Réplica do autor: *Armando Ojea Bouzo (M)*. (Páx. 14.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Alfonso Rueda Valenzuela*. (Páx. 15.)

Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia da deputada Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o peso que teñen os intereses privados das grandes empresas, por un lado, e o interese xeral de Galicia, por outro, na orientación das políticas do Goberno galego. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Ana Belén Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 17.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Alfonso Rueda Valenzuela*. (Páx. 18.)

Réplica da autora: *Ana Belén Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 19.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Alfonso Rueda Valenzuela*. (Páx. 20.)

Declaración institucional

O presidente le unha declaración institucional, por proposta dos grupos parlamentarios, sobre a declaración do vindeiro ano 2026 como Ano Oteriano, que é aprobada por asentimento. (Páx. 22.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Rubén Lorenzo Gómez e oito deputados/as máis, sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha no que atinxe ao impulso da investigación e do aproveitamento dos recursos mineiros e das materias primas estratéxicas. (Punto terceiro da orde do día.)

O presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 24.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Rubén Lorenzo Gómez (P)*. (Páx. 24.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Patricia Iglesias Rey (S)*. (Páx. 27.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *José Manuel Golpe Acuña (BNG)*. (Páx. 29.)

O deputado Rubén Lorenzo Gómez (P) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 32.)



Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa das deputadas Noa Olalla Presas Bergantiños e Olalla Rodil Fernández, sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego en relación cos compromisos adquiridos polo presidente da Xunta de Galicia verbo dos centros móbiles de información á muller (CIM). (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Noa Olalla Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 34.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *(O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 36.), *Paloma Castro Rey (S)* (Páx. 37.) e *Raquel Arias Rodríguez (P)* (Páx. 39.).

Nova intervención da deputada Noa Olalla Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 42.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa dos deputados Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Óscar Insua Lema, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que remita no tempo e na forma que proceda a información e documentación que lle solicitan as deputadas e os deputados do Parlamento de Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Iago Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG).* (Páx. 43.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *(O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 46.), *Aitor Bouza Manso (S)* (Páx. 46.) e *Roberto Rodríguez Martínez (P)* (Páx. 48.).

Nova intervención do deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG). (Páx. 51.)

O deputado José Alberto Pazos Couñago (P) pide a palabra, ao abeiro do artigo 76.3 do Regulamento do Parlamento, por alusións que afectan o decoro dunha deputada do seu grupo. Logo dunha breve discusión sobre os feitos coa vicepresidenta (María Elena Candia López), o presidente concédella. (Páx. 53.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Cecilia Vázquez Suárez e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que garanta a continuidade do Programa de auxiliares de conversa sen prexuízo económico para as comunidades autónomas. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Cecilia Vázquez Suárez (P).* (Páx. 56.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *(O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 58.), *Silvia Longueira Castro (S)* (Páx. 58.) e *María Cristina Fernández Davila (BNG)* (Páx. 60.).

Nova intervención da deputada Cecilia Vázquez Suárez (P). (Páx. 63.)



Votación das proposicións non de lei

Votación do texto autoemendado da Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada Patricia Iglesias Rey e dous deputados/as máis, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que inicie neste ano 2024 os trámites para adxudicar a construción do segundo tramo da autovía da Costa da Morte: *rexeitado por 35 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 64.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada Lara Méndez López e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para darlle impulso ao Museo da Romanización de Galicia en Lugo: *rexeitada por 35 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 64.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Rubén Lorenzo Gómez e oito deputados/as máis, sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha no que atinxe ao impulso da investigación e do aproveitamento dos recursos mineiros e das materias primas estratéxicas: *aprobada por 38 votos a favor, 25 votos en contra e 10 abstencións.* (Páx. 65.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa das deputadas Noa Olalla Presas Bergantiños e Olalla Rodil Fernández, sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego en relación cos compromisos adquiridos polo presidente da Xunta de Galicia verbo dos centros móbiles de información á muller (CIM): *rexeitada por 35 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 65.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa dos deputados Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Óscar Insua Lema, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que remita no tempo e na forma que proceda a información e documentación que lle solicitan as deputadas e os deputados do Parlamento de Galicia: *rexeitada por 35 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 65.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Cecilia Vázquez Suárez e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que garanta a continuidade do Programa de auxiliares de conversa sen prexuízo económico para as comunidades autónomas: *aprobada por 73 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 66.)

Alteración da orde do día

O presidente anuncia unha alteración da orde do día consistente en adiantar a formulación de dúas preguntas ao Goberno. (Páx. 66.)

Pregunta da deputada Paula Prado del Río e oito deputados/as máis, sobre as negociacións da Xunta de Galicia co Goberno central respecto da dotación de efectivos da Unidade de Policía Nacional Adscrita de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Paula Prado del Río (P).* (Páx. 66.)



Contestación da Xunta: *conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Diego Calvo Pouso)*. (Páx. 67.)

Réplica da autora: *Paula Prado del Río (P)*. (Páx. 68.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Diego Calvo Pouso)*. (Páx. 69.)

Pregunta do deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o anuncio realizado polo Goberno galego respecto da posibilidade de que a Unidade de Policía Adscrita deixe de facer funcións de protección ás vítimas de violencia de xénero. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Iago Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG)*. (Páx. 70.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Diego Calvo Pouso)*. (Páx. 71.)

Réplica do autor: *Iago Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG)*. (Páx. 72.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Diego Calvo Pouso)*. (Páx. 74.)

Interpelación da deputada María Montserrat Prado Cores e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política de externalización de servizos dentro da sanidade pública galega e as condicións do novo contrato asinado polo Sergas con Ribera-Povisa. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *María Montserrat Prado Cores (BNG)*. (Páx. 75.)

Resposta da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño)*. (Páx. 77.)

Réplica da autora: *María Montserrat Prado Cores (BNG)*. (Páx. 79.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño)*. (Páx. 81.)

Suspéndese a sesión ás dúas e once minutos da tarde e retómase ás catro e un minuto.

Interpelación da deputada Rosana Pérez Fernández e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o nivel de eficacia das medidas que se están a tomar contra o furtivismo e contra a entrada de produto foráneo no sector pesqueiro e marisqueiro galego. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *Rosana Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 83.)

Resposta da Xunta: *conselleira do Mar (Marta Villaverde Acuña)*. (Páx. 86.)

Réplica da autora: *Rosana Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 89.)

Réplica da Xunta: *conselleira do Mar (Marta Villaverde Acuña)*. (Páx. 91.)

Interpelación das deputadas María del Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, do G. P. Socialista de Galicia, sobre o grao de adaptación da normativa autonómica en materia de prevención e extinción de incendios forestais ao marco legal estatal e o seu cumprimento. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *María del Carmen Rodríguez Dacosta (S)*. (Páx. 93.)

Resposta da Xunta: *conselleira do Medio Rural (María José Gómez Rodríguez)*. (Páx. 95.)

Réplica da autora: *María del Carmen Rodríguez Dacosta (S)*. (Páx. 98.)

Réplica da Xunta: *conselleira do Medio Rural (María José Gómez Rodríguez)*. (Páx. 100.)



Pregunta do deputado Ramón Tomás Fernández Alfonzo e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as necesidades de reformas nas infraestruturas do IES Concepción Arenal, de Ferrol, e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Ramón Tomás Fernández Alfonzo (BNG)*. (Páx. 102.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Román Rodríguez González)*. (Páx. 103.)

Réplica do autor: *Ramón Tomás Fernández Alfonzo (BNG)*. (Páx. 104.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Román Rodríguez González)*. (Páx. 105.)

Pregunta do deputado Óscar Insua Lema e da deputada María Cristina Fernández Davila, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as necesidades dos centros de ensino da Costa da Morte neste curso 2025-2026 canto a persoal docente e auxiliar para atender o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Óscar Insua Lema (BNG)*. (Páx. 106.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Román Rodríguez González)*. (Páx. 107.)

Réplica do autor: *Óscar Insua Lema (BNG)*. (Páx. 109.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Román Rodríguez González)*. (Páx. 110.)

Pregunta da deputada Silvia Longueira Castro e do deputado Aitor Bouza Manso, do G. P. Socialista de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coas necesidades dos centros da área metropolitana da Coruña en materia de educación inclusiva. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Silvia Longueira Castro (S)*. (Páx. 111.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Román Rodríguez González)*. (Páx. 112.)

Réplica da autora: *Silvia Longueira Castro (S)*. (Páx. 113.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Román Rodríguez González)*. (Páx. 114.)

Pregunta da deputada Paloma Castro Rey e dous deputados/as máis, do G. P. Socialista de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da eventual reposición da praza de Pedagogía Terapéutica que ata este curso compartían o CEIP Avelino Cachafeiro, de Forcarei, e o CEIP de Cerdedo. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Paloma Castro Rey (S)*. (Páx. 116.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Román Rodríguez González)*. (Páx. 117.)

Réplica da autora: *Paloma Castro Rey (S)*. (Páx. 118.)



Réplica da Xunta: *conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Román Rodríguez González)*. (Páx. 119.)

Pregunta de María Encarnación Amigo Díaz e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as previsións relativas á posta en marcha do Centro de Protonterapia de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *María Encarnación Amigo Díaz (P)*. (Páx. 120.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño)*. (Páx. 121.)

Réplica da autora: *María Encarnación Amigo Díaz (P)*. (Páx. 122.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño)*. (Páx. 123.)

Pregunta da deputada María Elena Espinosa Mangana, do G. P. Socialista de Galicia, sobre os mecanismos de control e avaliación que aplica actualmente o Sergas para garantir a calidade asistencial nos centros sanitarios privados que prestan servizos mediante concerto. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *María Elena Espinosa Mangana (S)*. (Páx. 124.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño)*. (Páx. 125.)

Réplica da autora: *María Elena Espinosa Mangana (S)*. (Páx. 126.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño)*. (Páx. 126.)

Pregunta da deputada Noelia Pérez López e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia, á vista dos grandes retos do mercado laboral en Galicia, das medidas e decisións adoptadas polo Goberno de España nos últimos meses. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Noelia Pérez López (P)*. (Páx. 127.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración (José González Vázquez)*. (Páx. 128.)

Réplica da autora: *Noelia Pérez López (P)*. (Páx. 129.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración (José González Vázquez)*. (Páx. 130.)

Remata a sesión ás seis e trinta e nove minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O PRESIDENTE: Bos días.

Reanudamos a sesión co punto quinto da orde do día, preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia.

Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia do deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, sobre as previsións do Goberno galego respecto da priorización dos seus investimentos extraordinarios, considerando a última vaga de incendios en Ourense e as súas perspectivas para a franxa costeira

O PRESIDENTE: Comezamos coa pregunta de don Armando Ojea, portavoz do Grupo Parlamentario Mixto.

ARMANDO OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Bos días, señor presidente.

Vou empezar mostrándolle ao señor presidente dúas fotografías —non sei se se verán desde aí—, (*O deputado Armando Ojea Bouzo amosa unhas fotografías.*) onde se ve o que hoxe poderíamos chamar «as dúas partes de Galicia». Temos, por un lado, unha foto preciosa da costa, co ceo e o mar igual de azuis —como dicía aquela canción— e, despois, a cor negra dos montes queimados da provincia de Ourense. Teño varias semellantes do contraste entre o negro ardido dos incendios de Ourense e a beleza do litoral. (*O deputado Armando Ojea Bouzo amosa varias fotografías.*) Estas fotografías ilustran (*Murmurios.*) o que moita xente debería entender: que a prioridade de investimentos en Galicia para o ano 2026, tal e como manifestamos na nosa emenda global aos orzamentos, debería ser a recuperación da provincia de Ourense; sobre todo, das zonas afectadas polos incendios.

Sen embargo —como vostede sabe—, recentemente, nunha comisión parlamentaria, o Grupo Parlamentario Popular propuxo de xeito explícito que se priorizasen os investimentos no litoral; investimentos dos que, na inmensa maioría dos casos, se fala como meramente estéticos ou meramente decorativos —poderíamos dicir—. Nós non temos nada en contra de que se embeleza o litoral, pero o que si que non nos parece axeitado —polo menos neste ano— é que esa sexa a prioridade de gasto. Pensamos que a prioridade de gasto —como digo— debe ser a recuperación da provincia de Ourense dos incendios, e ata nos pareceu frívola (*Murmurios.*) esa proposta do Grupo Parlamentario Popular en comisión de que se priorizasen os investimentos no litoral para este ano.

Entón, a pregunta que lle vou facer, que xa está rexistrada e que xa coñece, é moi sinxela: ¿vostede ten pensado facerlle caso?, ¿vostede ten pensado seguir esa petición —que se aprobou en comisión, loxicamente, porque ten a maioría o Partido Popular nas comisións— de priorizar o gasto no litoral neste ano que entra agora, no 2026?, ou, pola contra, ¿ten pen-



sado priorizar o investimento da Xunta de Galicia na recuperación da provincia de Ourense dos efectos dos incendios? Algunha vez, claro, no fragor dos incendios, creo lembrar que nalgún titular ou nalgún momento dixo que esa ía ser a prioridade para o ano 2026. Díxoo vostede, ou crino ler nalgún... Ao mellor foi algunha interpretación do periodista.

Loxicamente, nós mantemos que a prioridade para este ano debe ser a provincia de Ourense, a recuperación dos incendios, e o tempo sobra para adecentar o litoral. O litoral galego xa é bonito tal e como está, e non hai ningunha présa en arranxar os chiringuitos e todo iso do que está falando estes días o Goberno unha vez que asumiu as competencias do litoral. Eu entendo, loxicamente, que estea moi emocionado con esas novas competencias asumidas, pero vólvolles recordar que a provincia de Ourense debe ser, na nosa opinión, a nosa prioridade á hora de investir, para recuperar os efectos dos incendios e para reverter a situación que —como vostede sabe— estimamos de discriminación estrutural e sempiterna por parte dos sucesivos gobernos da Xunta.

Lémbrolle a pregunta: ¿ten pensado seguir a instrución da comisión parlamentaria que lle pide priorizar os investimentos no litoral ou pensa facer oídos xordos a esa petición, tendo en conta que parece lóxico que a prioridade para este ano 2026 deba ser a recuperación disto: *(O deputado Armando Ojea Bouzo amosa unha fotografía.)* dos montes queimados da provincia de Ourense?

Nada máis. Grazas.

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

Señor Ojea, primeiro, quero agradecerlle —é unha novidade— que, na primeira das dúas preguntas, o que está escrito que se ía preguntar se corresponda co que despois se pregunta. ¡É toda unha novidade!, nótase que hai un cambio. Eu agradézollo moito, e celebro tamén poder contestarlle aínda que sexa cada moitas sesións de control. Non creo que o celebre tanto como o señor Besteiro, que, se non tivo tempo ultimamente para ler nin sequera a pregunta que me formulaba, ¡como estaría agora se o tivese que facer, señor Besteiro!. *(Aplausos.) (Murmurios.)* Polo tanto, eu creo que este descanso non lle vén mal para poder dedicarse a arranxar outras cousas.

Señor Ojea, primeiro, agradézollo —xa digo—, porque coincide o que me pregunta co que agora formulou. Téñoa a vostede por unha persoa non sectaria, bastante exacta nas cousas que di, sempre moi correcta e, polo tanto, pídolle aquí que non caia no que cae algún grupo da oposición de dar carnés de galegos. Vostede non digo que o fixese, pero non caia na tentación de bos ourensáns ou malos ourensáns en función de se nos preocupamos ou non nos



preocupamos. Preocupámonos moito por Ourense. O seu partido preocúpase —non teño ningunha dúbida— e o Partido Popular tamén. Somos o primeiro partido na provincia de Ourense e por algo será, (*Murmurios.*) case coa metade dos apoios. E por algo será: porque cumprimos. E, mire, para vostede, que é un home de números, o mellor exemplo é o orzamento que aprobamos onte. Creo que é un orzamento potente, e vostede, por certo, non presentou ningunha emenda ao seu articulado. Non sei se porque máis ou menos viu que, con independencia do que pregunta agora, se estaba cumprindo, pero eu creo que o estamos facendo.

Claro que nos preocupamos polo desenvolvemento do litoral, e é certo: Ourense non ten litoral; ten outras moitas cousas moi valiosas que debemos coidar e promocionar, e estámolo facendo. É un mandato deste Parlamento —por certo, vostede non votou en contra, e agradezollo— que exerzamos a nosa competencia dedicando tamén recursos orzamentarios, pero iso non quere dicir que descoidemos nin moito menos todo o demais. Vostede fala na súa pregunta dos incendios. Efectivamente, foi un compromiso do meu Goberno, e meu persoal, actuar rapidamente para a reconstrución. Oia, o outro día faciamos un balance no Consello da Xunta: case 18 millóns de euros en axudas, convocadas e pagadas na súa maioría en menos de tres meses. (*Aplausos.*) O Goberno central aínda está empezando e *sabe dios* cando remata, porque aínda non rematou as de hai tres anos..., imaxínese as dos incendios de hai menos de tres meses.

Polo tanto, imos seguir traballando señor Ojea. Agora na segunda quenda intentarei darlle máis detalles, pero quede con algún dato importante. Cada cidadán de Ourense vai recibir no orzamento case catro veces máis do que sobe o orzamento: 5.600 euros por habitante ourensán, un 9,3 por cento máis que o ano pasado; sobe catro veces máis do que aumenta o orzamento. Se facemos a conta dende o ano 2000, un 40 por cento. ¿Quedan moitísimas cousas por facer? Por suposto. ¿Que vostede está no seu dereito e case na súa obriga de solicitálas e de fiscalizarnos? Por suposto; e nós, de cumprir. Pero non lle caiba ningunha dúbida de que para nós Ourense é fundamental e, sinceramente, creo que cada vez que preguntamos aos ourensáns así o recoñecen, case co 50 por cento dos apoios, o cal, sinceramente, aspiramos a mellorar.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Ojea.

ARMANDO OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Señor Rueda, nós presentamos unha emenda á totalidade; dalgunha maneira, negamos a maior, ¿non? Non vou repetir aquí os argumentos, pero, tal e como reflectiron os números desde o punto de vista do investimento e en termos territoriais, a provincia de Ourense recibiu moitísimo menos que o resto das provincias. Xa digo, non vou repetir os argumentos, porque xa se falou cando se falou das emendas á totalidade. É certo que non presentamos emendas parciais porque sempre teñen a trampa de que tes que dicir de onde quitas para



poñer, e iso sempre se dá moito á demagogia. Dalgún xeito, negamos a maior de xeito directo —entendemos— coa emenda á totalidade, por motivos numéricos —como xa se dixo ademais nas propias sesións da comisión 3ª nas que se analizaron polo miúdo os números—: a provincia de Ourense recibe, tanto en termos relativos como en cantidades absolutas, moito menos que as outras provincias, e —xa digo— non vou repetir iso.

Pero, de todas formas, a pregunta non ma respondeu, porque a palabra clave na miña pregunta era a palabra «prioridade», porque a Comisión na que se lle pediu ao seu Goberno que priorizase os investimentos no litoral utilizou explicitamente esa palabra, a palabra «prioridade». E eu o que quero é que vostede responda se a súa prioridade —a prioridade dende o punto de vista territorial, refírome—, a prioridade do seu Goberno para este ano 2026, vai ser o litoral, tal e como se lle pediu desde esa comisión —a ver se lle fai caso—, ou se —volvo dicir, desde a perspectiva territorial— a súa prioridade vai ser a recuperación da provincia de Ourense, a recuperación dos efectos negativos dos incendios.

E volvo repetir: nós fixemos unha emenda á totalidade. Non entendemos que as cantidades destinadas á provincia de Ourense sexan as necesarias e, ademais, os números están aí; apareceron incluso resumidos en moitos artigos de prensa. E —xa digo— parécenos unha trampa... Non entramos, non lle seguimos o xogo das emendas parciais, onde, en vez de poder dicir de onde quitaríamos de calquera parte para poñer en calquera outra parte, un debe cingirse a unhas áreas de gasto, de forma que, para mover diñeiro para unha cuestión sanitaria, ten que saír dunha cuestión sanitaria, ou, ao mellor, para unha cuestión de educación, ten que saír doutras de educación. Non, iso é unha trampa. Nós pensamos que as emendas parciais debían ser para mover de calquera concepto de gasto a calquera concepto de gasto, aínda que non se manteñan as áreas. Entón, non entramos nese xogo, e, precisamente, se tivéssemos poder de goberno, cambiaríamos iso. Trátase de dicir: quitamos diñeiro de aquí para poñer aquí, pero mesturando os conceptos. Non temos porque quitar de sanidade para mover a sanidade; podemos quitar pois, ao mellor, de festexos para mover a sanidade. Iso é o que se debería poder facer e non tal e como está o Regulamento á hora de poder presentar emendas parciais. Pero —como digo— diso xa se falou, (*Murmurios*.) e vólvolle repetir que a palabra clave na miña pregunta é a palabra «prioridade». ¿Pretende priorizar o gasto no litoral ou pretende priorizar o gasto na provincia de Ourense para recuperala dos efectos dos incendios?

Nada máis. Grazas.

O PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, señor presidente.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Ojea, pretendemos facelo todo con sentidiño. Entón, claro, vostede chámalle trampa a priorizar recursos. Claro, pode facer como fan os grupos da oposición, que sacan da sanidade para dicir que a sanidade está moi mal. ¡Non saben nin de onde sacan! Claro, o estar



na oposición e non ter moitos visos de gobernar leva a este tipo de cousas. Alégrome de que vostede, polo menos, sexa responsable e se dea conta de que, cando un ten que decidir e manexar recursos públicos, ten que ser responsable do que prioriza, e, polo tanto, efectivamente, no orzamento, o que se gasta nun sitio déixase de gastar noutro. Por iso hai que ter tanto coidado en facelo, e por iso algúns xa —á parte doutros problemas de non ter maiorías— renuncian a facelos. Pero nós si que os facemos, porque gobernamos e priorizamos, e imos intentar priorizalo todo dentro dos recursos que temos; e nese todo non lle caiba ningunha dúbida de que está a provincia de Ourense.

Permítame que lle diga —é unha pregunta—. Vostede fala de recursos orzamentarios. Nos orzamentos para 2026, falando de cantidades consignadas, eh, non de proxectos a moitos anos, temos: en sanidade, 35,6 millóns para as obras do Hospital de Ourense; 1 millón para as obras e equipamento do Hospital de Verín, e 6 millóns para centros de saúde —o da Rúa, a reforma en Muíños ou Boborás e o novo CIS da cidade—. En educación, 14,2 millóns para facer obras de mellora en centros ourensáns; 6,3 millóns para a Escola de Enxeñaría Aero-náutica e do Espazo en Ourense, e 800.000 euros, na anualidade do ano que vén, para o novo instituto de Pereiro de Aguiar —van ser, ao final, cando se remate, 10 millóns de euros—. En vivenda, 6,8 millóns para construír vivenda pública —e máis se tivéssemos máis colaboración do Concello de Ourense—; 2,8 millóns para rehabilitacións na cidade de Ourense e en Ribadavia; 2,1 millóns para desenvolver solo para vivenda protexida —e máis que poderíamos facer con máis colaboración—. En materia industrial, 6 millóns de euros no polígono de San Cibrao das Viñas e Tecnópole. En servizos sociais, agardo que o ano que vén poidamos rematar a residencia da Fundación Amancio Ortega —é a sexta que se remataría— e poñela xa en marcha, asumida e custeada pola Xunta; a oficina de emprego do Carballiño, e a reforma da do barrio ourensán da Ponte. En infraestruturas, 4 millóns para a estrada que vai de Celanova á fronteira e para estrada que vai da Gudiña á Rúa, e 1,5 millóns para o último treito de circunvalación leste na cidade de Ourense. En patrimonio cultural, a restauración da Catedral de Ourense e de varias igrexas: Beade, Vilaza..., e a promoción da Ribeira Sacra para que a declaren Patrimonio da Humanidade —tamén custa cartos—. No ámbito tecnolóxico, remataremos o Centro de Ciberseguridade e colocaremos Ourense nun lugar punteiro nun tema cada vez máis punteiro. Estamos á espera de asinar —está listo xa— co Concello de Ourense ese convenio que vai ser pioneiro para loitar contra o cambio climático, con zonas de sombra e o Corredor Verde na avenida Otero Pedrayo —así se chama este convenio—, e que vai servir para que os cidadáns de Ourense e os que os visiten poidan desfrutar dunha baixada de temperatura nos meses máis cálidos de ata 3 graos.

Son moitas as cousas que están consignadas, señor Ojea, e que vostede puido emendar. Non o fixo porque vostede fala de trampa; eu chámolle gobernar, decidir o que é prioritario e o que non. Nós cremos que isto é prioritario e, por suposto, cremos que tamén é prioritario desenvolver a Lei do litoral. Aí Galicia ten unha enorme oportunidade, pero iso non significa descoidar as outras zonas de Galicia que son importantes e, dende logo, entre as máis importantes, sen dúbida, está a provincia de Ourense.

Polo tanto, ¿cal é a nosa prioridade? Toda Galicia. ¿Dentro de toda Galicia, Ourense xoga un papel importantísimo? Sen ningunha dúbida. Vólvolle dicir que cada vez que preguntamos aos ourensáns, así nolo recoñecen. Por suposto que podemos facer moito máis, e niso esta-



mos traballando. Agradézolle a pregunta e agradézolle que o que dixo que me ía preguntar fose o que despois me preguntou, porque así, señor Besteiro —¿dáse conta?—, é moitísimo máis fácil. Debería tomar exemplo. (*Murmurios.*)

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia da deputada Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o peso que teñen os intereses privados das grandes empresas, por un lado, e o interese xeral de Galicia, por outro, na orientación das políticas do Goberno galego

O PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Ana Pontón Mondelo, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: Señor presidente.

Señorías.

Estamos no último pleno deste ano 2025 e gustaríame deixar aquí unha mensaxe para o conxunto da sociedade, pero moi especialmente para as mulleres: tolerancia cero ante a violencia machista, veña de onde veña e afecte quen afecte. Esa é a miña convicción, porque, desde logo, os casos de violencia machista non poden quedar impunes e temos que estar sempre do lado das mulleres. (*Aplausos.*) Ao longo deste 2025, coñecemos comportamentos machistas repugnantes, e eu creo que hai que dicir sen medias tintas que a resposta que se lles deu non estivo á altura cando afectou responsables políticos. Creo que todo isto o que nos di é que temos que traballar con máis convicción para que non haxa nin un só paso atrás, que hai que traballar pola igualdade real e, desde logo, que o feminismo é máis necesario que nunca. (*Aplausos.*)

E indo xa á cuestión, señor Rueda, este pasado domingo miles de galegos e galegas volveron dicirlle nunha masiva mobilización: Galiza si, Altri non. Miles de galegos e galegas volveron dicirlles que a vida da xente do rural e da xente do mar é máis importante que a conta de resultados dunha empresa portuguesa e que non podemos converter o noso monte nun gran eucaliptal. E a cuestión, señor Rueda, é se vostede vai escoitar os galegos e as galegas ou vai seguir de comercial de Altri. Pídlle que por unha vez non se esconda detrás dos técnicos, porque todo o mundo neste país sabe que esta decisión é unha decisión política que tomou o Partido Popular antes de que houbese nin un só informe sobre a mesa. (*Aplausos.*)

Este é tamén un exemplo de por que son vostedes un «bulogoberno», porque Altri é o bulo dunha biofábrica téxtil da que, en canto pasaron as eleccións, soubemos a verdade. Soubemos que era una macrocelulosa capaz de poñer en risco o río Ulla, a ría de Arousa e de levar por diante miles de postos de traballo.

E, desde logo, tamén lle queremos hoxe preguntar, señor Rueda, por que está ocultando documentación sobre Altri. ¿Por que oculta o memorando que asinaron con Altri?, ¿que é o que



ten que ocultar? O que non pode ocultar é que vostede goberna para as empresas amigas do Partido Popular, e Altri é que é un exemplo moi claro. ¿Quen é socio de Altri, señor Rueda? Greenalia, a empresa na que traballa a súa compañeira de partido e exconselleira Beatriz Mato. (Aplausos.) As portas xiratorias sempre ben engraxadas no Partido Popular.

Pero este, señor Rueda, non é o único exemplo. É que tamén vemos o que está pasando con Ribera Salud, que é propietaria de Povisa, con quen vostedes tamén teñen un acordo secreto por valor de 98 millóns de euros. Si, si, encima ri o señor Rueda. É un acordo que non envían a este Parlamento e que lle ocultan á cidadanía, a pesar de que xa sabemos como actúa Ribera Salud —puidemos escoitalo todos e todas—. Quere aumentar beneficios á custa de recortar en saúde. E eu o que lle pregunto, señor Rueda, é se pode garantir que esas prácticas non se están producindo en Povisa, e ao que o reto é a que faga público ese contrato millonario e a que se realice unha auditoría para garantir que, cos cartos dos galegos e das galegas, esa empresa non está facendo negocio á custa da saúde.

Señor Rueda, estes son exemplos de como vostede goberna para as grandes empresas. A cuestión é: ¿vai seguir facéndoo ou vai empezar a defender por unha vez o interese dos galegos e das galegas? (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, pídeme que non me ría. É que é mellor rir, de verdade; é mellor rir, que estamos en Nadal, que tomar en serio algún dos disparates que vostede di.

Ponse estupenda contra o machismo e a corrupción. Pois falemos diso: ¿que van facer na Deputación de Lugo (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) se o día 14 o señor Tomé é necesario para que o PP non governe a Deputación de Lugo?, ¿que van facer, señora Pontón? ¿A que non lle gusta a pregunta?, ¿a que é incómoda?, ¿a que sempre a rehúye? ¡Vaíamos ao tema!, di. Esta vez si que vai o tema, para non falar moito diso. Tolerancia cero contra o machismo, di. E, hai poucas semanas, o 25-N van vostedes rodear a sede dun partido, que é o partido maioritario en Galicia, acosar as mulleres que estaban alí traballando, (Aplausos.) e vostede é incapaz de condenalo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero, ¿que tolerancia cero! Tolerancia cero contra o machismo, di, e aínda non tivo a mínima valentía política para condenar os insultos machistas a unha conselleira. Non foi capaz, e non será porque non llo pedimos veces. Vostede sempre mira para abaixo, non quere dicir nada e non é capaz de condenalo porque prefire pasar a vergoña aquí a que lle rifen os xefes do seu partido, señora Pontón; iso é o que pasa. Xefes ou xefas, non sei, porque tamén hai aí moito escurantismo. Pero isto é o que hai, e vén aquí falar de tolerancia cero contra a corrupción. Pero, ¿se goberna cun partido que nos está dando un espectáculo un día si e outro tamén! O seguinte tapa o anterior, e vostedes van de ganchete en todas as partes. Pero, ¿tolerancia cero contra que, señora Pontón? Así lle vai todo.



E agora resulta que me vén cos seus grandes clásicos: os amigos, o de sempre... Non me está dicindo nada novo, nós somos os amigos das... Todo ese rolo xa o sabemos, señora Pontón, todo ese rolo xa o sabemos. ¿Sabe en que se resume? No que vostede dixo: todo o mundo sabe que por enriba das decisións técnicas están as decisións políticas. Oia, ¡será onde vostedes gobernan, eh! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* Aquí, absoluto respecto ao que din os técnicos, *(Aplausos.)* e xa vexo de que van vostedes.

¿Sabe o que é Altri para vostede? Un comodín. Cada vez que se ve agobiada con problemas internos, saca este tema e venenos co de sempre. O de sempre, señora Pontón, é que este Goberno leva moito tempo con responsabilidades públicas cumprindo con respecto aos técnicos, e vostede, con este tipo de cousas: ¡por enriba das decisións dos técnicos están as decisións políticas! Iso explica que vostede leve 25 anos atornillada ao banco da oposición. *(Murmurios.)*

Máis nada e moitas gracias. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Pontón.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, vén hoxe aquí darnos moitas leccións de feminismo. Vén aquí dicirme que eu estou estupenda —si, si—, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* que estou agobiada, *(Murmurios.)* que teño que obedecer os meus xefes... ¡Que falta de respecto! Xa non por min; por todas as mulleres deste país *(Aplausos.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* e por esta institución. ¡Que maneira de degradar a vida pública! Si, si, señor Rueda. Ese é o nivel, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ese é o nivel que vostede... *(Interrupcións.)*

O PRESIDENTE: Silencio.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: Se me deixan falar as señorías do Partido Popular... *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Unha deputada: Señorías.)* Señorías inclúe a todos e todas. *(Murmurios.)* É o que ten a linguaxe inclusiva e o feminismo. *(Aplausos.)* *(Murmurios.)*

Hoxe o señor Rueda vén aquí darnos leccións, vén aquí darnos leccións de feminismo. E eu non teño ningunha pregunta incómoda. A pregunta que, en todo caso, terá vostede que responder é se quere valerse dun suposto acosador sexual para chegar á Deputación de Lugo. ¿Iso é o que quere vostede, señor Rueda? *(Risos.)* *(Murmurios.)* Si, si, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* é que é o que vostede nos acaba de dicir. *(Murmurios.)* Responda, señor Rueda.

O PRESIDENTE: Silencio, por favor.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: O BNG ten unha posición moi clara, que é a tolerancia cero co machismo, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* e non sei se o Partido



Popular pode dicir o mesmo. Señor Rueda, pero, ¿que leccións nos dá vostede? Se tivo durante meses sentado a seu carón no Consello da Xunta un conselleiro que sabía que tiña unha denuncia presentada na Policía por agresión sexual. Pero ¿que clase de lección de feminismo dá? ¿Sabe o único que demostra? Que a vostede lle importan un pepinillo en vinagre as mulleres. (*Murmurios.*) Non lle importa nada; o único que lle importa é o poder polo poder. (*Aplausos.*) Ese é o seu compromiso coas mulleres.

E non respondeu... Ao señor Rueda moléstalle que non se lle fagan as preguntas, pero logo el non responde as que se lle fan. (*Murmurios.*) Eu fíxenlle unha pregunta moi concreta: ¿vai vostede seguir gobernando para as empresas amigas do Partido Popular? Porque, mire, volve esconderse detrás dos técnicos, cando todo o mundo sabe que a vostede os únicos técnicos que lle gustan son os que lle dan a razón. E o que fai o Partido Popular é cambialos cando non lle dan a razón para poñer, por exemplo, a excargos do Partido Popular asinar os informes que xa tiñan elaborados. O que lles gusta é tamén cambiar as leis á medida do que lle piden as empresas. ¡Se acaban de facelo onte mesmo coa Lei de acompañamento!

E non lle contestou —xa non a min— á sociedade galega, que lle está pedindo que rexeite un proxecto que é unha bomba ambiental para este país, que lle dea carpetazo definitivo a un proxecto que está poñendo en risco o río Ulla, a ría de Arousa e miles de postos de traballo. Pero vostede vén aquí, con esa prepotencia que o caracteriza, primeiro xa, faltarme sempre a min ao respecto, faltaría máis. (*Murmurios.*) Si, si, pero, sobre todo, faltarlle ao respecto á cidadanía, porque a súa obriga como presidente é dar contas no Parlamento de Galiza. ¿Vai vostede darlle carpetazo definitivo a esa macrocelulosa...

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: ...contaminante? ¿Si ou non? Dígao, señor Rueda; é o que lle está pedindo a cidadanía. ¿Vai vostede seguir permitindo que se faga negocio coa saúde dos galegos e das galegas? ¿Si ou non? Faga públicos eses acordos secretos que ten con Altri ou con Ribera Salud, e, sobre todo, señor Rueda, deixe de xogar co interese xeral deste país, deixe de xogar co interese de Galiza, porque vale moito máis o noso país que os intereses dese tipo de empresas.

O PRESIDENTE: Grazas.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: Pense nos galegos e nas galegas, e non nos aguinaldos que logo lles chegan a excargos do Partido Popular. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Terminou o tempo. Grazas.

Peche da pregunta, señor presidente.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.



Señora Pontón, como «un pepinillo en vinagre», dixo vostede exactamente, ¿non? Este é o nivel. Eu dixen «xefas» porque xa sei que, se non, xa vén o vitimismo. Xefes e xefas —e poderíase mirar para arriba, non sei—, é que non sei o que teñen exactamente. Pero está claro que ese tema a vostede, en canto llo comentamos... Ao final, acordouse do que preguntaba nos últimos vinte segundos. Si, si.

Non me contestou algo fundamental: ¿que van facer o día 14?, ¿que van facer o día 14, señora Pontón? ¿Van romper?, ¿vanse poñer de perfil como están ata o de agora? Eu non dou leccións de nada, vostede levantouse e empezou a darnos leccións a todos do estupendos, efectivamente, que son vostedes, os do Bloque, en todo; son perfectos. O malo é que cando teñen que predicar co exemplo fan todo o contrario. E aí están os exemplos que poñía: acosan traballadoras nunha sede, e vostede non é capaz de dicir nada; insultan, con insultos machistas, unha conselleira, e vostede non é capaz de dicir nada. Polo tanto, ao mellor, era conveniente dar menos leccións e practicar máis co exemplo, señora Pontón.

Sobre a cuestión —porque eu lle quero contestar a súa pregunta—, claramente, que os seus plantexamentos sexan eses... É que vostedes non lles teñen ningún respecto. Eu compréndoo no fondo, e perdoe que llo diga outra vez —xa sei que lle fastidia moito—, pero é que é certo: o non estar nunca nun goberno fai que un non comprenda os procedementos ou, sobre todo, que non respecte os profesionais. ¿Como é iso de que os únicos técnicos que nos gustan...? Non sei o que dixo. Mire, os técnicos son os que son e din o que din, señora Pontón. Ao mellor, non o fan vostedes en sitios onde gobernan e non entenden que nós si o fagamos, pero nós, dende logo, si o facemos, e, polo tanto, así seguiremos.

Fala de *lobbys*... Fala do de sempre, señora Pontón; fala do de sempre para non dicir nada. Mire, eu pídolle un respecto a todos os funcionarios da Xunta de Galicia; pídolle un respecto a todos os proxectos industriais —en xeral, digo— que vostedes espantan coas súas negativas continuas, con ese negacionismo, con ese «aquí non se pode facer nada» e con esa manifestación en canto non fagas o que a min exactamente me parece que é o que hai que facer. Para iso, señora Pontón, primeiro, hai que gañar unhas eleccións. (*Murmurios.*) Si, si, o problema é que vostedes, como non gañan as eleccións, xa o dixeron: a algarada, o conflito e a tensión como sistema. (*Aplausos.*)

Pero iso non é o que queren os galegos, señora Pontón. Se vostede quere seguir encabezando o nacionalismo do «non» dende a oposición, siga así. Levan moitísimos anos, nós estamos encantados. Eu prefiro levar o Goberno do «si», presidilo neste momento, e tela a vostede eternamente como o nacionalismo do «non» liderando a oposición. Non sei se é o mellor para Galicia dende o punto de vista da oposición; dende o Goberno intentamos que así sexa. Pero, dende logo, se é o que vostede quere, leva moi bo camiño.

Mire, intente algunha vez falar en positivo, dicir que si ás cousas, atraer investimentos, dicir que Galicia é unha terra onde a xente que queira vir investir aquí pode ter a seguridade xurídica dun goberno e duns técnicos que miran como hai que facer as cousas e as fan ben. Intente dicir que é unha terra con estabilidade, unha terra que aprobou os seus orzamentos, unha terra acolledora. Comprendo que iso ao nacionalismo, que o que quere é unha terra pequena, achicada, non lle vai moi ben, pero isto é o que hai, señora Pontón. Un pouquiño



de «Galicia calidade», non lles viría mal a vostedes tamén, sinceramente, non lles viría mal. (*Aplausos.*) E, polo tanto, señora Pontón, sigamos cada un no noso papel: nós gobernando, que é onde nos puxeron os galegos, e vostedes na oposición do «non», que parece, que eu creo, que lles gusta.

Un último consello —e remato xa, señor presidente—: sexa una pouco valente. Ten esa bravura aquí, e nin unha soa crítica ao Goberno central, con todo o que estamos vendo. Eu diría que esta vez sería conveniente que o fixese. Parece mentira, señora Pontón, que haxa socialistas moito máis exixentes, moito máis críticos e moito máis valentes contra o Partido Socialista que vostede mesma.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Quero saudar a quen nos acompaña hoxe na tribuna, os invitados, e tamén, por suposto o presidente da Fundación Otero Pedrayo, o presidente da Real Academia, a secretaria do Consello da Cultura, o director xeral de Política Lingüística e o director xeral de Cultura, e a todos vostedes.

Declaración institucional

Imos entón esperar que entre ese colexio. Vou dar lectura a unha declaración institucional á que chegaron os grupos por acordo unánime, e imos esperar que entren os estudantes, porque creo que é unha declaración importante. (*Pausa.*)

Acaban de entrar os alumnos do Colexio Hijas de Cristo Rey de Oleiros. Benvidos tamén ao Parlamento.

Vou dar lectura, se lles parece, á declaración institucional, que di:

«O vindeiro ano 2026 fanse 50 anos do pasamento de don Ramón Otero Pedrayo, figura esencial das letras, do pensamento e da identidade galega contemporánea, así como o centenario da publicación dunha das súas grandes obras: *Guía de Galicia*.

Profesor, ensaísta, xeógrafo, novelista, político e membro destacado das Irmandades da Fala e, máis tarde, do Partido Galeguista, Otero Pedrayo, foi un dos piares do florecemento cultural e intelectual de Galicia e representante dunha xeración que soubo vincular o galeguismo coa defensa da cultura universal e co compromiso coa nosa terra.

A súa obra literaria e científica, que abrangue a narrativa, o ensaio, a historia, a xeografía, a filosofía e o pensamento político segue a ser un referente de estudo e de inspiración. O seu exemplo de dedicación a Galicia e á lingua e á cultura galega merece, neste marco conmemorativo, un recoñecemento institucional amplo e transversal. Dende o seu prolífico labor, non deixou xénero literario sen cultivar, o que lle valeu a designación de «patriarca das letras galegas». Dende o ensaio á novela e dende a poesía ao teatro, o artigo xornalístico ou o traballo científico, tanto histórico como xeográfico, constitúese o inmenso, case inabarcable mundo literario de don Ramón, ao que hai que engadir a parte máis sobresaínte da súa figura intelectual por ter sido un dos máis grandes oradores da historia de Galicia.



Formouse no galeguismo da man de Antón Losada Diéguez, xunto cun Risco e Cuevillas, formando parte do Ateneo ourensán en 1914, e tamén do Grupo Nós, os intelectuais máis sobranceiros daquel tempo, con todo o que significou este grupo no mundo cultural galego. A Real Academia Galega nomeouno membro de número en 1929. Foi tamén un reputado mestre de vocación, pois accede a cátedra do instituto no ano 1919. Ao mesmo tempo, tamén inicia a súa implicación na vida política galega, empezando en 1918 pola participación na candidatura rexionalista de Lois Porteiro Garea, membro das Irmandades da Fala de Compostela, e, tres anos máis tarde, viaxando a Vigo en abril de 1921 con Vicente Risco e Noguerol para participar na asemblea anual das Irmandades.

Coa chegada da República, Otero e outros galeguistas ven a posibilidade de acadar a autonomía de Galicia, polo que comeza en 1930 a percorrer a provincia de Ourense dando mitins de carácter nacionalista e fundando o Partido Nazonalista Republicán de Ourense, do que foi presidente, defendendo a cooficialidade das linguas e a autonomía de Galicia. Acada entón a acta de deputado, xunto con Castelao e Suárez Picallo e, en decembro de 1931, participa na fundación do Partido Galeguista, de cuxo consello executivo formou parte. Nunca abandonou o Partido Galeguista, aínda que, polo seu profundo catolicismo e pensamento político de corte liberal e conservador, disentiu en ocasións das súas propostas.

Participou moi activamente na campaña do plebiscito do Estatuto de Galicia, compartindo, como todos os galeguistas, a ledicia polo triunfo do 28 de xuño de 1936. Este percorrido político fixo que fose vítima de represión, unha vez sobrevido o levantamento militar, que trunca todas as súas ilusións. No ano 1937, foi destituído e apartado do ensino, ao que non volverá incorporarse ata 1948. En 1950, oposita á Cátedra de Xeografía da Universidade de Santiago, converténdose no primeiro catedrático desta materia na Universidade de Santiago de Compostela.

Entregado a unha actividade intelectual intensa, representou naquel momento a resistencia do galeguismo histórico, levando a cabo os primeiros discursos públicos en galego. Foi o derradeiro presidente do Seminario de Estudos Galegos, participando logo na Fundación do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, no que traballou en infinidade de proxectos e investigacións. Nesa época, colabora con estudantes e mozos inquedos e desexosos de escoitalo cada tarde no Café Español que popularizaron os seus poemas polo Grupo Brais Pinto, entre os que estaban Méndez Ferrín, Bernardino Graña, Bautista Álvarez, Ramón Lorenzo, Raimundo Patiño, Fernández Ferreiro e Herminio Barreiro. Todo iso de acordo co libro *Bocarribeira. Poemas pra ler e queimar*.

Hoxe, a Fundación Otero Pedrayo, ubicada en Trasalba, Amoeiro, vela pola proxección da súa figura e da súa obra, que están presentes na produción editorial, cultural e docente por todo o país. Ramón Otero Pedrayo únenos a todos, é un dos persoeiros máis coñecidos e recoñecidos por todos os galegos e as galegas. Por iso, o pobo galego outorgoulle a súa máxima estima.

Por todo isto, e considerando a transcendencia da súa figura na construción da Galicia moderna, propónse, como recoñecemento e mostra de gratitude do pobo galego, acordar declarar o vindeiro ano 2026 como Ano Oteriano, promovendo actividades de investigación,



difusión e posta en valor da súa vida e obra en colaboración coas institucións culturais, educativas e académicas do país.».

(Apróbase por asentimento.)

O PRESIDENTE: Moita grazas. *(Aplausos prolongados.)*

¡Podedes aplaudir, home! *(O presidente diríxese á tribuna de convidados.)* Hoxe podedes aplaudir. Podémoslos deixar aplaudir hoxe, é un día histórico. Si señor.

Ben, continuamos.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Rubén Lorenzo Gómez e oito deputados/as máis, sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha no que atinxe ao impulso da investigación e do aproveitamento dos recursos mineiros e das materias primas estratéxicas

O PRESIDENTE: Formulouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada Patricia Iglesias Rey, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débese substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que:

- 1. Se aprobe o Plan sectorial de actividades extractivas, ao que obriga a lei de ordenación da minaría de Galicia, no que se teña en conta criterios de sustentabilidade ambiental, económica e o impacto socioeconómico nos territorios afectados polos proxectos mineiros, antes de iniciarse a tramitación dos permisos de exploración, investigación ou explotación.*
- 2. Se actualicen en tempo real no censo mineiro todos os dereitos mineiros de Galicia existentes en Galicia coa clasificación de recurso e seccións previstos na Lei de minas.*
- 3. Se realice un estudo e diagnose dos dereitos mineiros abandonados e inactivos e sen plan de restauración ambiental, aos efectos de declarar de forma expresa pola Autoridade mineira a caducidade dos dereitos polas causas legais previstas na Lei de minas do Estado 1973 (incluídas as causas legais de caducidade previstas nas disposicións transitorias da Lei de minas) e na Lei de Ordenación de minería de Galicia.»*

O PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Lorenzo Gómez.

RUBÉN LORENZO GÓMEZ: Ben, moi bo día a todos e a todas.



Grazas, presidente.

Eu tamén quero saudar os alumnos dese colexio Hijas de Cristo Rey, de Oleiros, que, tamén, supoño que virán acompañados dos seus mestres. Un saúdo moi agradecido e benvidos ao Parlamento, que é a casa de todos.

Señorías, acábo de dicir o presidente: Galicia é unha terra de oportunidades. En Galicia, a minaría non é unha moda nin un capricho. A minaría ten que formar parte da Galicia do futuro, mais tamén é unha tradición, é economía real e é emprego. É parte integral da nosa identidade produtiva e, sobre todo, é unha oportunidade estratéxica que non podemos deixar pasar. Segundo a última estatística mineira de 2023, Galicia representa o 9,5 por cento da produción mineira de España. Somos líderes en pedra natural; somos a cuarta comunidade en valor de produción, con 337 millóns de euros, e a segunda en emprego mineiro, con máis de 3.700 traballadoras directas. Isto non son discursos; isto son feitos.

Todo isto, señorías, é grazas a unha aposta clara da Xunta por unha minaría sustentable e respectuosa co medio ambiente, coas persoas e tamén co noso patrimonio. Así o demostra a Lei de recursos naturais, que garante que calquera proxecto mineiro xere riqueza social e económica no noso territorio. Complementariamente, a Lei 5/2024 recuperou ese Consello da Minería de Galicia e promoveu a figura dos municipios mineiros, dando voz aos concellos nun marco de minaría sustentable. E non quedamos aí. O proxecto de Lei de acompañamento dos orzamentos de 2026, aprobado onte mesmo —por certo, sen o apoio dos grupos da oposición—, regula os plans de inspección de seguridade mineira e seguimento ambiental, que pretenden ordenar e reforzar as tarefas de inspección das explotacións, garantir o cumprimento das declaracións ambientais e elevar os estándares de seguridade no traballo.

Galicia, señorías, está a facer os deberes. A «Galicia calidade» levámola en todo. Levámola ata na terra que pisamos, porque Galicia está sentada enriba dun tesouro. O estudo elaborado pola USC, do que se deu conta o mes pasado no Consello da Xunta, confirma que Galicia alberga 18 dos 34 elementos críticos identificados pola Unión Europea, cun valor económico estimado entre 25.000 e 45.000 millóns de euros. Cinco corredores principais, repartidos por todo o territorio, concentran este potencial: en Santiago-Louro-Lalín, podemos atopar cobre e cobalto; no cabo Ortegal-Moeche, cromo e platino; en Penouta-Forcarei, tantalio, niobio e litio; en San Fins-Santa Comba, volframio e estaño, e en Vigo-Tui-Porriño, terras raras claves para a transición enerxética.

Señorías, Galicia está literalmente sentada enriba dun tesouro estratéxico para Europa, e hai quen pretende que o deixemos soterrado mentres seguimos importando de China o 98 por cento dos minerais que necesitamos. Isto, señorías, non é ecoloxismo; isto é unha autoboiçote que hipotecará o noso futuro. E aquí vén a parte dura e irónica. Porque, mentres Galicia aproba leis, regula inspeccións e fai estudos rigorosos, hai partidos que seguen instalados no discurso do «non»: o «non» á minaría; o «non» á investigación e o «non» á innovación. Señorías, o problema non é que digan «non» —a iso xa estamos afeitos—; o problema é que non propoñen nada. Prefiren vivir nun mundo máxico onde os móbiles, os coches eléctricos e os paneis solares aparecen por arte de maxia sen minerais, sen terras raras e sen cadeas de subministración. ¡Isto si que é ciencia ficción! E a ironía é que os mesmos que se



opoñen á minaría son os que logo fan vídeos en redes sociais cun móbil —iso si— fabricado con litio, cobalto ou tántalo, (*Murmurios.*) pero que é un móbil —é China, efectivamente, señor Golpe— que contén materias que vostedes deberían de ser conscientes de que son extraídas sen ningún tipo de garantías ambientais nin moito menos sociais nos países de orixe. (*Murmurios.*) Iso non é coherencia, señorías; iso é hipocrisía con maiúsculas. (*Aplausos.*)

A nosa iniciativa, por todo o dito, presentámola sustentada en tres piares moi claros: por un lado, recoñecer a importancia das materias primas fundamentais e estratéxicas, para reforzar a autonomía e reducir a dependencia exterior —supoño que isto é algo no que todos estamos de acordo—; continuar coa axenda iniciada este 2025, convocando concursos de dereitos mineiros caducados para impulsar a investigación e o aproveitamento futuro destes recursos, e instar o Goberno de España a que recoñeza explicitamente estas materias primas como recursos de primeira necesidade e de carácter estratéxico dentro da Recapi, porque, neste asunto, señorías, todas as administracións temos que traballar conxuntamente.

E Galicia vai por diante. Porque mentres outros se dedican a repetir o «non», Galicia xa ten proxectos en marcha: a mina da Penouta, en Viana do Bolo; o complexo de litio Alberta entre Pontevedra e Ourense, e a mina de Doade, considerada estratéxica pola Unión Europea. Polo tanto, Galicia non improvisa; Galicia ordena, regula e planifica. Galicia fai o que Europa pide: garantir unha subministración segura e sostible de materias primas críticas. Galicia neste asunto da minaría tamén aplica o sentidíño.

Señorías, negar isto é negar a realidade. Galicia ten recursos, ten un marco normativo estrito e ten tecnoloxía limpa para facelo ben. O que non ten é tempo para perder en discursos que nos condenan á dependencia. É curioso que os independentistas traballen para que sexamos cada vez máis dependentes. Dicía Bernard Shaw que o progreso é imposible sen cambio, e aqueles que non poden cambiar de opinión non poden cambiar nada. Pois ben, hai quen segue ancorado no inmovilismo, incapaz de aceptar que, sen materias primas críticas, non hai futuro. Por iso, dígolles con firmeza que se queren seguir sendo o partido do «non», polo menos teñan a valentía de recoñecer que o seu «non» é un «si» á dependencia de China, é un «si» á vulnerabilidade de Europa, é un «si» á hipocrisía de vivir rodeados de tecnoloxía mentres rexeitan que Galicia poida producir de forma sostible os recursos que esa tecnoloxía necesita.

Señorías, esta iniciativa é apostar polo futuro de Galicia e tamén polo futuro de Europa, é apostar pola soberanía, polo emprego, pola innovación e pola responsabilidade. Invítoos a que apoien e a que, por unha vez, muden ese «non» a todo, por un «si» ao futuro de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Montserrat Prado Cores): Moitas grazas, señor Lorenzo.

O Grupo Mixto non está.

Ten a palabra, polo Grupo Socialista de Galicia, a señora Iglesias.



PATRICIA IGLESIAS REY: Grazas, presidenta.

Bos días a todos e a todas.

Señor Lorenzo, case choro con ese discurso grandilocuente, case choro. ¡O tesouro de Galicia!, que o Partido Popular converte en lixo en moitos dos territorios.

O Grupo Popular preténdenos traer aquí unha iniciativa para presumir de que a política mineira en Galicia é sostible, pero a realidade é contundente, é contundente. Galicia non ten hoxe unha política ordenada, planificada nin segura, e iso é responsabilidade exclusiva do Goberno galego do PP, porque non hai planificación, non hai control medioambiental suficiente, non hai retorno social no territorio e, sobre todo, non hai un modelo que dea confianza ás empresas mineiras sustentables e serias nin ás comarcas afectadas.

Nós, as socialistas de Galicia, temos a firme convicción, e sempre o dixemos, de que todo proxecto industrial, eólico, mineiro que queira implantarse aquí en Galicia ten que cumprir as tres condicións unidas: a sustentabilidade ambiental rigorosa, a sustentabilidade económica —que é moi importante— e a sustentabilidade social, a aceptación do territorio; que participe dende o minuto un na planificación desas explotacións mineiras e dos nosos recursos mineiros. E sempre o dixemos, sen excepción, porque somos coherentes na política. Tres patas da mesma mesa.

Que o Goberno galego é opaco e moi pouco transparente na tramitación das autorizacións mineiras, dos permisos de investigación ou dos permisos de explotación é un feito certo, pero tamén é certo que para as Socialistas de Galicia —e tamén o dixemos moitas veces— hai unha liña vermella que tampouco imos poder pasar, como é inadmitir de plano proxectos mineiros sen unha avaliación. Evidentemente, para nós, o límite negativo e positivo sempre vai estar no cumprimento da legalidade estrita.

É certo que a minaría é estratéxica para Europa —como se recolle no novo Regulamento europeo de materias críticas— para gañar precisamente esa autonomía tecnolóxica fronte a terceiros países e facilitar a transición ecolóxica, así como para preservar os nosos valores e principios democráticos europeos, que están en xogo pola crecente extrema dereita no contexto xeopolítico mundial e o que se está xogando no taboleiro a nivel mundial.

En Galicia, no sector da minaría, ¿como nos colle? Pois, ben, como sempre, co pé cambiado. A máxima do Goberno galego do PP é a improvisación, comezar a facer a casa polo tellado. Non hai planificación de base, non sabemos que dereitos mineiros están caducados, cales non, cales están inactivos, cales non... ¿Por que? Porque non se fan as cousas ben, sempre é a golpe de improvisación. Fálase de que Galicia, realmente, non ten modelo mineiro. A proba é que está sen aprobar un plan sectorial mineiro, que se prevé na Lei de ordenación da minaría de Galicia, de 2008 —unha lei do Goberno bipartito presidido por Emilio Pérez Touriño—. E dígoo porque a Axenda de Impulso da Mineira Sostible de Galicia 2030 non é un plan sectorial eólico, non fai zonificación territorial da explotación dos recursos mineiros en zonas de sensibilidade ambiental aptas e non aptas. E, por tanto, ese instrumento é imprescindible que se aprobe, señor Lorenzo.



Despois, falaba da Lei de recursos de Galicia. A sociedade híbrida de colaboración público-privada que controla a Xunta pola porta de atrás, Recursos de Galicia, coa que privatizaron os nosos recursos naturais: o vento, a auga, as minas... Desconfían do público, señor Lorenzo, desconfían dos empregados públicos que poidan facer ese traballo. Outra proba: o proxecto de lei de medidas —ía dicir que se aprobou onte pero aínda non está no DOG—. ¿Que fan coa inspección mineira? Externalizar organismos de control autorizado, e a inspección mineira é un exercicio de autoridade pública que non se pode externalizar. Evidentemente, pode haber algún tipo de recurso de inconstitucionalidade por ese tipo, porque fan as cousas mal. (*Murmurios*.) Dío o artigo 9.2: non se pode externalizar a inspección. ¿Por que? ¿Porque é un exercicio inherente á autoridade pública, que se ten que exercer polos funcionarios públicos!, e externalizan a empresas privadas.

Temos moitos exemplos de xigantes con pés de barro. ¿Como non imos desconfiar do Goberno galego? ¡Fala do tesouro de Galicia! Voulle poñer exemplos: a mina de cobre do Pino-Touro —San Rafael, agora, o novo proxecto—. O 31 de marzo de 2025 a Fiscalía notificou a imposición de penas de dous anos de cárcere e inhabilitación especial para o exercicio de calquera actividade mineira na mina aos propietarios da mina de Touro e O Pino. A solicitude de Fiscalía é para Explotacións Galegas, que é propietario do 80 por cento dos terreos onde se localiza a mina de cobre San Rafael, ese novo proxecto que se pretende reabrir e que foi declarado PIE polo Consello da Xunta. Literalmente, ¿que di a Fiscalía?: «Non tomaron ningunha medida correcta polos altos contidos en metais pesados extremadamente contaminantes e con risco certo para a saúde das persoas». Houbo unha apertura de xuízo oral por un delito medioambiental agravado con perigo certo para a saúde das persoas, señor Lorenzo: mina de cobre de San Rafael no Pino-Touro.

Segundo, hai que ter callo para falar da mina de coltán de Penouta, en Ourense. Hai que ter callo, eh, pero falou vostede. Tamén fallaron de maneira escandalosa ao deber de sixilo no Goberno galego, tanto para conceder o permiso de explotación cando xa se coñecían os perigos de contaminación, como para outorgar a esta mina unha declaración de impacto ambiental positiva. As cuadrículas mineiras de explotación estendíanse á cota cero da Rede Natura, já cota cero da Rede Natura! E o máis grave, de novo: as análises físico-químicas efectuadas pola Confederación Miño-Sil —non por Augas de Galicia, pois era competencia da Confederación— alertaban do perigo grave para a saúde pública. E, ¿que temos? Abríronse dilixencias penais por delito medioambiental agravado contra a mina de Penouta. Segundo caso, segundo caso. E, mentres, ¿que fixo o Goberno galego? Tirar balóns fóra, e deixar 120 familias en Penouta sen traballo, sen traballo, señor Lorenzo.

Podemos seguir con estes xigantes con pés de barro: San Fins, Corcoesto... Coñecendo todos os antecedentes, ¿como imos confiar no Goberno galego e en que van facer as cousas ben? Evidentemente, o modelo mineiro do PP é extractivo para o territorio e regresivo para o rural. E isto é clave: as comarcas que soportan impactos mineiros non están recibindo ningún tipo de impacto positivo; nin ingresos, nin infraestruturas, nin proxectos de futuro, nin traballo equivalente a todos os recursos mineiros que se están explotando. O rural galego está canso de que lle pidan sacrificios e nunca chegue o retorno, canso de que os beneficios queden lonxe e os riscos queden na casa.



Un modelo mineiro ordenado pedimos nós, e por iso presentamos a nosa emenda. Pedimos unha planificación seria; que aproben dunha vez o Plan sectorial mineiro que se prevé na Lei de ordenación da minaría de Galicia de 2008, que está sen aprobar; un control ambiental efectivo; o retorno territorial obrigatorio; unha participación cidadá real, desde a planificación ata o permiso de investigación, e o remate do permiso de explotación do recurso mineiro.

E nós temos unha alternativa, claro que si. Cremos na minaría pero con garantías. O PSdeG defende unha minaría sostible, compatible coa legalidade europea, coa saúde pública e co equilibrio territorial, e propoñemos que se aprobe xa un plan sectorial mineiro e que haxa garantías financeiras reais e fianzas suficientes. ¿Por que? Porque veñen júniors mineiras, fondos de especulación que son cascarón e que non teñen realmente solvencia económica para especular cos nosos recursos mineiros, e temos moitos exemplos aquí en Galicia. Pedimos un retorno territorial garantido con fondos comarcais, emprego local e participación municipal obligatoria.

Por tanto, estamos contra un mal modelo mineiro —que é o que ten hoxe a Xunta de Galicia—, contra un modelo onde se sacrifican territorios sen garantir beneficios, nin seguridade, nin respecto medioambiental. Por iso emendamos a proposición do PP, e, sobre todo, para poñer o foco na competencia da Xunta. ¿Quen autoriza os permisos de investigación?, ¿quen autoriza os permisos de explotación das minas? A Xunta de Galicia; a Dirección Xeral de Recursos Mineiros, que depende da Consellería de Economía e Industria. Deixemos de ser cómplices, que o 80 por cento das iniciativas que se aproban neste Parlamento se dirixen ao Goberno de España. ¿Iso é respectar este Parlamento?

A PRESIDENTA (María Montserrat Prado Cores): Ten que rematar, señora Iglesias.

PATRICIA IGLESIAS REY: Nós defendemos, en definitiva, unha minaría con futuro; non unha minaría que estrague o noso futuro.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Montserrat Prado Cores): Moitas grazas, señora Iglesias.

Quenda agora do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra o señor Golpe Acuña.

JOSÉ MANUEL GOLPE ACUÑA: Grazas, presidenta.

Bo día, señorías.

Acabamos de escoitar posiblemente unha das frases máis elocuentes do que levamos de período de sesións, e vouna citar porque creo que merece a pena que sexa repetida: «Galicia está sentada enriba dun tesouro». Si, si, concordamos. Galiza está sentada enriba dun tesouro e o Partido Popular quere venderlle esa cadeira ás súas empresas amigas; branco e en botella, señorías. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Por certo, señor Lorenzo, voulle dar un pequeno consello. Vostede remataba a súa intervención falando da submisión a China... Non



o poña nun tuit, non vaia ser que o teña que retirar horas despois. (*Risos.*) (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

Bueno, imos ao asunto entón. ¿Que pretenden con esta iniciativa, señor Lorenzo?, ¿a que vén hoxe traer esta iniciativa, que, basicamente, non di nada? Seguir facendo, seguir facendo. Eu entendo que é a posta de longo, esa escenificación para dar a coñecer ese informe da USC que dicía vostede e que, por certo, pedimos a través do artigo 9 e aínda non nos facilitaron, pero que os medios de comunicación xa teñen, ¿non? Falaremos máis adiante dese informe da USC, pero, no sentido práctico, do que se trata é de que Galiza entre no club das economías que fornecen ao prezo que sexa estes materiais por unha relocalización produtiva que ten máis que ver coa industria militar e coa maquinaria de guerra que co benestar da cidadanía, aínda que para iso teñamos que destruír o Xeoparque de Ortegal ou a serra do Galiñeiro —por certo, recentemente declarada espazo de interese local—.

Se falamos en serio de materias primas fundamentais, o mínimo sería definir unha política mineira de país: o que queremos explotar, onde queremos explotalo, con que límites ambientais e sociais, con que participación pública —isto a vostedes chirríalles moito— e con que retorno económico para o país. O que fai o Partido Popular nesta PNL é o mesmo que vén facendo nas sucesivas leis de acompañamento: modificar a Lei da minaría para abrir portas e dicirlles ás empresas: vós ide facendo, que despois xa iremos amañando a lei segundo conveña. Propoñen convocar recursos mineiros sen ter previamente definidos criterios claros, transparentes e vinculantes, e isto é regalar á industria mineira a xestión dos recursos do país. Isto non é política pública; isto é converter Galiza nun territorio *low cost*.

E isto non é algo puntual. Abonda con mirar o que levan facendo na política enerxética ou na política mineira —xa fixo a señoría do Partido Socialista un repaso polos fracasos mineiros do país—, pero no sector eólico non quedamos atrás. O resultado de aplicar ese método de tramitar a todo custo proxectos sen xeito nin traza é a intervención xudicial. Interven en os xuíces anulando autorizacións, suspendendo proxectos, corrixindo unha vez e outra a Xunta por non respectar a súa propia normativa, por vulnerar a lexislación ambiental. Esa é a orixe da parálise xudicial que hoxe vive o sector eólico. Non é culpa das manifestacións, non é culpa das faixas; é culpa dunha maneira de gobernar baseada na improvisación, na falta de planificación e na convivencia coa presión empresarial.

E o que fai hoxe o Partido Popular coa minaría é repetir exactamente o mesmo erro. Voltan de novo á vella táctica de facilitar prórrogas, flexibilizar procedementos e tocar a lei pola porta de atrás. E saca peito o señor Lorenzo do que fixeron onte neste mesmo Parlamento: botar man de novo dese subterfuxio da Lei de acompañamento para modificar a Lei da minaría. Agora, o Partido Popular, con esa modificación, abre a porta, por exemplo, a que se sigan explotando recursos mineiros mentres se tramita unha prórroga ou unha nova concesión. Isto significa na práctica permitir que continúen os traballos cuxas consecuencias ambientais e sociais van ser avaliadas de novo. Nunha actividade como a minaría, con todo o impacto que ten, a avaliación ambiental non pode ser un trámite decorativo que se esquivia prorrogando dereitos; ten que ser unha condición para seguir explotando o recurso.



E non é só isto. Cada cambio que introducen na Lei da minaría a través da Lei de acompañamento non aporta seguridade xurídica; achega discrecionalidade, achega incerteza, incluso tamén para os que queren investir, incluso tamén para os promotores. Hoxe modifican a inspección mineira —como acaban de citar aquí mesmo—, mañá modifícanse as prórrogas, e sempre sen unha visión de conxunto e sen unha planificación no medio e no longo prazo. En vez dun país planificado, temos unha Galiza *low cost*, un territorio de saldo onde a norma se retorce segundo o proxecto, acadando sempre o mesmo resultado: conflitos sociais, recursos nos tribunais, anos de bloqueo e ningunha política pública seria nin para o clima, nin para a industria, nin para o rural —por certo, rural necesitado de territorio—.

A maiores, o cinismo do Partido Popular chega ao punto de presumir na súa iniciativa da Axenda de Impulso da Minaría Sostible de Galiza 2030, un documento cheo de intencións, pero sen resultados na práctica, porque non hai Plan sectorial de actividades extractivas; non hai mapa vinculante de zonas compatibles nin de zonas excluídas, tal e como exige a propia lei. A súa axenda converteuse nunha coartada propagandística, mentres as decisións de verdade se toman vía Lei de acompañamento, sen que de verdade creen a planificación mineira 2030. ¡Cumpran a Lei da minaría! Mentres non fagan iso, falar de minaría sostible e só márketing institucional.

E para botar máis leña ao lume, temos que falar de Recursos de Galicia, temos que falar do que está facendo a Xunta a través desta empresa, Recursos de Galicia. Por unha banda, a Xunta é a administración que ten que autorizar ou denegar proxectos mineiros, como o da mina de Doade, en Ourense, ¿non? É quen ten que garantir o interese xeral. Pero, por outra banda, a propia Xunta está presente no capital social de Recursos de Galicia —cunha terceira parte deste, que é moi significativo—, e Recursos de Galicia agora entra no capital social —cun 10 por cento— da promotora da mina de Doade. É dicir, vostedes collen os cartos públicos —os cartos todas as galegas e os galegos— para converterse en socios minoritarios (*Murmuros.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) dunha mineira privada. Son vostedes os mesmos, teñen que dar autorización a todos os que queren tirar beneficio: xuíces e parte, señorías. Por certo, Recursos de Galicia naceu para socializar os beneficios dos proxectos enerxéticos e mineiros do país, e agora (*Risos.*) dedícase a mercar chatarra eólica, (*Aplausos.*) mentres se presentan como un gran planificador da transición enerxética.

Galiza necesita unha política mineira propia, asentada na planificación, na participación social, na defensa do territorio e na soberanía dos seus recursos —na soberanía real, non na que acaba de citar vostede aquí—. E dean sentido a esas palabras, a iso das nosas vellas reivindicacións de pechar ciclos produtivos. E, para que vexan que non é un mantra do BNG isto de pechar ciclos produtivos, voulles ler un parágrafo dese informe da USC, aínda que non é un informe da USC. Vostedes dixeron que era un informe que estaba avalado pola USC, pero quen asina ese informe é un traballador de Cobre San Rafael, que é o delegado do Colexio de Xeólogos —que non hai Colexio de Xeólogos no país, ¿non?—. Pois nun dos últimos parágrafos, nas conclusións, di este informe, e voullo ler textualmente en idioma cervantino: «*Es muy importante incidir en la implementación de procesos de refino que permitan obtener el producto final en Galicia para poder ponerlo en disposición de la industria de nuestra comunidad y crear proyectos tractores que dinamicen industrialmente comarcas*». Ata este Colexio de Xeólogos foráneo nos dá a razón.



Miren, no BNG non imos aceptar que Galiza sexa o territorio de saldo de ninguén; non imos aceptar que nos releguen a ser unha terra de sacrificio mentres o valor engadido e as decisións marchan fóra do país. Queremos unha Galiza que decida, que aposte por pechar ciclos industriais e non só pola extracción. Vostedes sigan coa súa Galiza *low cost*, e nós seguiremos pulando por unha Galiza con futuro e dignidade.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Turno de peche para o autor da proposición, o señor Lorenzo.

RUBÉN LORENZO GÓMEZ: Grazas, presidenta.

Señora Iglesias, ¿sabe o que é para chorar?, ¿sabe o que é para chorar? O que estamos vendo no seu partido estes días. (*Aplausos.*) Iso si que é para chorar. E, ¿tamén sabe o que é para chorar?, ¿sabe o que é para chorar tamén? O que é para chorar é o uso que se fixo por parte do seu partido da empresa do uranio, Enusa. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Vostede pode comprobar perfectamente o uso torticero que se fixo, e que dá... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Non, non, demagogia non, jé a realidade! Consulte a prensa, (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) consulta a hemeroteca, de demagogia nada; jin-for-mación! O que pasa é que vostedes viven na súa burbulla, no seu mundo paralelo, no seu mundo sanchista, e contra todo o que pasa fóra parece que están inmunizados. Eu non sei que lle pasa aos socialistas galegos, porque están inmunizados á realidade e á verdade. Polo tanto, de demagogia aquí non me fale, (*A deputada Patricia Iglesias Rey pronuncia palabras que non se perciben.*) porque vostede tamén trae unhas cantas doses. Aínda lle quedou unha pouca por aquí, (*O deputado Rubén Lorenzo Gómez sinala o atril.*) por certo. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Mire, esas condicións que vostede pon, señora Iglesias, esas tres condicións que vostede relata unha e outra vez cada vez que sae aquí —porque o seu discurso é repetitivo, eh, xa é un pouco cansino, por certo— están recollidas na Lei de medidas, en contra da cal votaron vostedes e que tivo que aprobar este grupo, afortunadamente, porque contamos coa maioría e coa confianza que depositaron en nós os galegos e as galegas. Vostedes non apoiaron esas iniciativas, vostedes gabábanse e dicían unha e outra vez —tanto os nacionalistas como vostedes— que calquera proxecto que viñese a Galicia tiña que repercutir no territorio. O Goberno de Alfonso Rueda fixo unha lei na que se recollía que todo proxecto que viñese tiña que deixar beneficios no territorio, e vostedes votaron en contra. Iso vains perseguir sempre. (*Aplausos.*) ¿Sabe cal é o problema, señora Iglesias? O problema é que o que mal anda mal pensa. E quizais vostedes cren que nós somos coma vostedes, que nós lexislamos para beneficiarnos a nós mesmos e aos nosos amiguets, e diso ten a exclusiva o Partido Socialista neste país.

Vostede falou aquí de varios proxectos e achacoulle á Xunta que se fixesen mal as cousas. Dígame vostede: ¿que se fixo mal en Corcoesto?, ¿que se fixo mal en Corcoesto? Ten oportunidade para dicilo aquí nalgunha intervención que vai haber. Dígame vostede que é o que se fixo mal en Corcoesto. En Corcoesto había un proxecto, pero non cumpriu e non se apro-



bou; o mesmo que se vai facer con todos os proxectos que están enriba da mesa nestes momentos, señora Iglesias.

Señor Golpe, ¿sabe o que pasa? Que o seu discurso do espolio e da depredación xa está moi caduco. Eu creo que xa está moi caduco ese discurso. Pódelles funcionar para xuntar uns miles de persoas e mobilizar algunha xente, que cada vez, por certo, xa son menos, porque cada vez a xente está un pouquiño máis farta das mobilizacións que convocan vostedes, e non me estraña, porque o ritmo que levan é maratoniano.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señor Lorenzo.

RUBÉN LORENZO GÓMEZ; Si, vou rematando.

Eu creo que, chegados a este punto do debate, vostede xa deixou claras dúas cousas: primeiro, que non saben o meu apelido —son Lorenzo, non Lourenzo, para empezar—, que Galicia ten por diante unha oportunidade histórica e que esta Cámara debe decidir se quere ser parte da solución ou parte do problema. Escoitándoos a vostedes, co seu inmovilismo e a súa crítica obcecada, vemos que prefiren formar parte do problema, está claro. Nós pedimos unha folla de ruta concreta que abre a porta da autonomía estratéxica, a porta da investigación e a innovación e a porta da responsabilidade compartida. E, señorías, pénseno, teñen tempo antes da votación: apoiar esta iniciativa é apostar por Galicia, por un futuro con emprego, innovación e soberanía, iso que tanto piden os do BNG. Negarse é renunciar, é aceptar a dependencia doutros e hipotecar o noso mañá. Nós ofrecemos responsabilidade e progreso...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

RUBÉN LORENZO GÓMEZ: ...o resto, o seu, é inmovilismo e é negacionismo dun futuro próspero para Galicia.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): ¿Sobre a emenda?

RUBÉN LORENZO GÓMEZ: Si, sobre a emenda, señora presidenta, quero dicirlle á señora Iglesias que volve traer aquí como emenda unha iniciativa que xa se debateu nesta Cámara, e nós xa xustificamos o noso posicionamento e votamos en consecuencia.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Antes de continuar coa orde do día, saúdo o segundo grupo de alumnos e alumnas de 2º da ESO do Colexio Hijas de Cristo Rei, de Oleiros. Benvidos ao Parlamento.

Continuamos coa seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa das deputadas Noa Olalla Presas Bergantiños e Olalla Rodil Fernández, sobre as accións que debe impulsar



o Goberno galego en relación cos compromisos adquiridos polo presidente da Xunta de Galicia verbo dos centros móbiles de información á muller (CIM)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): A esta proposición non se presentaron emendas, e para a súa defensa ten a palabra a señora Presas.

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidenta.

Bo día a todas e a todos.

Non cansaremos de dicilo: contra a violencia machista son necesarios máis recursos e máis servizos públicos. Galiza ten hoxe importantes ferramentas de loita contra a violencia machista, si, e iso é un orgullo e unha conquista do feminismo, pero para que funcionen esas ferramentas hai que consolidalas, hai que revisalas, hai que melloralas e hai que reforzalas. Insistimos desde o BNG en que para avanzar en igualdade as mulleres non precisamos nin carroñerismo, nin desculpas, nin tampouco propaganda; o que precisamos é mellorar os recursos que temos. E iso é o que pretende o BNG con esta iniciativa: reforzar un dos máis importantes desde o punto de vista estratéxico, que son os centros de información á muller; centros que son fundamentais, primeiro, porque xa existe no territorio unha importante rede desde hai tempo, e iso dá unha enorme experiencia sobre como actuar; e, segundo, porque, nun país como o noso, que ten o 62 por cento do seu territorio habitado —que é cinco veces máis que a media do Estado e que, polo tanto, supón unha enorme dispersión—, pois é clave afondar na equidade territorial e na accesibilidade dos recursos para que os dereitos que poñemos nas leis poidan estar realmente no día a día das nosas veciñas. É un enorme reto e unha enorme responsabilidade.

E quero recordar que existe un estudo xa do municipalismo galego, da Fegamp, que representa a pluralidade dos concellos, que xa advirte da falta de equidade territorial no acceso a estes servizos, moi especialmente no interior de Lugo e de Ourense, nas zonas máis rurais, que advirte tamén de que máis dun terzo das mulleres galegas non teñen posibilidade de acceder a estes servizos e de que hai un 77 por cento dos concellos que non dispoñen dun servizo específico de igualdade; uns concellos, por certo, absolutamente infrafinanciados e sobrecargados de competencias por parte da Xunta.

Quero recordar, polo tanto, que é evidente que a obxectividade nos di que queda moito por facer e tamén que os CIM teñen unha enorme lista de competencias enfocadas a unha intervención que teoricamente ten que ser global e integral dirixida ás mulleres. Teñen que facer asesoramento xurídico, atención psicolóxica, orientación profesional e sociolaboral, calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade efectiva entre homes e mulleres e teñen que facer actividades de prevención, información, asesoramento e loita en xeral contra a violencia machista. Nos casos de violencia machista —que, ademais, deben ser, como non, prioritarios e afectan tamén non só as mulleres que a sofren, senón tamén os menores, quero recordar, e aí tamén se poderían incluír persoas dependentes destas mulleres—, teñen unha parte importantísima do seu traballo; e tamén lles corresponde facer a atención a mulleres en especial situación de vulnerabilidade ou exclusión social. No ano 2016, contra o criterio dos colectivos, contra o criterio das e dos profesionais, a Xunta decidiu



sobrecargar aínda máis estes CIM, atribuíndolles, coa estratexia da dereita de xuntar loitas, o asesoramento ao colectivo LGBTI.

Hai que preguntarse como se fai isto de atender as máis de dezaseis funcións concretas que establece a lei para estes CIM. Pois a realidade é que se fai con sobrecarga de traballo, cuns cadros de persoal que non sempre son os suficientes, porque non hai capacidade desde os concellos de financiamento —e iso implica que non sempre hai contratacións a tempo completo—, e, ademais, que co marco actual de financiamento non se pode afondar nunha demanda esencial das propias traballadoras destes centros, que é a de ampliar as categorías profesionais para así, polo menos, poder dar un tratamento máis completo.

Isto significa que cando falas cunha traballadora ou cun traballador dun CIM, o que che din é que atenden o urxente e que van quedando moitas outras cousas importantes nun segundo plano, porque non hai capacidade para levalo; por exemplo, todo o que ten que ver coa prevención e coa intervención socioeducativa da propia sociedade, ou, por exemplo, a colaboración cos centros de ensino, como o que hoxe nos acompaña. Para recordar tamén, hai pouco coñecemos un informe do Consello de Contas que vai nesta mesma liña e que nos di que a Xunta só fai un 3 por cento de actividades de formación, que só o 3 por cento do recurso económico da Xunta de violencia machista vai para a prevención. Na mesma liña vemos como hai aquí un problema.

Quero recordar que o financiamento da Xunta está estancado, e iso é un problema; é un problema. E o Partido Popular suspende en materia de colaboración cos concellos e cos CIM; da mesma maneira que cos SAF e con outros servizos o que busca é cada vez máis eludir as súas responsabilidades e que as cumpran outros e outras. Quero recordar que onte mesmo vivimos neste Parlamento como o Partido Popular recortou 1,2 millóns de euros o Programa de atención a vítimas de violencia machista. Isto vai ter consecuencias; consecuencias tamén para os CIM e para as entidades locais, que van ter menos apoio.

Vemos tamén como son incumpridas as promesas que nos fixeron respecto dos CIM recentemente ou como son reconvertidas en novas estratexias de privatización. Quero recordar, primeiro, como en novembro do ano pasado o Goberno galego nos prometía un gran plan integral de actuación para a renovación e o impulso dos centros de información á muller, (*A deputada Noa Olalla Presas Bergantiños mostra un documento cunha imaxe.*) dotado con 6,5 millóns de euros. O BNG leva un ano e pico preguntando por este plan e pedindo unha copia deste plan. Respostas, vaguidades... (*A deputada Noa Olalla Presas Bergantiños mostra un documento.*) A última resposta da Xunta é que seguían elaborando a diagnose; é dicir, un plan que tiña que desenvolverse en 2025, pero acaba 2025 e ninguén sabe onde está o plan, non hai execución económica deste plan e non coñecemos os galegos e galegas a diagnose dun plan que, desde logo, deberíamos ter enriba da mesa. É dicir, publicidade e propaganda. Nin sequera a señora conselleira puido no pleno do 25 de novembro contestarnos a unha soa das preguntas que fixemos sobre os CIM, porque preferiu dedicarse a outras cousas. En fin, unha vergonza.

E, en segundo lugar, quero recordar que tamén outro dos grandes anuncios e promesas no que vai de lexislatura, da campaña electoral e do discurso de toma de posesión do señor



Rueda foi prometermos unha serie de CIM móbiles; unha serie de CIM móbiles que xa prometía a extinta anterior conselleira, a que fixeron dimitir. Desde o BNG estivemos atentas e atentos. Onte acusábanos no debate de ser pitonisas, de facer mal agoiro... É que non é mal agoiro, é que é realmente coñecer o Partido Popular, cando advertiamos da nosa preocupación por se ían privatizar tamén ese recurso. Ben, pois pasados os meses, vemos como, efectivamente, era así. No mes de agosto saíu unha licitación que, sorprendentemente, non está adxudicada e formalizada a 13 días de que remate este ano, e a realidade é que os CIM non saben que tipo de coordinación e de funcionamento vai haber con estes CIM móbiles, non o saben os concellos galegos e non o sabe ninguén neste país. Desde logo, vemos isto con moita preocupación, porque, de haber un novo recurso móbil dos CIM, entendemos que, primeiro, tería que ser de xestión pública e directa, da mesma maneira que o é o resto do aparato co que se ten que coordinar esa nova ferramenta, por así dicilo. Por certo, abro paréntese para recordar que se o Partido Popular non se cargase os recursos que existían na época do Bipartito, non tería que facer, quince anos despois, ou dezaioito anos despois, este novo invento. Pero, en todo caso, vemos como isto non pinta nada ben.

Hoxe traemos unha iniciativa ben clara e concisa, porque o que necesitan os CIM é reforzar o seu financiamento e aproveitar esta cuestión que vén agora e que está enriba da mesa para revisar a organización, para revisar as necesidades e para comprometer un novo marco de financiamento que permita contratar máis persoas a xornada completa e dar un servizo que non teña esperas, ademais de seguir ampliándoo ao longo do territorio para cubrir as carencias que temos.

Polo tanto, sinteticamente, en primeiro lugar, propoñemos transparencia e organización, que se dea conta dos informes que avalan este novo recurso, de como vai funcionar e de que pautas de funcionamento vai ter. En segundo lugar, xestión pública e directa, que é elemental. Xa que non foron capaces aínda de facer esta adxudicación, pois é o momento de rectificala. E, en terceiro lugar, insistimos: mellorar o orzamento dos CIM e colaborar coa Fegamp e cos axentes implicados para un novo marco de financiamento.

En conclusión, insisto, son os feitos e non as boas palabras o que nos fai avanzar. Sei que ao grupo de goberno non lle gusta que desde o BNG recordemos o mandato do feminismo galego, pero nós volvémoslo facer: menos discursos e máis recursos. Moita demagogia vimos nas últimas horas neste pleno. Agora imos ao momento da verdade, a demostrar cando hai que votar e decidir se ampliar os recursos e avanzar en dereitos; se o imos facer ou non. Agardo que o feito de que non haxa emendas presentadas a esta iniciativa signifique que vai haber, por fin, un novo consenso en materia de igualdade neste Parlamento e contra a violencia machista que faga rectificar o Partido Popular e que nos faga avanzar.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

O señor Ojea renuncia ao seu turno de intervención.

Ten, entón, a palabra a voceira do Grupo Parlamentario Socialista, a señora Castro.



PALOMA CASTRO REY: Grazas, presidenta.

Bo día a todos e a todas.

Hoxe quería iniciar a miña intervención cunha noticia que escoitei na radio, cando me levantei hoxe, e que a verdade é que é moi triste para a nosa democracia e é moi triste para nós, as mulleres, porque hoxe se fará efectiva unha das primeiras medidas dese pacto, do novo pacto de investidura da Generalitat Valenciana nas Corts, que implica que se eliminará no Parlamento valenciano a Comisión de Igualdade e que, a maiores, se suprimirá a obriga da linguaxe inclusiva.

Creo que non é necesario ningún tipo de valoración persoal sobre estes feitos, senón que xa falan por si mesmos e evidencian a consecuencia que teñen os gobernos de dereitas e de ultradereitas para os dereitos das mulleres.

Podería seguir falando disto, pero, como teño a garganta medio tocada, non sei se poderei falar os 10 minutos desta iniciativa. Vou apresurarme e posicionarme en relación con ela antes de que poida pegarme a tose. Imos apoiar esta iniciativa dende o Grupo Socialista, xa o fixemos noutras ocasións, porque son reivindicacións que tamén mantivemos nós durante anos e que defendemos durante todo este tempo. Cremos que a Xunta chega tarde, moi tarde; iso se chega tamén, porque a posta en marcha destes CIM móbiles dos que fala a iniciativa leva anunciada, como mínimo, dous anos. A primeira vez que a escoitei foi na boca da anterior conselleira de Igualdade, da señora Rivo. Aínda estamos hoxe esperando. Non podemos aceptar a evidencia dunha mala xestión e que, tras máis dunha década de creación dos CIM, non exista unha rede que cubra todo o territorio. Demostra unha mala xestión e unha falla de planificación e de vontade política —como dicía— que provoca que o acceso a determinados dereitos das mulleres dependa, ao final, do código postal, e isto non se pode tolerar. Como xa se fixo referencia na iniciativa, este estudo da Fegamp evidénciao con números, con cifras. Di que o 26 por cento dos concellos de Galicia non dispoñen de ningunha atención, de ningún centro de información á muller. E non falamos de calquera territorio, senón que estamos a falar sobre todo de concellos rurais dispersos, mal comunicados e cunha poboación envellecida, onde as mulleres sofren unha dobre —ou incluso ás veces tripla— discriminación por razón de xénero, de territorio e de idade. Isto evidencia unha clara desigualdade estrutural no acceso aos dereitos e supón unha vulneración do principio de igualdade de oportunidades tamén. Ademais, creo que é necesario vincular este non acceso a estes dereitos, esta falla de dereitos, co resultado da última enquisa sobre a percepción da violencia de xénero no rural da asociación Fademur, que di que seis de cada dez mulleres entrevistadas no rural coñece directamente algún caso de violencia de xénero, pero que tan só no 45 por cento deles existe denuncia; ou que o 74 por cento das participantes considera que no rural non existe suficiente información; ou que o 76,77 por cento cre que nos municipios máis pequenos as mulleres non están igual de protexidas que en contornas máis urbanas.

Os datos, ao final, evidencian o resultado desta enquisa tamén, porque, ao final, dende o ano 2020, das dezaseis mulleres asasinadas en Galicia, dez vivían en municipios de menos de 20.000 habitantes, o que é o 62,5 por cento. Tendo en conta a diferenza poboacional en



relación coas grandes urbes, é un dato esclarecedor. Por iso cremos que é tan importante un recurso como o CIM, e que este recurso chegue a todos os territorios, porque os CIM non son oficinas administrativas —ou, polo menos non deberían selo, ¿non?—, non son oficinas para a entrega de axudas ou asesoramento puntual, senón que terían que ser espazos vivos, transformadores e próximos ás mulleres, que dean resposta aos múltiples tipos de violencia e de desigualdades que estas sofren ao longo da súa vida; instrumentos reais de protección para unhas mulleres dentro do seu ámbito de cobertura, ofrecendo atención psicolóxica, xurídica, social, especializada, continuada e de calidade, cousa que agora non están a facer polo colapso que sofren algúns deles. E non só iso, senón que tamén deberían desenvolverse neles actividades formativas, de acompañamento colectivo, incluso para fortalecer a autonomía das mulleres e crear rede naqueles lugares onde se atopan para loitar contra ese machismo estrutural.

Ao final, isto é a teoría, é o que debería ser, porque en Galicia a realidade móstranos que non é. A realidade é ben distinta. Durante todos estes anos non existe ningunha rede de cobertura en todo o territorio, nin os recursos humanos e materiais son suficientes para atender as necesidades reais das mulleres, nin se garante unha atención especializada e continua. E, ademais, os CIM foron concibidos como un caixón de xastre, ¿non?, porque tamén se meteron neles as actuacións relativas á protección dos dereitos do colectivo LGTB, diluíndo así tanto as especificidades dunha situación como das outras. Nós así o entendemos. Eu, cando fun concelleira en Pontevedra, creei un centro especializado chamado Cides para a atención á diversidade que creo que non restaba dereitos a ninguén, senón que ofrecía unha atención máis especializada, máis eficaz e máis respectuosa coas realidades específicas do colectivo, e creo que iso é o que se debería facer.

Por iso, nós insistimos novamente na necesidade de mudar a normativa. O presidente Rueda no seu discurso do debate do estado da Autonomía falaba deses CIM móbiles —era a segunda vez que o escoitaba eu, e a terceira foi á conselleira hai uns meses—, pero falaba así como de algo abstracto, como dunha medida... —foi, ademais, a única medida en materia de igualdade que nomeou—, e non explicaba nin criterios de implantación, nin definía os equipos profesionais que os formarían, nin aclaraba tampouco o modelo de xestión, que xa o imaxinabamos, pero, ao final, si que se fixo efectivo este verán. E tampouco dicía se había un estudo previo que establecese as necesidades reais en cada un dos territorios. ¿Que evidenciaba con isto? A máis absoluta falta de seriedade e de prioridade política.

Nós levamos meses agardando. Isto quedou en anuncios, e agora hai algún coñecemento de que algo se avanzou, pero na realidade e na práctica non sabemos absolutamente nada, nin sabemos cando van empezar a funcionar. Como dicía antes, seguimos insistindo na necesidade de modificar ese decreto do ano 2016 que regula os CIM, porque cremos que unha década despois é o período idóneo para detectar as eivas, corrixilas e tamén adaptar esta normativa á realidade actual; en primeiro lugar, coa inclusión do axente de igualdade de forma obrigatoria —onte vimos no Consello de Ministros como se aprobou ese anteproxecto de lei que si ía regular o exercicio da profesión de axente de igualdade, que cremos que é unha presenza clave para garantir unha atención integral e para impulsar políticas activas de igualdade no ámbito municipal—. En segundo lugar, para regular os criterios obxectivos e as necesidades cuantitativas e cualitativas de cada un dos territorios, segundo



a demanda tamén de mulleres de cada un deles. En terceiro lugar, para exixir unha maior formación en igualdade do persoal que leve a cabo as funcións neles. E, por último, para establecer que ningunha muller teña que desprazarse máis de quince quilómetros para ter este dereito.

Agardamos que se avance nesta liña. Como dicía ao inicio, imos apoiar esta iniciativa porque cremos que a realidade nos mostra que cada vez máis os recursos de protección e de asistencia ás mulleres son —como dicía— máis necesarios e que hai que reforzalos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para a quenda do Grupo Parlamentario Popular, a señora Arias.

RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Bos días, señorías.

Pois claro que si, señora Presas, na Xunta e no Partido Popular sabemos da importancia dos 84 CIM que hai nos 200 concellos de Galicia —se non están nos 200 concellos, si que atenden os 200 concellos de Galicia e a case 18.000 mulleres cada ano—. Por iso —a pesar de ser un recurso municipal—, cada ano increméntase o orzamento para o seu funcionamento. En concreto, neste ano que estamos, neste ano 2025, só para gastos de persoal, o incremento foi do 13,6 por cento, ata os cinco millóns de euros, ademais das axudas para o funcionamento e melloras de locais, e tamén está ese plan de choque que levará importantes melloras en todos os aspectos e que se está facendo tamén en colaboración coas traballadoras e traballadores dos CIM.

E por ese compromiso, porque sabemos que os CIM xogan un papel fundamental na promoción da igualdade e na prevención e loita contra a violencia de xénero, tamén polo acompañamento ás mulleres vítimas e ás persoas LGTBI, é polo que están a piques de empezar a funcionar catro CIM móbiles —estes si da Xunta de Galicia—, en cumprimento do noso programa electoral, porque nós dicimos e facemos, señora Presas.

Pero para chegar aos municipios vai ser para o que están estes CIM, para chegar precisamente a esas zonas máis illadas que neste momento non teñen este recurso, para poder atender as mulleres do rural e tamén os sete campus universitarios. Os CIM móbiles estarán coordinados cos CIM físicos xa existentes, así como cos centros de crise 24 horas.

No tocante á regulación e ás pautas de funcionamento, os CIM móbiles estarán rexidos pola mesma normativa que os fixos, que dependen das entidades locais. E con carácter previo á súa posta en funcionamento —señora Presas, tranquila—, aprobarase unha carta de servizos, así como un protocolo de funcionamento e coordinación con outros servizos de atención ás vítimas de violencia de xénero. Todo iso co obxectivo de buscar unha atención integral ás vítimas de violencia sexual e de violencia de xénero.



Señora Presas, dende o Partido Popular temos absolutamente claro o noso compromiso inequívoco coa igualdade, que se plasma en recursos e que se plasma en medidas lexislativas, e unha vez máis deixamos dito alto e claro que nós cremos e practicamos a tolerancia cero coa violencia de xénero e o apoio a todas as vítimas, absolutamente a todas as vítimas. (*Aplausos.*) Pero, señorías, señora Presas, a pregunta é: ¿cal é o compromiso real coa igualdade do BNG? E, sobre todo: ¿onde está o seu nivel de tolerancia coa violencia contra a muller? Porque, tal como vimos denunciando dende hai tempo no Partido Popular, o feminismo do BNG é «depende». Depende de quen sexan as mulleres agredidas e depende de quen sexan os agresores, porque os feitos o demostran. Para vostedes sempre, sempre, o importante non é o «que», o importante para vostedes é o «quen». Explíquenlles ás mulleres, ás que presuntamente acosou sexualmente o señor Tomé, as razóns polas que o BNG segue apoiando un goberno na Deputación de Lugo no que segue este señor e no que segue a súa número dous, que está acusada presuntamente de saber deses abusos e non facer absolutamente nada. (*Aplausos.*) Explíquenllelo, explíquenno a todas as mulleres, porque vostedes, que son tanto de exixir responsabilidades, aínda non lles exixiron ningunha aos homes e mulleres poderosas que sabían o que estaba facendo o señor Tomé presuntamente e non fixeron nada; non fixeron nada polas vítimas. Explíquenllelo; explíquenno aos galegos que no momento máis álxido da corrupción política, económica e sexual do sanchismo e do escándalo da Deputación de Lugo, vostedes saíron ás rúas. ¿Para que?, ¿para defender as mulleres vítimas destas ou outras agresións sexuais? ¡Que bah! Saíron ás rúas para manifestarse en contra de que en Galicia se creen postos de traballo, en contra de que en Galicia se instalen industrias.

E, por certo, tamén botamos de menos a condena clara e rotunda deses colectivos feministas que non se sabe onde están cando o presunto agresor —ou o presunto acosador— é de esquerdas, pero que non teñen ningún reparo en ir acosar mulleres que están traballando nas sedes do Partido Popular. Botámolo tamén en falta.

Chama a atención tamén, señora Castro, que precisamente hoxe ás deputadas socialistas de Galicia o que máis lles preocupe é a Comisión de Igualdade de Valencia. Si entendo que á señora Castro lle preocupe a linguaxe sexista, porque, efectivamente, é moi importante, e diso os homes do seu partido saben moi pouco —da linguaxe e dos feitos, por certo—. E hoxe tivemos que ver aquí unha vez máis a dobre moral que impregna todas as accións do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista.

Mire, señora Presas, falaba vostede aquí unha vez máis de externalización, falaba vostede unha vez máis, como vostedes din, de privatización. Efectivamente, falemos de privatización, señora Presas, porque o cinismo do BNG neste ámbito —e tamén do Partido Socialista—, é maiúsculo. Falemos das residencias da Deputación de Lugo, ás que se lles acaba de renovar a privatización o pasado venres, por certo, nun momento no que os membros do Bloque saíron da Deputación, deixaron as ocupacións que tiñan que facer —que tiñan a obriga de estar alí, nesa Xunta de Goberno e, se non estaban de acordo coa privatización, dicir que non— e saíron facer unha *performance* fóra para dicir que estaban preocupadísimos polos presuntos casos de acoso sexual do señor Tomé. Pero seguíronlle dando apoio e séguenlle dando apoio. (*Aplausos.*) Ese é o seu compromiso coa igualdade e tamén coa privatización.



Efectivamente, señora Presas, falemos de privatización; falemos de privatización das residencias da Deputación de Lugo; falemos de privatización de concellos onde gobernan vostedes, como Mazaricos, que dá un local municipal para poñer unha residencia privada; falemos do servizo de axuda no fogar. Mire, esta é gráfica deses servizos. *(A deputada Raquel Arias Rodríguez amosa un documento.)* O servizo do SAF está privatizado, como din vostedes, no 69 por cento daqueles onde goberna o PSOE; no 66 por cento onde goberna o BNG; e no 58 por cento onde goberna o Partido Popular; ese que, segundo vostedes, é o que privatiza todo. *(Murmurios.)* ¡Que cara!, ¡que cara hai que ter! *(Aplausos.)*

Veñen falar dos CIM e veñen falar de máis recursos para os CIM, cando o único concello que pechou un CIM desde que se crearon é un concello socialista, o de Campo Lameiro. E veñen falar de recursos para os CIM... *(Murmurios.)* Cando se pechou o CIM, si, *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, Ponte Caldelas... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* Ponte, Ponte Caldelas, efectivamente. *(Murmurios.)* Perdón ao alcalde de Campo Lameiro *(Risos.)* Hai que dicir que *(Un deputado: O de Campo Lameiro é do PP, ese non pechou.)* *(Murmurios.)* *(Risos.)* o único que pechou foi o socialista de Ponte Caldelas. Pero é que, ademais, os socialistas son reincidentes, porque nestes orzamentos presentaron unha emenda para que a Xunta lles retire cartos aos CIM, para que os concellos teñan menos cartos para xestionar eses CIM.

En fin, señorías, insisto unha vez máis: vostedes, dende o BNG e dende o Partido Socialista, ao que se adican é a practicar unha dobre moral insoportable e incapacitante. Miren, insoportable para as mulleres, que ven como os acosadores seguen nas institucións nas que vostedes gobernan; insoportable para as mulleres, que ven como aqueles que se definían...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señora Arias.

RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ: ...os máis feministas da historia, acabaron sendo negacionistas, sacaron a violadores do cárcere e miraron para outro lado cando as pulseiras antimaltrato fallaron, poñendo en perigo as vidas das mulleres. E un BNG que mira para outro lado ante escándalos socialistas como o do Tito Berni, Koldo, Ábalos, Cerdán, Salazar, Tomé... e o que lle boten. *(Aplausos.)*

Remato, presidenta.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ: Señora Presas, ¿ata onde vai chegar o nivel de tolerancia moral e ética para que vostedes sigan apoiando un goberno na Deputación de Lugo no que está un denunciado por acoso sexual? ¿Ata cando?

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas. Ten que rematar, señora Arias.

RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ: Porque, como vostede dixo, efectivamente, o importante son os feitos e non as palabras. Iso é no que estamos pensando as galegas e os galegos, tamén as que lle votaron a vostede. *(Aplausos.)* *(Murmurios.)*



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para o turno de peche, a señora Presas. *(Risos.)*

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Volvémoslo ver: dúas formas de facer política. O Bloque Nacionalista Galego trae aquí unha proposta seria, de aumento de recursos para axudar as vítimas de violencia machista, e o Partido Popular, ¿que nos ofrece? Carroñerismo, *(Aplausos.)* *(Murmurios.)* mentira e difamación. ¡Vaia vergonza, señora Arias! Carroñerismo, mentira e difamación, e tamén inutilidade. ¡Toda unha mostra da inutilidade! É que non saben vostedes nin cando vai empezar o seu chiringuito dos CIM móbiles, nin como se vai coordinar, nin para que vai valer. Agora argumentan que é para sitios illados e para as universidades. Eu non sei se non sabe o Partido Popular que as universidades están en cidades, que é onde, habendo necesidade de recursos, aínda hai máis recursos. Non saben nin como se van coordinar con esas universidades, que teñen unidades de igualdade e recursos. ¡Vaia chapuza! *(Aplausos.)* Unha chapuza como os centros de crise 24 horas, que crearon e privatizaron para dárllelos a empresas amigas e para acabar colocando alí, sen procesos públicos de emprego, exdeputados do Partido Popular, como é o caso dun que vostede coñece perfectamente. ¡Vaia vergonza!

E vaia vergonza en xeral, ¡é que é a palabra! Saben vostedes da importancia dos CIM; saben vostedes que están infrafinanciados e que hai necesidades por parte dos concellos que lles transmite a Fegamp e as traballadoras, e deciden mirar para outro lado. E non só..., ¡é que acaban de recortar vostedes o orzamento de violencia machista! ¿Pero como se pode vir aquí con ese desparpajo cando acaban de cargarse un millón e pico de euros no orzamento de violencia machista? ¡É unha vergonza!, ¡é machismo institucional, *(Aplausos.)* e é un lastre para os dereitos das mulleres galegas! Porque o peor lastre que temos hoxe é o Goberno do Partido Popular.

Vén aquí dicirme non sei que de tolerancia cero. Pero, ¿de que tolerancia cero me fala o Partido Popular, que amparou catro meses un presunto agresor sexual? Un Partido Popular que xustificou e amparou un señor deputado provincial, *(Aplausos.)* o señor Baltar, cando quedou probado que houbera unha chantaxe para ofrecer un posto de traballo a cambio de sexo. Non foi condenado polo cargo que ocupaba, señora Arias —ou máis ben polo cargo que non ocupaba—, pero quedou acreditado. ¿Que fixo, entón, o Partido Popular coas vítimas? ¿No caso de Baltar? ¡Denunciaron a vítima!, *(Aplausos.)* ¡levárona aos tribunais! ¿No caso do señor Villares? Filtraron vostedes a identidade da vítima e aínda non pediron desculpas por iso. ¡Vaia vergonza!

Vostedes si que teñen dobre vara de medir e tolerancia absoluta co machismo; iso si que é tolerancia absoluta co machismo. En cambio, o BNG está onde sempre estivo: do lado do feminismo, do lado das vítimas de violencia machista, sen mirar de quen é o carné do agresor. Sempre do lado das vítimas, e aí estaremos sempre.

E agora xa... ¡É que menten tanto!, menten máis que falan e que respiran xa case. Agora din: ¿onde está o feminismo? O feminismo como movemento social está calado... Miren, señoras, xa sei que non aspiro a que lean vostedes moitos libros feministas, pero hai cousas que aínda



que non saian da TVG, a sociedade civil publica e comunica: *(A deputada Noa Olalla Presas Bergantiños ensina o seu teléfono móbil.)* Comunicado da Marcha Mundial das Mulleres o propio día que se coñeceron os feitos. *(Aplausos.)* Léao, a ver se aprenden algo de como actuar cando teñen casos do Partido Popular, señora Arias.

En fin, a pregunta é: ¿ata onde vai chegar a falta de escrúpulos do Partido Popular?; dun Partido Popular cómplice do machismo; dun Partido Popular que recorta orzamentos de violencia machista, que recorta medidas, que privatiza recursos para facer negocio, e ao que o último que lle importan —como demostrou vostede, como demostrou o señor Rueda e como están demostrando estas semanas, estes meses— son os dereitos das mulleres. Non temos ningunha esperanza en vostedes, pero non nos van distraer de seguir facendo o noso traballo, que é vir aquí e falar de que recursos necesitan as mulleres, como este plan que propoñemos para os CIM...,

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señora Presas.

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: ...e como que deixen e freen a súa intención de privatizalos, e de que comprometan cos concellos galegos máis recursos para que se poida axudar a ese máis dun terzo de mulleres galegas que non teñen un recurso como este a onde acudir. Iso é o que lles debería preocupar a vostedes, porque é a súa responsabilidade, porque están vostedes gobernando, e dedícanse non só a difamar, mentir e a ser uns carroñeros...,

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: ...senón a recortar os orzamentos. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coa seguinte proposición.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa dos deputados Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Óscar Insua Lema, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que remita no tempo e na forma que proceda a información e documentación que lle solicitan as deputadas e os deputados do Parlamento de Galicia

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): A esta proposición non se presentou ningunha emenda.

Para a súa defensa ten a palabra o señor Tabarés.

IAGO TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Grazas, presidenta.

Iniciabamos este período de sesións instando a Xunta de Galiza a unha reflexión; unha reflexión sobre o dereito fundamental á participación política da cidadanía, algo que entendemos que é un pilar esencial dentro do sistema democrático. E convidabamos á reflexión a Xunta de Galiza e tamén o Partido Popular sobre a base dunha sentenza do Tribunal Su-



premo. Xa advertiamos —cando debatiamos este tema— que o podiamos facer sobre outras resolucións, sobre resolucións do Tribunal Superior de Xustiza, mesmo sobre resolucións onde a Xunta de Galiza era parte e era parte condenada. Pero querémolo facer por esa sentenza da Sala 3ª do Tribunal Supremo por unha cuestión. As sentenzas entendemos que son discutíbeis, que son opinábeis, que son recorríbeis e que son criticábeis, pero esta sentenza ten unha cuestión particular, e é que xorde dunha demanda presentada polo Partido Popular; xorde por unha demanda do Partido Popular alegando vulneración de dereitos fundamentais porque o Goberno do Estado non remitía ao Senado documentación. É dicir, o Partido Popular estaba convencido de que non remitir documentación ao Senado —por parte do Goberno do Estado— era unha vulneración de dereitos fundamentais. E eran nada máis e nada menos que 4.000 documentos, 4.000 documentos solicitados de maneira xenérica, sen precisar..., todos os emitidos durante unha época determinada. E despois resulta que o Partido Popular tiña razón e a Sala 3ª do Tribunal Supremo estimou esa petición de que, efectivamente, non remitir ese extraordinario volume de informes era unha vulneración dun dereito fundamental, non do Partido Popular, senón da cidadanía.

E, claro, diso o que se deduce é unha cousa: o Partido Popular é consciente de que non remitir documentación solicitada por unha Cámara é unha vulneración dun dereito fundamental da cidadanía. E a cuestión é: iso que se reclama en Madrid, ¿acontece en Galiza? ¿Estase cumprindo en Galiza? O normal sería pensar que si, pero a resposta saben perfectamente que é que non.

O Partido Popular o que demanda en Madrid non o está a cumprir en Galiza, e a verdade é que dende que se iniciou este período de sesións, cando convidabamos a esta reflexión, a situación non mellorou, senón todo o contrario. Non só é que teñamos que aguantar insultos; non só é que teñamos que aguantar discrecionalidades, arbitrariedades na administración dos tempos, ou mesmo na configuración das ordes do día nas comisións, senón que temos que aturar que sistematicamente se estea a vulnerar o dereito e o deber de control da acción de goberno por parte dos partidos da oposición. E, ¿como se fai? Faise ao negar a admisión de documentación que se solicita dende este Parlamento. E nós non solicitamos o bruto, 4.000 documentos que se emitan entre un período... ¡Non!, solicitamos documentación concreta, documentación concreta que, repito, durante meses e incluso anos se está a negar a este Parlamento. Solicitamos documentación sobre a contratación, pero non sobre a contratación en xeral, senón sobre a contratación discrecional —é dicir, fundamentalmente contratación a dedo—, onde as empresas beneficiarias teñen especial vinculación co Partido Popular. Falamos, por exemplo, de mercantís, porque así, como diría Piqué, «en Galiza empezou todo». E en Galiza foi onde Amador González Burnet empezou a facer os seus negocios, neste caso unhas comisións de dous millóns de euros que tanto lle redan, e non á facenda pública, senón á señora Ayuso.

Pois ben, pedimos esa documentación, que levou, que permitiu, que o señor González Burnet puidese ter unhas comisións de dous millóns de euros. Solicitamos documentación sobre o grupo Eulen, sobre contratación, do que ao mellor algún deputado do Partido Popular sabe moito, porque foi destas persoas que participaron na adxudicación, concedéndolle a Eulen contratos a pesar de ser a oferta económica peor de todas. Pois ben, solicitemos documentación sobre esa contratación, sobre a contratación coa mercantil Universe support, onde



está relacionado co cuñado de Alberto Núñez Feijóo. Máis de case 20 millóns de euros —por certo, todos a dedo—. Falamos dos espazos Internet consulting, tamén relacionados co Partido Popular; de marcas e patentes, tamén relacionados con altos cargos do Partido Popular. Pedimos documentación sobre Allwork vestuario laboral, que aquí non é relacionado con familiares, senón que unha deputada do Partido Popular é accionista desta mercantil —que, por certo, que nos participe o que participa a Xunta en negocios tan lucrativos, porque dende que participou, dende que adquiriu 3.000 euros, o 50 por cento do accionariado desa sociedade pasou de apenas 100 euros-200 euros de contratar coa Xunta de Galiza a máis de 200.000 euros de contratación nestes anos—.

Tamén pedimos documentación sobre o acordo entre Altri e a sociedade Impulsa, na que é accionista; o maior accionista era a Xunta de Galiza. Pois ben, nada desta documentación. Non pedimos 4.000 documentos, como era no Senado. Pedimos estes documentos concretos que se están a negar ao Parlamento de Galiza e que se están a negar á cidadanía.

Pero, mire, non só é esta documentación; non é só documentación contractual. Poderíamos dicir que é incluso peor, porque pedimos documentación sobre a inspección nas residencias, sobre a inspección nas residencias e centros de maiores e as memorias realizadas polo Servizo de Inspección. Despois pedimos os expedientes sancionadores que se iniciaron, porque pode pasar que a Inspección actúe, pero que despois a Xunta de Galiza deixe prescribir eses expedientes, esas propostas de sanción, ou incluso podes facer que inicie un procedemento sancionador e que o deixe caducar, que o deixe sen resolución. Pois ben, iso é o que estamos a pedir. E vaia por adiantado, porque temos escoitado —con certo bochorno— como se bota a culpa ao Servizo de Inspección. ¡Non! Nós temos confianza na Inspección, na Inspección da Xunta de Galiza, á que vostedes teñen precarizada; nas inspectoras da Xunta de Galiza, ás que mesmo dende a Consellería se lles estivo a perseguir por facer algo tan increíble, tan vulnerador, como dicir que o sistema de inspección permitía que as sociedades inspeccionadas puidesen ser advertidas; algo que non dixeron os inspectores por primeira vez, senón que antes dixeran as familias, que antes dixeran as traballadoras e que antes dixeran colectivos veciñais. Pois iso é o que estamos dicindo, e estámolo dicindo porque a desconfianza si existe, si. Existe desconfianza na conselleira e desconfianza na secretaria xeral, e por iso pedimos esa documentación, que se nos está a negar. *(Aplausos.)* E, miren, por cuestións temporais, tamén resulta absolutamente bochornoso porque, nunha vivenda comunitaria nunha localidade como é Amoeiro, en Ourense, resulta que a Inspección actuou o día 8 de setembro, levantou acta. Non sabemos o contido desa acta, a pesar de que si o temos solicitado; o que si sabemos é que despois da intervención dunha denuncia formulada por unha familiar, despois da intervención da Inspección de Traballo e despois da intervención da Garda Civil, a Xunta, ¡oh sorpresa! decidiu pechar ese centro.

Pois ben, a voceira nacional do BNG trouxo esta pregunta ao Parlamento de Galiza, trouxo esta pregunta ao señor Rueda —ao que lle gusta que lle chamen presidente; a ver se empeza a exercer nese cargo—. E, ¿cal foi a resposta dese presidente? Pois, miren, mencionou máis veces Bildu que Amoeiro, mencionou máis veces a UPG que os maiores e para nada na súa resposta mencionou calquera referencia a coidados, a atencións... *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando.



IAGO TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...ou ao aseo das persoas maiores, que tiñan un problema de alimentación e que tiñan un problema de aseo dende hai meses. E a Xunta...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

IAGO TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...—remato xa e déixoo tamén para a réplica— non só é que lle estea negando este dereito ao Parlamento, que lle estea negando este dereito á cidadanía, senón que está bloqueando institucións e comisións, como pode ser a do Estatuto do Deputado, e encubriendo comportamentos irregulares dunha deputada. Por iso nesta iniciativa o único que pedimos á Xunta de Galiza é respecto, respecto por este Parlamento e respecto polos dereitos fundamentais da cidadanía, algo que en Galicia incumpre e que reclama en Madrid.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

O voceiro do Grupo Mixto, o señor Ojea, renuncia ao seu turno.

Ten a palabra o representante do Grupo Parlamentario Socialista.

AITOR BOUZA MANSO: Bo día a todas e a todos.

A verdade, señor Tabarés, lamento moito que vostede teña que traer hoxe aquí esta iniciativa, porque o que hoxe debatemos é o que xa debería ser. É bastante lamentable que teñamos que estar tramitando unha proposición non de lei para debater o que xa di o Regulamento e o que xa contemplan as normas non só da Cámara, senón todas as normas de transparencia e de calquera Parlamento democrático, para que a transparencia —algo básico e do que a Xunta de Galicia fai gala cada vez que pode— sexa algo lóxico e normal.

Entendo tamén, polo tanto, que non hai ningunha emenda do Partido Popular porque van votar a favor desta iniciativa, que van votar algo que xa se está facendo, porque entendo que o que nos vai dicir aquí o Partido Popular é que é unha iniciativa que o que pide é algo que está baseado nunha sentenza —que o Partido Popular tanto comparte as sentenzas dos xuíces e dos tribunais— e sobre todo que está baseado nas normas e na propia Constitución, que o Partido Popular tanto defende.

En consecuencia, eu creo que hoxe o debate deberíamos xa dalo por concluído: o Partido Popular vota a favor e sobre todo empeza a cumprir as normas, que é o máis importante. Porque podemos poñer moitos exemplos, por desgraza, sumarnos aos que xa se acaban de relatar por parte do deputado do Bloque Nacionalista Galego, pero, sobre todo, sobre todo, imos poñer enriba da mesa algúns dos exemplos que o que demostran é que se di unha cousa e se fai a contraria. Porque o Partido Popular, ademais, para facer as porcentaxes, as cifras, que lle gustan tanto, di: «demos por contestadas o noventa e pico por cento» —. Isto é como cando tratan os datos, as porcentaxes, en vivenda ou en educación, que lle gustan tanto ao Partido Popular, para realmente non abordar a cuestión. Din: «Demos resposta á maioría



das iniciativas», pero, claro, imos ver cal é a resposta, porque a cuestión non é só a cantidade..., e xa non é por falar da calidade, senón que é por falar do contido.

O Regulamento desta Cámara —que moitas veces se trae a colación aquí— establece diferentes tipos de iniciativas que podemos traer as deputadas e os deputados; entre elas temos a posibilidade de formular preguntas orais, preguntas escritas, preguntas orais en pleno e preguntas orais en comisión. E dígoo porque aínda que tamén é unha evidencia, ao igual que esta iniciativa —que, por desgraza, o contido que ten debería ser unha evidencia—, cando nós facemos unha pregunta oral e se tramita nunha comisión ou se tramita nun pleno, tamén facemos unha pregunta escrita, porque temos dereito a que se nos responda por escrito. É un dereito das deputadas e dos deputados. ¿Que responde a Xunta de Galicia? Vexamos. A pregunta é fácil, sinxela, non ten ningún tipo de problema. É sobre a baixa execución do programa no Programa 451B, de acceso á vivenda no segundo trimestre de 2025, e sobre as medidas para que se poidan cubrir as necesidades en vivenda. Resposta da Xunta de Galicia: «Remitimos a resposta dada na Comisión 2ª, de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, referente á PNC con número de rexistro 34984, publicada o 31 do 10, [https:// Mediateca](https://mediateca.gal)». Pero, ¿isto que é? Isto é unha falta de respecto parlamentario. (Aplausos.) (O deputado Aitor Bouza Manso mostra un documento.) Isto é o que é, unha falta de respecto parlamentario. O Partido Popular o que quere é dar un trámite remitindo unha ligazón a unha resposta por escrito. Ou é que non coñece o Regulamento ou é que a transparencia brilla pola súa ausencia e nos intenta tomar o pelo a todas e a todos. Realmente, isto é unha falta de respecto.

Pero non acaban aquí as faltas de respecto, porque o Partido Popular considera: a ver por que ten esta oposición o dereito a saber cousas. Pois, non, a ver..., isto xa é moito, moito saben, moito queren saber. Preguntamos pola creación, por exemplo, da Sociedade de Recursos de Galicia, e no día de hoxe non temos resposta; iso si, transparencia, a tope, pero resposta, cero. No día de hoxe non temos a resposta da Sociedade de Recursos de Galicia, pero tampouco da Sociedade Impulsa. ¿Por que?, ¿non hai máxima transparencia neste hemiclo, neste Parlamento? ¡É que tivemos que presentar ata unha queixa na Mesa do Parlamento! De nada serviu, porque aquí ampárase todo. Faltáselle ao respecto ao Parlamento de Galicia e a Mesa do Parlamento ampara a falta de respecto da Xunta de Galicia a este Parlamento, porque cando non se responde a un deputado ou a unha deputada desta Cámara a quen se lle falta ao respecto é realmente á lexitimidade deste Parlamento, non ao grupo que o solicita; a todos e a todas nós. (Aplausos.) Niso é no que se está faltando ao respecto.

Pero tamén acudín coa miña compañeira, a señora Iglesias, a revisar esa documentación ampla do señor Montoro, os 175.000 euros que lle pagou a Xunta de Galicia nada máis chegar o señor Feijóo para uns contratiños de nada, para facer uns informes que de Galicia nada falaban. Iso si, dicían: podedes velo, pero non levar copia, non vaia ser que, ao mellor, a oposición poida estudar o tema. ¿Que é o que ten que agochar a Xunta de Galicia para que a oposición non poida ter copia de todos eses informes do señor Montoro, nos que supostamente nada ten que agochar? (Aplausos.) Xa que nos gusta tanto falar da macroesfera... Son informes que nada dicían de Galicia, falaban dos informes que despois o Partido Popular empregou no Goberno de España para facer as reformas fiscais no ámbito estatal. Iso é unha auténtica vergonza. Con cartos públicos de Galicia o que se fixo foi directamente pagar in-



formes que despois beneficiaron as reformas que fixo o Partido Popular en España. Esa é a realidade.

A día de hoxe volvemos solicitar eses mesmos informes pola vía do artigo 9. É unha capacidade, un dereito dun deputado ou dunha deputada, e a día de hoxe seguen sen entregarse.

Pero despois xa temos o cumio das respostas, que son as respostas de Augas de Galicia. Pregunta sinxela, resposta máis sinxela aínda: investimento total de Augas de Galicia no Concello da Laracha entre os anos 2009 e 2024 —¡faciliño, eh!, ¡faciliño!—. Pedimos o investimento, unha cifra, pois 10.000 euros, 20.000 euros, 100.000 euros... ¡Bueno!, é A Laracha, entón, haberá moitos euros, pero poñamos que sexa un goberno do Partido Socialista: cero euros. E xa volo adianto eu, máis que nada, porque, claro, imos ver o que di a resposta. Iso si, moito texto —cinco parágrafos—, para o que se podería resumir nunha cifra, ¡nunha cifra! Perden o tempo poñendo cinco parágrafos, pero a resposta non a dan; iso si, remítenos que este ano se están a adicar 144 millóns. ¡Fagan a conta! É que esta resposta os vai acompañar non só toda a lexislatura, senón todo o tempo que vostedes poidan gobernar sen dar resposta ao investimento que hai en cada un dos concellos. *(O deputado Aitor Bouza Manso mostra un documento.)*

Nós temos rexistrado xa neste Parlamento a solicitude de información ao dereito que temos de saber o investimento de cada un dos concellos de Galicia, *(O deputado Aitor Bouza Manso mostra o documento e elévao e báixao varias veces.)* e o que ten que facer o Partido Popular é responder, en vez de faltar ao respecto ás deputadas e deputados, que facemos o noso control ao Goberno, que é para o que existe este Parlamento, e non só para dar palmas ao que ten que facer a Xunta de Galicia.

Porque, cando fixemos a conta, o que se demostrou é que o 77 por cento dos convenios de Augas de Galicia no ano 2023 ¿a que concellos estaban dados? Casualmente —¡oh, que casualidade!—, ao Partido Popular. Esa é a conta que demostra por que o Partido Popular non quere dar por escrito a resposta. Pero é que no 2024 —son os datos que temos— tamén se deu unha porcentaxe similar. O 73 por cento dos convenios asinados con Augas de Galicia eran tamén para o Partido Popular. Non me estraña que para tapar esas vergonzas o Partido Popular non queira responder por escrito, pero é a súa obriga, é o seu deber, non só moral, senón...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Vaia rematando.

AITOR BOUZA MANSO: ...constitucional, democrático e de transparencia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para a quenda do Grupo Parlamentario Popular, o señor Rodríguez.

ROBERTO RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Bo día a todos.



Antes de máis, señor Tabarés, necesito que me aclare vostede unha dúbida, porque ou eu non entendo nada ou viven vostedes presos dunha dobre personalidade de política digna do doutor Jekyll e Mr. Hyde. A ver, ¿entendín mal ou hoxe veñen vostedes axitando como bandeira da defensa dos seus dereitos parlamentarios, presuntamente vulnerados, unha sentenza xudicial? Sentenza xudicial relativa, por certo, a outro Parlamento, que non a este goberno, non á Xunta. Pero logo vou con iso, repito, porque non me queda claro. ¿Están vostedes recoñecendo implicitamente os xuíces e tribunais de xustiza como garantes do dereito á tutela xudicial efectiva no exercicio dos dereitos e intereses lexítimos da cidadanía, de acordo co recollido no artigo 24 da nosa Constitución? ¿Vostedes, os que prometen acatar e gardar lealdade á Constitución por imperativo legal? ¿Vostedes? E veñen facelo, ademais, axitando unha sentenza do Tribunal Supremo. Miren, ¿deste mesmo Tribunal Supremo? *(O deputado Roberto Rodríguez Martínez mostra un documento cunha imaxe.) «Pontón rechaza el fallo contra García Ortiz y censura que hay jueces que hacen política para derrotar al Gobierno».* ¡Un escándalo democrático! ¿Este Tribunal Supremo? ¿Ou este Tribunal Supremo: *(O deputado Roberto Rodríguez Martínez mostra un segundo documento cunha imaxe.) «Ana Pontón clama contra el lawfare: «Si son capaces de condenar el fiscal sin pruebas, ¿que no harán con cualquier ciudadano de a pie? La sentencia pone en riesgo a la democracia».* ¿Este Tribunal Supremo? ¿Ou é este Tribunal Supremo?: *(O deputado Roberto Rodríguez Martínez mostra un terceiro documento cunha imaxe.) «Pontón considera que la sentencia del Supremo supone un trato de favor a ENCE sobre otras empresas gallegas».* ¡Olló! porque esta sentenza é da mesma sala que dita a que hoxe traen aquí coma se fose o novo testamento. Daquela, ¿en que quedamos, señor Tabarés? ¿Son uns cracks ou son uns fachas con toga? *(Aplausos.)*

Este é o BNG que hoxe ten a desvergonza de vir a este pleno dando golpes no seu peito en defensa dos xuíces e tribunais deste país. ¡Menuda hipocrisía! Vostedes o que teñen é un morro descomunal, señorías. As sentenzas respéctanse e acátanse todas, non só as que din o que lles gusta, señorías. E, repito, non só se acatan, acátanse e respéctanse. Logo se compartirá ou non a decisión, pero acatalas sen respectalas, que é o que fan vostedes, é un claro intento de deslexitar por completo a independencia dos nosos xuíces e tribunais, e aí non nos van atopar, señorías.

Entrando xa no obxecto desta iniciativa, quero dicir dúas cousas. A primeira: o Goberno galego non só non forma parte dese procedemento xudicial que deu lugar á sentenza de protección xurisdiccional dos dereitos fundamentais á que se fai referencia na iniciativa, é que, ademais, as consideracións da sentenza en relación co dereito fundamental á participación política atinxen ao Goberno que incorre nesas prácticas, que son obxecto de reproche na sentenza. E, señorías, ¿que goberno é ese? É o Goberno central, ao que vostedes apoian incondicionalmente. Todas esas condutas que a sentenza recolle e que vostede omite na súa iniciativa son do goberno que apoian, e veñen aquí dándolle a volta como se fose a Xunta e como se fose isto un exercicio práctico de primeiro de nacional populismo, señor Tabarés, que é o que vostedes practican en xornada de mañá, tarde e noite neste Parlamento. Esa condena é para o Goberno do Partido Socialista en Madrid e para todos os que o apoian, pase o que pase. É dicir, esa condena é para vostede, señor Tabarés, non para nós; ¡para vostedes! A Xunta nin foi demandada nin condenada. Nin as condutas nin a condena son extrapolables á Xunta de Galicia.



A segunda cuestión. No que respecta á tramitación de información por parte do Goberno galego, a pasada lexislatura pechouse coa contestación de 1.235 solicitudes de datos, o 86,6 por cento do total das formuladas polos grupos da oposición. No que vai desta lexislatura —menos de dous anos— xa se tramitaron 859 —datos a mes de novembro—, que superan as remitidas polo Goberno bipartito nos seus catro anos de goberno. (*Murmurios.*) É dicir, a taxa de resposta do actual Goberno galego é do 81,34 por cento fronte ao 62 por cento do Bipartito. ¡Feliz aniversario do Bipartito, señorías! (*Aplausos.*) ¡Sigan vostedes de celebración! (*Murmurios.*)

Por outro lado, é imposible saber cal é o seu modelo de transparencia. Dígollo porque non hai maior exercicio de transparencia por parte dun goberno que a comparecencia. Con todo, esta é unha práctica que incomprensiblemente non é do agrado do Bloque Nacionalista Galego. No que leva transcorrido desta doceava lexislatura, houbo 35 comparecencias de conselleiros a petición propia en pleno e catro a solicitude dos grupos da oposición, e 82 comparecencias en comisión de conselleiros ou directores xerais a petición propia. E non hai día nin comisión na que o BNG non se queixe por este exercicio de transparencia. ¿Cal é o seu modelo? (*Murmurios.*) ¿Cal é o seu modelo? Supoño que o seu modelo será aquel que aplican onde vostedes gobernan; sería o lóxico ¿non? Daquela, ¿o seu modelo de transparencia é o do Goberno de Pedro Sánchez, que apoian incondicionalmente?, (*O deputado Roberto Rodríguez Martínez amosa un documento.*) ¿o que rexeita ou ignora o 40 por cento das demandas de información e transparencia?, (*O deputado Roberto Rodríguez Martínez amosa un documento.*) ¿o que bate récords de opacidade con case 400 solicitudes de información denegadas en apenas seis meses? ¿É ese ao que Bruxelas lle afea falta de transparencia na execución dos fondos europeos, (*O deputado Roberto Rodríguez Martínez amosa un documento.*) que non se sabe a onde van? (*Murmurios.*) ¿É o do descontrol dos ministerios, (*O deputado Roberto Rodríguez Martínez amosa un documento.*) porque a Intervención Xeral do Estado di que non hai nin un só ministerio que presente un funcionamento axeitado en transparencia? ¿Ou é o do propio Consello de Transparencia? (*O deputado Roberto Rodríguez Martínez amosa un documento.*) ¡É que suspenden ata no seu propio consello, señorías! Máis do 60 por cento das entidades independentes incumpren as normas de transparencia.

Entón, ¿cal é o seu modelo? ¿Ou temos que ir alí onde vostedes gobernan? ¿É o do Concello de Moaña, no que goberna o Bloque e onde a Valedora do Pobo acaba de acreditar a súa falta de transparencia e bloqueo á información municipal ante as queixas presentadas pola oposición? (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿É o seu modelo o do Concello da Coruña? —porque aí gobernan os dous—. Alí hai un ano e medio a Valedora do Pobo tamén ratificou a falta de transparencia, resolvendo que a información solicitada pola oposición debe facilitarse non a través do acceso e si mediante a entrega de copia. ¿E sabe por que, señor Bouza? Porque aquí o artigo 9 si prevé que se poida entregar a través do acceso, pero a Lei de bases, non. Ano e medio despois a situación é a mesma e o Concello desatende os requirimentos da Valedora. Só neste ano 2025 —a piques de rematar— hai: 306 expedientes solicitados polo Grupo Municipal Popular e 98 solicitudes sen contestar; en 154 facilitouse acceso e non copia; en 40 denegouse ata o acceso e en 9 non se facilita ningunha información; e en 5 remitiuse algunha documentación. Sendo xenerosos, señorías, facilitaron o expediente —incompleto, iso si— en 14 de 306 solicitudes, un 4,5 por cento. E veñen aquí queixarse dunha taxa de resposta do Goberno galego dun 81,3 por cento. Ven vostedes



a palla no ollo alleo e non son quen de ver a viga no propio, señorías, *(Aplausos.)* ¡non son quen de ver a viga no propio!

Pero é certo, nunha cousa ten razón o señor Bouza. Non é só cuestión de volume, é cuestión de calidade. E, por iso, a min gustaríame saber que opinaría vostede destas respostas: «¿Que propostas de acordo fixo o Concello para manter a colección do Museo de Arte Contemporánea de Unión Fenosa na cidade? Diversas». E jollo!, esta é a miña favorita: «¿Cal é a causa da presenza de pingueiras no teatro Rosalía de Castro? A choiva». *(Risos.)* ¡E vén vostede aquí falar de falta de respecto e de tomadura de pelo! *(Aplausos.)* Pero, ¡vamos ver, home, por favor! Consellos vendo que para min non teño... ¡En fin!... ¿que ten que dicir a isto, señor Bouza? Supoño que xa lle faltará tempo para descolgar o teléfono e chamar á señora Rei ou, bueno, case mellor chame ao señor Lage, que é o que realmente manda. *(Murmurios.)*

Miren, remato xa, señorías. Teñen vostedes un serio problema de credibilidade. Téñeno coa corrupción, téñeno co feminismo e tamén coa transparencia. Xa quedou claro onte que o seu protocolo de actuación ante este tipo de casos é «filliña, hai que pagar a hipoteca» ou «filliña, non hai por que estudar tanto», que, traducido, significa: de portas a fóra, somos os primeiros en levar as pancartas, pero, de portas a dentro, as cousas funcionan así. ¿Pero saben que lles dicimos? Que non poden seguir funcionando así. Pagar unha hipoteca ou acceder a un emprego público non pode ser a custa de renunciar á dignidade persoal; á dignidade que non ten quen, tendo a obriga de protexer e amparar as vítimas, elixe aplicar a santísima trindade do sanchismo: elixir, tapar e manter, que, aplicado a vostedes, señorías do BNG, é apoiar, tragar e compartir institucións. ¡Unha vergonza!

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Turno de peche para o autor da proposición non de lei, o señor Tabarés.

IAGO TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Ben, dúas cousas, empezando polo final: se unha persoa acreditadamente pagou ou ofreceu pagar a cambio de sexo, ¿vostedes faríano senador pola Comunidade Autónoma, non?, *(Aplausos.)* non sen antes esperar a que condenasen o seu pai por prevaricación, a súa muller a anos de prisión por falsidade documental e a el mesmo. Entón, si o farían senador pola Comunidade Autónoma.

Señor Rodríguez, onte dunha maneira moi tenra queixábase de que os concellos contrataban avogados e avogadas do Bloque Nacionalista Galego. Non me estraña no caso, por exemplo, do señor Insua, porque é unha persoa traballadora, rigorosa e seria, pero é que vostede ten un problema grave de comprensión lectora... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* —perdoe que interrompa, Presidencia—. ¡Home!, hai un problema...,

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Silencio.

IAGO TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...hai un problema. Claro, vostede tiña que estar adxudicándolle contratos a Eulen. Pero hai un problema de comprensión lectora.



Eu dende o principio admitínlle a posibilidade de criticar as sentenzas, as da Sala Segunda, que vostedes pretendían controlar pola porta de atrás, ou as da Sala do artigo 61, ou as da Sala Terceira, pero eu o que lle dicía era que collía esa sentenza porque na propia demanda o Partido Popular era quen consideraba que non remitir 4.000 documentos era vulneración dos dereitos fundamentais da cidadanía. Por iso collín esa sentenza e non outra onde directamente condena a Xunta de Galiza.

Vostedes para nada son transparentes. Mire —como dicía antes, e non me daba tempo, simplemente apuntaba—, hai un problema dunha deputada —que puxemos de manifesto en xullo de 2024— de incompatibilidade, de que tiña accións —recoñecido publicamente— nunha empresa que contrataba coa Xunta de Galiza. Moi ben, en xuño de 2024. ¿Solución do Partido Popular? Non voltar a convocar esa comisión. *(Aplausos.)* Van esperar a ver se prescribe calquera responsabilidade na que puidese ter incorrido esa deputada, que incluso lle podería obrigar a devolver certas percepcións. Pero vénme —ou vénnos— a este Parlamento con historias e estatísticas.

Mire, aquí pedimos, e incluso hai un acordo parlamentario *(O deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro amosa un documento.)* para que a Xunta de Galicia remita expedientes polos que vostedes financiaron pseudomedios. Levamos anos esperando. Vostedes, imaxino que para enganar hoxe con estatísticas e tamén á Valedora do Pobo, realizan... *(O deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro amosa un documento.)* Preguntamos por cuestións relacionadas coa xustiza gratuita e contestan en relación con postos de traballo. Iso si, corta e pega, porque dá igual o que preguntemos que ese corta e pega o utilizan máis veces. ¡Estatisticamente computa! ¡Resposta, ningunha!

Pregunta unha compañeira, a señora Taibo, polo fomento do ensino da lingua portuguesa e vostedes contestan *(O deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro amosa un documento.)* cunha ligazón —por certo, ligazón que non ten nada que ver con esa pregunta; ligazón que tamén utilizan cando se fala de habilitación de profesionais para a tradución e interpretación xurada—. *(Murmurios.)* Claro, estatisticamente sae ben, pero é imposible que se cumprise por ese dereito dos deputados e deputadas. O mesmo, preguntamos por unha estrada e contestan *(O deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro amosa un documento.)* con outra estrada que está aproximadamente a cen quilómetros. *(Murmurios.)* Iso pode enganar a cidadanía, pode enganar a Valedora do Pobo, pode enganar incluso os seus compañeiros ben intencionados, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* pero non ao señor de viaxe en China, *(Aplausos.)* que ten que andar... Sexa máis prudente e veña aquí en mellores condicións.

Señorías, estamos a falar non só de legalidade, non só de dignidade; estamos a falar de loita contra a corrupción, e a corrupción é mala para a sociedade, sexa do Partido Popular ou sexa do Partido Socialista. A corrupción é negativa. *(Murmurios.)* Adxudicar contratación a dedo a Eulen —ou á deputada— implica que non se lles dá a outras persoas autónomas, *(Murmurios.)* e que se forre unha deputada implica que van ao paro moitísimas autónomas *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* e pequenas e medianas empresas, e iso é o que vostedes están encubriendo e silenciando. E si, señor Bouza...

O PRESIDENTE: Remate, por favor.



IAGO TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...é lástima que nós teñamos que pedir que se cumpra simplemente a lei, porque a lei estaría para cumprirse; as sentenzas xudiciais tamén. Ou, se non, tería que estar o presidente emérito para facer que estas normas se cumpran, pero, como nada diso acontece, o Bloque Nacionalista Galego ten que demandar respecto para os dereitos da cidadanía. Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.) A ver, a ver...

(O deputado José Alberto Pazos Couñago pide a palabra.)

¿Para que quere a palabra, señor Pazos? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Déanlle voz ao escano do señor Pazos.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: Ao amparo do artigo 76.3, polas imprecisións e acusacións que afectan o decoro deste grupo vertidas polo último dos comparecentes cando nos acusou de non volver convocar unha comisión precisamente por unha cuestión que foi debatida nesa comisión, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* que eran as acusacións da participación de determinada empresa por parte dunha deputada do Partido Popular. Quería aclarar ese asunto, que foi clarificado nesa comisión. Vou ser moi breve, ademais.

O PRESIDENTE: Eu non estaba. Eu preguntolle a ela *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Interrupcións.)* e se ela me di que si... *(Murmurios.)* Pero ¿que quere que diga eu, se non estaba? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Protestas.)* Estoulle preguntando a ela e di que ten razón o señor Pazos. *(Protestas.) (Interrupcións.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A VICEPRESIDENTA (María Elena Candia López): ¿iPero que expresións son esas, home!?

O PRESIDENTE: ¡Silencio! Un momentinho.

A VICEPRESIDENTA (María Elena Candia López): ¿iPero que gritos son estes!?

O PRESIDENTE: Un momentinho, botémoslle un pouco de sentido común *(Interrupcións.) (Protestas.)*

O PRESIDENTE: ¡Silencio!

A VICEPRESIDENTA (María Elena Candia López): ¡É que este señor Insua non me respecta como presidenta! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡É que non me respecta como presidenta...! Está nunha actitude... *(Protestas.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O PRESIDENTE: Tranquila, tranquila.



Ímoslle botar un pouco de sentido común. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Protestas.) (Murmurios.)* Eu non podo pronunciarme sobre unha cousa se non estaba, sería unha ousadía...

A VICEPRESIDENTA (María Elena Candia López): ¡Terá que respectar a xente!

O PRESIDENTE: Entón, estoulle preguntando a quen estaba presidindo —e é soberana nese momento— e di...

A VICEPRESIDENTA (María Elena Candia López): É verdade.

O PRESIDENTE: ...que procede...

A VICEPRESIDENTA (María Elena Candia López): Si, que lle deas a palabra.

O PRESIDENTE: ...o que está solicitando...

A VICEPRESIDENTA (María Elena Candia López): E terán que respectar. *(Interrupcións.) (Protestas.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O PRESIDENTE: Hai que respectalo, señores. Non, non, non. Hai que respectalo. *(Interrupcións.) (Protestas.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

Déanlle voz ao escano do señor Pazos.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: Moi brevemente, presidente.

O PRESIDENTE: Déanlle voz ao escano. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Protestas.)*

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: Dicía que moi brevemente, presidente, porque, efectivamente, na Comisión do Deputado o señor Tabarés fixo unha acusación, unhas imputacións, a unha deputada do Partido Popular que foron clarificadas, e non porque representase o Partido Popular nesa Comisión, senón polos Servizos Xurídicos desta Cámara, que lle dixeron que a súa petición e as súas alusións estaban totalmente fóra de lugar e que non lle competían a este Parlamento, nin sequera a este deputado.

Polo tanto, unha vez clarificado este tema, paréceme unha absoluta baixeza que se volva aquí intentar cuestionar a actuación dunha deputada no ámbito do seu traballo e das súas relacións persoais, que nada tiñan que ver con este Parlamento e que, volvo repetir, foron desmentidas polos Servizos Xurídicos da Cámara. Por suposto, volveremos convocar...,

O PRESIDENTE: Grazas.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: ...cando proceda, esa comisión...

O PRESIDENTE: Está entendido.



JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: ...con total normalidade e sen ningún tipo de problema.

O PRESIDENTE: Está entendido. Grazas.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O PRESIDENTE: Non hai réplica. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Non, non, non. *(Aplausos.)* Escoitemos. *(Aplausos.)* Saben vostedes como é. Neste asunto non hai debate. Non hai debate. *(Aplausos.)*

Non, non, deixámolo. *(Aplausos.)* Non, non, non. Xa saben o que di o Regulamento. *(Aplausos.)* Non se pode. *(Aplausos.)* Nisto non hai debate. *(Aplausos.)* Non, terminou o tema. *(Aplausos.)*

Bueno, ademais, a presidenta foi a que deu... *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, por favor, señor Tabarés, non ten a palabra. Grazas. *(Protestas.)*

Grazas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non; non, non me meta a min... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdón, ¿que pasou? *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero, ¿por que? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero, ¿nas alusións? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Está respondendo a unha alusión, e nas alusións non procede. *(Murmurios.)*

Un pouquiño de tranquilidade. *(Murmurios.)* Un pouquiño de tranquilidade, señores. *(Murmurios.) (O deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non... *(O deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, pero é que vostede estaba, ademais, no debate e foi corrixido nese tema. *(Murmurios.)* Non, silencio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non procede. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Non procede! *(Murmurios.)* As alusións están recollidas aí no Regulamento. *(Murmurios.)* Non, non procede. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Non procede! *(O deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro pronuncia palabras que non se perciben.)* Xa lle digo que non. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, ¡xa está! *(Murmurios.)* Non. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Púideno ter máis fácil, puiden non ter vido neste momento e, ao mellor, evitaba este problema, fíxense vostedes; pero, bueno, en fin. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu, como comprenderán, non estaba, e aí está. *(Protestas.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Vale? Continuamos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* Non, non empece vostede, por favor, tampouco. Tranquilidade. *(Murmurios.)* Normalmente falan os que teñen que falar. *(Murmurios.)* Silencio. *(Murmurios.)* Acabouse. *(Murmurios.)*

Proposicións non de lei... Imos alá e, ademais, espírito navideño, por favor. *(Protestas.)* ¡Home, claro!, ¡hai que crer na Navidad, por favor! *(Murmurios.)* ¡Temos que crer na Navidad! *(Murmurios.)* Hai que crer na Navidad. Máis ou menos todos sabemos como é a Navidad. *(Murmurios.)* As alusións non teñen... *(Murmurios.)* Vale, moi ben. ¡Veña! *(Murmurios.)*



Seguinte proposición.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Cecilia Vázquez Suárez e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que garanta a continuidade do Programa de auxiliares de conversa sen prexuízo económico para as comunidades autónomas

O PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición, ten a palabra a señora Vázquez Suárez.

CECILIA VÁZQUEZ SUÁREZ: Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, señorías.

Imos tratar de recuperar a calma, que creo que é bastante importante, porque estamos un pouco alterados na sesión de hoxe.

Gustaríame comezar dándolles as grazas a todas as persoas que me manifestaron o seu ánimo cara á miña persoa e os bos desexos pola enfermidade que teño que afrontar. Non é algo exclusivo de min, pois, desgraciadamente, é algo moi común entre as mulleres. Dende aquí quero aproveitar para mandarlles a todas as mulleres moito ánimo e os mellores desexos. (*Aplausos.*) Grazas.

Moi ben, pois imos ao tema. Señorías, traemos hoxe a esta Cámara unha PNL que pensamos que debería de concitar un apoio amplo, porque non estamos a falar nin de ideoloxía nin de propaganda, senón de educación, de calidade do sistema educativo e de seguridade xurídica. Falamos do Programa de auxiliares de conversa; un programa que funciona, que dá resultados e que está plenamente integrado no día a día dos centros educativos galegos. O obxectivo deste programa é claro, que é mellorar a competencia comunicativa oral do alumnado en linguas estranxeiras, especialmente en inglés, a través da presenza nas aulas de falantes nativos ou con alta competencia lingüística. É unha ferramenta que consideramos práctica, eficaz e tamén moi valorada tanto polo profesorado, polos centros educativos como polas familias. Isto non é un experimento nin unha improvisación, en Galicia vén desenvolvéndose con normalidade dende o ano 2009. No presente curso aproximadamente hai 690 auxiliares de conversa que proceden de 19 países e que prestan apoio en preto de 800 centros educativos. Estamos, polo tanto, a falar dun programa consolidado e que está perfectamente asentado no sistema educativo galego.

Pero hai un dato que cómpre subliñar con claridade, que é o esforzo que fai economicamente a Xunta de Galicia. Dun custo aproximado deste programa de 5,2 millóns de euros, a Xunta financia 4,8 millóns; é dicir, arredor do 95 por cento do total, o que significa que Galicia cumpre, responde e se compromete coa educación pública e coa mellora do ensino no que se refire a linguas estranxeiras. Entón, ¿cal é o problema? ¿Onde está o problema? O problema non está nin nos centros, nin no profesorado, nin nos auxiliares, nin na xestión autonómica. O problema está na descoordinación interna do Goberno de España, porque este



programa é convocado, deseñado e regulado polo Ministerio de Educación, que é quen fixa os requisitos, selecciona os auxiliares e quen os asigna ás comunidades autónomas. As comunidades xestionan e financian, pero non teñen a competencia para modificar unilateralmente a natureza xurídica do programa. E, con todo, atopámonos cunha situación que é absolutamente incoherente. O Ministerio de Traballo, a través da súa inspección, cuestiona agora a figura do auxiliar de conversa como un programa de intercambio cultural e pretende impoñer unha relación laboral ordinaria no Réxime Xeral da Seguridade Social. ¿E isto que significa? Que xera unha inseguridade xurídica e que pon en risco a continuidade do programa, e traslada ás comunidades autónomas —que é o que nos preocupa— un problema que as comunidades non crearon e que non poden resolver soas.

Resulta especialmente chamativo escoitar o PSdeG dicir que só falamos do Goberno central, que só falamos de Pedro Sánchez. Pois eu dígolles que falamos de Pedro Sánchez porque este é un programa do Goberno central, porque é un ministerio do Goberno central o que o crea e outro ministerio do mesmo Goberno central o que o cuestiona; e porque a responsabilidade de resolver este problema é, loxicamente, do Goberno de España, por moito que pretendan que non falemos do Goberno de España. E, mentres tanto, vemos a outros grupos máis preocupados pola situación que pola solución e, bueno, hai que recoñecerlles que teñen bastante talento para poñernos nomes. Hoxe incluso a señora voceira do BNG nos chamaba «bulo Goberno». Pois o que nos gustaría sería que, ademais de ter talento para poñernos nomes, tivesen talento para buscarlles solucións aos problemas reais, a aqueles problemas que lles interesan aos galegos e ás galegas. *(Aplausos.)*

Vemos ao BNG convocando manifestacións, pero curiosamente non son para garantir a seguridade xurídica dos programas educativos, senón para facer oposición ideolóxica constante, mesmo cando quen falla non é a Xunta de Galicia —que tamén falla, como todas as administracións—. Neste caso quen falla é o Goberno do Estado, do que dependen ou ao que sosteñen.

Tamén me gustaría facer referencia a algo que se dixo onte aquí, que se tildou como imaxe da vergoña: un sindicato esperando a que o conselleiro o atendese. Pois, miren, señorías, a min o que me parece moito máis preocupante é pasar anos sen falar, sen querer dialogar, sen querer sentar a negociar e sen querer chegar a acordos. E logo escandalízanse porque alguén espera. Porque eu entendo que quen nunca quixo falar nin dialogar agora se sorprenda de que non haxa acordos; resulta, cando menos, curioso. A Xunta convoca mesas, chama ao diálogo e ofrece negociación; e outros responden con pancartas, ausencia e consignas, e logo pretenden dar leccións de diálogo institucional.

Mentres uns están na rúa e outros —pois non sei— non sabemos onde están —nin están nin se lles espera—, é certo que axitan a bandeira do progreso; e parece que se non fose polo Partido Socialista non existirían medidas con respecto á igualdade. Pero nós o que estamos a ver nos últimos días non é progreso, precisamente o que vemos é un retroceso tremendo e o que vemos é un vergoñento exemplo para a sociedade, cando os partidos políticos, evidentemente, deberíamos estar para dar bo exemplo.

Pero indo ao Programa de auxiliares de conversa, vemos que o que hai é unha falta de coordinación; e o que pedimos é que o Goberno de España actúe con responsabilidade e que dea segu-



ridade xurídica a este programa. Por iso entendemos que esta é unha proposta razoable, equilibrada e necesaria, que non pide ningún tipo de privilexio nin excepción, senón algo moi básico, que é que o Goberno de España coordine os seus ministerios, que aclare o marco xurídico e que garanta a continuidade do Programa de auxiliares de conversa sen que supoña ningún tipo de prexuízo económico para as comunidades autónomas. Entendemos que Galicia xa fixo o seu traballo e que agora lle toca ao Goberno central deixar a propaganda e poñerse a gobernar.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

¿Grupo Parlamentario Mixto? *(O deputado Armando Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.)* Nada.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Longueira.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Á señora Vázquez —xa llo dixen onte—, moito ánimo e esperamos vela moi pronto por aquí recuperada.

E ao señor Rodríguez, quero dicirlle que, mire, a súa alcaldesa, que tamén é a miña —non está o señor Rodríguez, bueno, pois mándenlle o recado—, Ines Rey, é a primeira alcaldesa democrática da cidade da Coruña. *(Aplausos.)* É unha muller que leva o Concello da Coruña con moi boa man e con moito sentidiño. *(Aplausos.)* E paréceme —eu sei que o señor Rodríguez está facendo méritos desde o Concello da Coruña a ver se atopa o seu sitio alí— que non é nada acaído darlle a unha muller esa categoría de que é a que non goberna. Eu creo que debería de medir esas palabras porque, entre outras cousas, xa revalidou o seu mandato e seguramente o vai revalidar nas próximas eleccións. Así que, señor Rodríguez, non sei se o oirá vostede por aí, pero teña un pouco máis de respecto cando se refire ás alcaldesas que gobernan as cidades de Galicia. *(Aplausos.)*

E agora imos ao Programa de auxiliares, que apenas lle dedicaron o tempo. Eu creo que, ademais, é unha iniciativa —como se dixo aquí— internacional, que promove o intercambio educativo, lingüístico e cultural e que se vén desenvolvendo con lectores de máis de 30 países, con acordos internacionais de máis de 30 países. Xa se dixo aquí que para este curso 2025-2026 había uns 690 lectores en todos os municipios de Galicia —lectores de auxiliares de conversa—, en 240 concellos e en 790 centros educativos. E eu quería chamar a atención porque este programa, efectivamente, faino o Goberno de España; este programa, no que entran en xogo tanto o Ministerio de Educación como o de Asuntos Exteriores, creceu exponencialmente desde o ano 2018. Casualidade, simple casualidade.

No ano 2009, no curso 2009-2010, en Galicia había 67 auxiliares de conversa. A partir do curso 2018-2019, a cifra foi ascendendo ata chegar á que temos hoxe en día: no curso 2018-



2019, 617; no curso 2023-2024, 655; no curso 2024-2025, 665; e no curso 2025-2026, 690. Isto non é unha casualidade, é froito do traballo destes dous ministerios, porque entendemos que non soamente se constrúe Europa —por así dicilo—, que se constrúe un sentimento universal, senón que, ademais, é unha ferramenta indispensable para polo menos subir as competencias en linguaxe, en lingua estranxeira —sobre todo en inglés—. En Galicia non estamos avaliados, como non podía ser doutra forma, pero, por termos do Informe Pisa, estamos un pouco por debaixo do que é a media española, que está un pouco por debaixo dos países europeos; é dicir, non nos sobra ningún auxiliar de conversa, fannos falta os auxiliares de conversa. E, efectivamente, hai un problema, porque a Inspección de Traballo en Andalucía —que foi onde se fixo o primeiro caso— decidiu ou estima —e non é culpa da reforma laboral, isto faino a Inspección de Traballo— que esa aportación que reciben estes lectores —que veñen aquí e que fan un traballo, evidentemente, pero están nunha categoría de lectores ou de alumnos convidados— debería de estar ou debe de estar dentro do réxime da Seguridade Social, cotizar e ter unhas retencións. Ben, isto non existe nestes momentos. Soamente hai unha comunidade, que é Aragón, que solventou este problema e desde hai máis de dez anos, efectivamente, segue estas pautas que di agora a Inspección de Traballo.

En calquera caso, nós propoñemos e facemos esta emenda *in voce* —voulla deixar aquí ao señor presidente— onde instamos a Xunta de Galicia a outorgar aos auxiliares de conversa propostos polo Ministerio de Educación ou polo Ministerio de Asuntos Exteriores o tratamento que se lles dispensa aos alumnos en prácticas de FP e FP Dual, aos que se lles aplica pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional o recollido na reforma laboral e da Seguridade Social, na que realizan os labores de conversa.

Esta é a proposta que nós facemos para que dentro da Comunidade Autónoma poidamos esquivar, mentres non se soluciona este problema, esta situación que está a acaecer.

Estamos de acordo en que hai que dicirlle ao Goberno de España, evidentemente, que este tema se solucione e se unifique. É que é unha lástima porque este programa —insisto— creceu exponencialmente desde a chegada de Pedro Sánchez ao Goberno, desde que o Goberno socialista está á fronte tanto do Ministerio de Educación como do Ministerio de Asuntos Exteriores. Este programa crece exponencialmente, e cremos, ademais, que é necesario —como dicía ao inicio da miña exposición—, máis que necesario, para levar as competencias en idiomas, nas que, efectivamente, non imos sobrados.

Entón, nós propoñemos supostamente este arreglo que poidamos facer, sobre todo porque temos a onde mirar, que é á Comunidade Autónoma de Aragón, que xa o leva facendo, non sei se exactamente equiparando as prácticas de FP e FP Dual, pero pode ser unha solución. E podemos, ademais, seguir adiante cunha seguridade xurídica neste sentido.

En calquera caso, nós apoiamos que esta moción poida seguir adiante e que poidamos pe-dirlle, efectivamente, ao Goberno que mellore esta oportunidade, porque non queremos, evidentemente, facer o que fixo Andalucía, que foi tirar pola rúa do medio e pechar o programa con máis de 1.000 axudantes de lectura. Non creo que Galicia poida nin deba facer isto. Ante esta eiva que nos está xurdindo polo camiño, propoñemos facer esta opción de unificar a FP



e a FP Dual, no sentido de cotización e de máis, e podemos solventar o camiño ata que se arranxe esta solución, que espero que estea en vías de arranxarse máis pronto que tarde.

Moitísimas grazas. (Aplausos.)

¿Déixolle isto aquí? (A deputada Silvia Longueira Castro entrégalle uns documentos ao presidente do Parlamento.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Fernández Davila.

MARÍA CRISTINA FERNÁNDEZ DAVILA: Bos días a todos e a todas.

Grazas, presidente.

Quería darlle dende aquí moito ánimo tamén, de parte do noso grupo parlamentario, á señora Vázquez, na etapa na que se enfronta agora ante esa enfermidade, que seguramente vai ser positiva e na que vai saír todo moi ben. Estou convencida.

Hai dezaseis anos, no 2009, foi cando o Partido Popular decidiu impulsar as linguas estranxeiras, en concreto o inglés; algo moi loable se non fose a custa do detrimento da nosa lingua propia, do galego. E fíxoo a través do Decreto do plurilingüismo, que o ten impulsado con forza, pero cara á súa extinción.

A Lei orgánica de educación establece como un dos fins do sistema educativo a capacitación para a comunicación da lingua oficial, da cooficial e nunha ou máis linguas estranxeiras; ademais de establecer que corresponde ás administracións educativas subministrar os recursos necesarios para garantir a creación de programas de reforzo de aprendizaxe de linguas estranxeiras. Non di, polo tanto, en ningures que para impulsar as linguas doutros países haxa que minguar a atención adicada ás linguas propias ata o punto de que as competencias do alumnado e os falantes vaian desaparecendo.

O BNG está a favor da aprendizaxe doutras linguas estranxeiras, dunha, de dúas ou das que sexa posible, xa que este coñecemento vai supoñer grandes vantaxes para a relación das persoas con outras de distinta orixe e cultura, e ademais arraiga as conexións e colaboracións internacionais, pero sempre dominando e participando do uso da lingua propia e sendo a Administración educativa a responsable de incentivar, facilitar e impulsar a súa aprendizaxe e uso, cousa que na Galiza levan dezaseis anos sen facer.

Como dicía, Galiza leva dende o ano 2009 participando no programa estatal de auxiliares de conversa, pasando de 67 no primeiro ano, a este curso, que están 690 auxiliares.

Parece mentira que en todos estes anos do Partido Popular no Goberno da Xunta non pensase sequera nas posibilidades de que as persoas estranxeiras con esta función nos centros educativos tivesen dereito a un contrato, a un salario, en lugar de a unha bolsa que mala-



mente lles permite vivir aquí, no noso país, e tamén a cotizar, por suposto, no réxime xeral da Seguridade Social.

No acordo que traen vostedes hoxe nesta proposición piden, á parte da continuidade do programa, que non haxa un prexuízo económico para as comunidades autónomas.

Señorías do Partido Popular, deixen de queixarse tanto, tomen as medidas que conleven a que o profesorado en xeral en toda Galiza teña as condicións laborais dignas e respecten tamén os seus dereitos laborais e económicos. Pero o máis importante é que asuman dunha vez por todas as competencias plenas en educación que temos en Galiza.

A educación para o Partido Popular, para vostedes, consiste tan só en subir á pateira doutras administracións do Estado, de Europa, e, se alguén solta cartos, vostedes son os primeiros en apuntarse rapidamente ao que están a organizar e a impulsar. Porque a súa chalana vai á deriva con respecto a que levan máis dunha década carecendo dun modelo educativo propio que aposte por unha ensinanza de calidade e inclusiva para todo o alumnado.

Bo exemplo disto foi o Plan Mega. Tiveron que saír fondos europeos para contratar profesorado de apoio e reforzo para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Mentres, nos seus orzamentos non existen partidas para contratar a maiores nin especialistas, nin coidadores, nin sequera suficientes docentes, e así moito do profesorado subvencionado con estes fondos finalistas europeos para atender este alumnado con necesidades remata facendo funcións estruturais, como son as titorías, que non se corresponden co especificado no plan que acadou estes fondos finalistas.

Vostedes miraron nesta cuestión, entre os ministerios de Traballo e de Educación, unha oportunidade máis de enfrontar co Goberno central, de novo facendo seguidismo das indicacións que lles mandan do Partido Popular en Madrid e do señor Feijóo en cuestión.

O Partido Popular na Xunta non está a gobernar para Galicia, nin sequera para os galegos e as galegas; estao a facer para os intereses do seu partido, do seu líder, cara a conseguir a Presidencia do Estado español.

E as ordes de enlamar e confrontar saen precisamente de quen foi responsable, sendo presidente da Xunta en Galiza, doutras situacións similares de traballo irregular, precarizado, no noso país, como foi, por exemplo, o conflito co profesorado que impartía os cursos Celga, que carecían de contrato, ou quen quería pasar por alto as instrucións do Ministerio para aplicar as cotizacións da Seguridade Social e as prácticas que facía o alumnado da formación profesional nas empresas.

O Partido Popular tan só rectifica cando hai presión social ou cando hai sentenzas xudiciais. E hoxe viña a señora Vázquez incluso a dicirnos ao BNG que teríamos que buscar solucións aos problemas educativos. Pois non vai haber ningún problema, porque, como alternativa de goberno, evidentemente, temos o noso interese centrado en buscar solucións e en solventar todos eses problemas que vostedes están xerando.



É que o Partido Popular agora pretende utilizar a educación como unha academia privada. E xa foi daquela, no 2015, cando as docentes que impartían eses cursos de formación preparatoria para a obtención da certificación Celga decidiron mobilizarse para mudar a situación precaria que asumía a Consellería. Foron ao xulgado e gañaron; pasaron a ser persoal indefinido con contrato e tamén cunha cotización como correspondía á Seguridade Social.

Foi no ano 2020 cando algunhas consolidaron o seu posto, pasando a ser laborais fixas, e son chamadas agora a traballar tan só cando son precisas, cando hai moita forza de traballo, sobre todo nos programas Celga. Pero habería numerosas tarefas que facer a nivel educativo con respecto ao noso idioma nas que conviría ter —e xustificaría ter— a xornada completa durante todo o ano a todas estas persoas.

Ao herdeiro do señor Feijóo, o señor Rueda, non lle quedou outra tamén que aplicar no 2024 o pago das cotas da Seguridade Social para aquel alumnado que fai as prácticas en empresa, a través da Fundación Universitaria Feuga. E nese primeiro ano houbo nin máis nin menos que 42.000 altas, dando protección así social e de accidentes laborais a este alumnado traballador.

Por último, quero referirme tamén ás axudas que a Consellería de Educación convoca todos os anos para conceder estes auxiliares de conversa a centros privados concertados. Parte destes requisitos —dous en concreto— son moi interesantes. O primeiro sería dispoñer dunha persoa auxiliar de conversa en posesión dunha diplomatura, licenciatura ou grao equivalente ou estar matriculado no último curso dos seus estudos; cando para os centros públicos se admite que o auxiliar de conversa estea realizando até o segundo ano de carreira. Aí xa hai unha diferenza. E, en segundo lugar, exixen formalizar un contrato coa persoa auxiliar, tanto sexa laboral ou mercantil. Polo tanto, esta persoa estaría tamén sempre dada de alta en comparación con estes que non o están.

Así que queda claro que para vostedes existe alumnado de primeira e de segunda, e que cando lles toca sacar os cartos para pagar e incentivar os dereitos que teñen estas persoas non o fan.

Señora Vázquez, deixen de enfrontar e dialoguen precisamente co Ministerio de Educación para que resolva este problema canto antes e para garantir ás persoas auxiliares de conversa os seus dereitos no noso país.

Non parece ético que estean cinco anos estes traballadores sen cotizar, cobrando unha bolsa en vez dun salario que case non lles permite vivir, e, ao fin e ao cabo, vostedes terían competencias plenas para incluso impulsar este tipo de programas aquí, no noso país.

O BNG vai apoiar a súa proposta e esperemos que no futuro non sexa preciso engadir estes auxiliares de conversa tamén para o idioma galego.

Grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.



Para o peche desta proposición non de lei, a señora Vázquez Suárez.

CECILIA VÁZQUEZ SUÁREZ: Grazas, presidente.

Bo día de novo, señorías.

Creo que quedou ben claro neste debate que ninguén cuestiona o valor educativo do programa Auxiliares de Conversa; ninguén dubida da súa utilidade nin do seu impacto positivo no alumnado. Pero o que está en xogo, señorías, é algo moi distinto, que é se o Goberno de España vai asumir ou non a súa responsabilidade.

Eu quería dicirlle, señora Longueira, xa que vostede falaba do Informe PISA, que tamén hai outro informe que se fai anualmente, que é o Education First, que acaba de consolidar a Galicia por segundo ano consecutivo como a comunidade con maior nivel de inglés de España, cunha puntuación de 563 puntos, 23 máis que a media española; e Galicia sitúase na táboa de dominio alto da lingua inglesa no contexto mundial, mentres que o conxunto de España queda na de manexo moderado.

Este informe é o maior estudo a nivel internacional. Analízanse os resultados das enquisas realizadas a 2,2 millóns de persoas de 123 países e rexións de todo o mundo, dos cales o 54 por cento foron mulleres e o 46 por cento homes, cunha idade media de 26 anos. E —insisto— este informe di que Galicia por segundo ano consecutivo é a comunidade autónoma de España con maior nivel de inglés.

Pois ben, como dicía, este non é un problema que crease a Xunta de Galicia, non é un problema que creasen as comunidades autónomas. É o resultado dunha falta de coherencia interna dun goberno que está máis pendente de resistir, do argumentario, da consigna e do titular que de garantir a seguridade xurídica dos programas educativos.

Que o BNG nos veña falar de imaxes de vergoña, que nunca quixo falar, dialogar nin chegar a ningún tipo de acordo, cando se lle ofreceu; que o PSOE se moleste cando falamos do Goberno central, como se non fose lexítimo sinalar a quen ten a competencia, porque a competencia —volvo insistir— non é da Xunta de Galicia. Vivimos nun sistema democrático no que quen ten a responsabilidade debería ser quen dea explicacións, e neste caso a responsabilidade é claramente do Goberno de España. Quero insistir en que a Xunta de Galicia cumpre, xestiona, financia e sostén o programa, e o que pedimos nesta PNL é simplemente que o Goberno central faga o mesmo: que coordine, aclare e garanta, sen trasladar o problema nin a factura ás comunidades autónomas.

Nós seguiremos facendo o que toca: defender a educación, a seguridade xurídica e a seriedade institucional, sen teatro e sen ruído. Sobre a emenda *in voce* que plantexan, parécenos un branqueamento e escorrer o vulto. Nós o que pretendemos con esta proposta é buscar solucións. Porque gobernar non é facer consignas; gobernar é dar solucións.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)



O PRESIDENTE: Grazas.

Votación das proposicións non de lei

O PRESIDENTE: Rematado o debate das proposicións non de lei, procedemos á votación das mesmas.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Patricia Iglesias.

Había unha autoemenda que foi aceptada.

Votamos.

Votación do texto autoemendado da Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada Patricia Iglesias Rey e dous deputados/as máis, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que inicie neste ano 2024 os trámites para adxudicar a construción do segundo tramo da autovía da Costa da Morte.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, iniciativa de dona Lara Méndez.

Non se aceptan as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Popular.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada Lara Méndez López e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para darlle impulso ao Museo da Romanización de Galicia en Lugo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Popular, iniciativa de don Rubén Lorenzo.



Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Rubén Lorenzo Gómez e oito deputados/as máis, sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha no que atinxe ao impulso da investigación e do aproveitamento dos recursos mineiros e das materias primas estratéxicas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 25; abstencións, 10.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: *Votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, iniciativa de dona Noa Presas.*

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa das deputadas Noa Olalla Presas Bergantiños e Olalla Rodil Fernández, sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego en relación cos compromisos adquiridos polo presidente da Xunta de Galicia verbo dos centros móbiles de información á muller (CIM).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: *Votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, iniciativa de don Iago Tabarés.*

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa dos deputados Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Óscar Insua Lema, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que remita no tempo e na forma que proceda a información e documentación que lle solicitan as deputadas e os deputados do Parlamento de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.



O PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona Cecilia Vázquez.

Votamos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, pero unha emenda *in voce* ten que ser aceptada por todos os grupos. Xa se pronunciou a do Grupo Parlamentario Popular que non. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Entón, repetimos a votación.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Cecilia Vázquez Suárez e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que garanta a continuidade do Programa de auxiliares de conversa sen prexuízo económico para as comunidades autónomas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por unanimidade.

O PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións.

Alteración da orde do día

O PRESIDENTE: Continuamos cunha alteración da orde do día, que é unha pregunta ao Goberno.

Pregunta da deputada Paula Prado del Río e oito deputados/as máis, sobre as negociacións da Xunta de Galicia co Goberno central respecto da dotación de efectivos da Unidade de Policía Nacional Adscrita de Galicia

O PRESIDENTE: Neste caso, pregunta de dona Paula Prado, do Grupo Parlamentario Popular.

PAULA PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, como ben sabe son innumerables as ocasións que temos debatido neste Parlamento e reivindicado o incremento do número de efectivos da Unidade de Policía Adscrita. A última vez que trouxemos este asunto a esta Cámara foi no mes de setembro e a situación de merma era xa dramática. Naquel momento había 344 axentes da Unidade de Policía Adscrita —a cifra máis baixa dende a creación deste corpo—. Pois ben, tres meses despois seguimos batendo récords á baixa, e hoxe estamos en 338 efectivos nesta unidade; é dicir, un menos que cando rexistramos a pregunta, cinco menos que o ano pasado e 136 menos que no ano 2013, cando, co Goberno de Rajoy, estivemos máis preto que nunca dos 500 efectivos que nos corresponderían por catálogo.

Pero chegou Pedro Sánchez e non só aplicou a motoserra na plantilla da UPA, senón que ademais pretende chantaxear a Galicia para que os galegos e galegas paguemos máis polo



mesmo. Unha chantaxe na que nos ofrecen dúas únicas opcións: ou seguir facendo máis con menos ou ter que pagar o triplo por contar con exactamente os mesmos servizos. Sabemos que, tanto vostede como o presidente Rueda, levan tempo negociando e ofrecendo solucións alternativas, ao igual que sabemos que o único que reciben pola outra parte é a intransixencia ou, no peor dos casos, o silencio. Pero o realmente triste é que estamos sos nesta loita pola dignidade e a seguridade de Galicia, porque nela non podemos contar nin cun Bloque Nacionalista Galego que ao que aspira realmente é a extinguir á Unidade de Policía Adscrita e a botar da nosa comunidade autónoma os corpos e forzas de seguridade do Estado —tanto a Garda Civil como a Policía Nacional, como así levaban no seu programa electoral das pasadas eleccións autonómicas e que intentaron disfrazar e ocultar a todos os galegos e galegas— nin cun Partido Socialista disposto a sacar dos petos dos galegos máis de dez millóns de euros só con tal de non levar a contraria ao seu amado líder. Así que, ante a dramática situación que estamos a vivir coa baixa de efectivos na Unidade de Policía Adscrita, unha unidade que —como ben sabe todo o mundo— ten competencias moi importantes, entre elas a da protección das vítimas de violencia de xénero —que por outro lado, cada día son máis en Galicia e concretamente na provincia de Lugo—, señor conselleiro, ¿en que situación se atopa a negociación co Goberno central para acadar a cobertura integral do catálogo de efectivos deste corpo?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo Pouso.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): Moitas grazas, presidente.

Señorías.

Señora Prado, pois a verdade é que a situación na que se atopa no día de hoxe a negociación é a mesma na que se atopaba o mes anterior, o mes anterior, o mes anterior e o mes anterior. Saben vostedes como lles trasladamos nalgunha das intervencións, tanto aquí como na propia comparecencia de orzamentos, que no mes de febreiro o presidente da Xunta de Galicia se reuniu co ministro de Interior e co secretario de Estado de Seguridade naquel momento —acompañado por min mesmo— e lles puxemos enriba da mesa cal era a situación da Policía Autonómica. Pedíámoslles que, entre a proposta de novo convenio que facía o Ministerio e o convenio actual xa caducado que tiñamos no día de hoxe, podíamos chegar mesmo a un acordo, a un punto intermedio. Iso estaba baseado en que tiñamos funcións distintas noutras comunidades autónomas e que, ademais, o incremento que propoñía o Ministerio era inasumible. Dende aquel momento, dende febreiro deste ano, o ministro dixo que ía revisar cal era a situación, que outras comunidades estarían dispostas —parecía ser— a firmar —no día de hoxe só firmou Andalucía— e que, polo tanto, xa nos daría unha contestación. Pasaron dous, doce, dez meses e seguimos sen contestación. Hai pouco, a semana pasada, tivemos unha nova reunión —neste caso técnica— onde volvemos poñer enriba da mesa esta situación e a verdade é que non temos resposta por parte do Ministerio. Esta semana pasada vol-



vín escribir unha carta ao ministro para que nos dea unha contestación e un punto de encontro. Seguimos sen contestación.

E dicía vostede unha cousa importante: que estamos sos. Si. É verdade que ás veces é mellor estar só que mal acompañado. Porque esta situación nós xa a levamos trasladado a este Parlamento en innumerables ocasións. E, de feito, ante esta situación a Xunta de Galicia tivo que tomar algún axuste, e empezamos axustando o número de efectivos que estaban de vixilancia neste edificio, tamén en San Caetano e incluso en Monte Pío. E a resposta dos outros grupos non foi presionar os seus socios en Madrid para que esta situación cambie, non. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) É alentar e dicir mentiras de que iamos deixar desprotexidas as vítimas de violencia de xénero. Hai que ter cuajo e moita cara política para dicir iso e quedarse tan ancho. (*Aplausos.*) Porque iso non é verdade e sábeno perfectamente. Nós o que dixemos é que, se cada vez temos menos efectivos, se cada vez hai máis denuncias e hai máis vítimas ás que hai que protexer, non podemos prestar un servizo de calidade. E, en vez de preocuparlles iso, o que fan é contar mentiras. O que tiñan que facer é pedirlle ao Ministerio que poña máis efectivos en Galicia na UPA. Pero non, prefiren dicirlles ás vítimas que se preocupen porque agora van estar desprotexidas. ¡Iso é falso, rotundamente falso! (*Aplausos.*) E parece mentira que algúns lles sigan o xogo; uns porque lles interesa e os outros porque non se atreven a enfadar os seus socios. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Prado.

PAULA PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Efectivamente, señor conselleiro, son innumerables as ocasións que o temos traído a este Parlamento. Cada vez que vemos que vostedes non conseguen que no Ministerio lles fagan caso e o Goberno nos desprece cada día, cada hora, cada segundo, presentamos aquí iniciativas e o que obtemos da oposición é «outra vez traen unha iniciativa da Unidade de Policía Adscrita». ¡Pois si! Traerémola unha e outra vez as veces que faga falta. (*Aplausos.*) Porque, ademais dun agravio económico, estamos ante un agravio territorial, porque a Galicia dinlle que non para 162 vacantes. Agora, iso si, a Cataluña dinlle que si cando pide 6.000 axentes máis para os Mossos d'Esquadra. Nós non imos consentir que fagan iso. Galicia non quere máis, pero tampouco quere menos que ninguén. Por tanto, pedimos o que nos corresponde. (*Aplausos.*)

E nós dicimos que non a que o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego digan que desprotexemos as vítimas. Aquí os únicos que desprotexen as vítimas son os que miran cara a outro lado cando lles presentan denuncias por agresión sexual (*Murmurios.*) e aquí os únicos que miran para outro lado son os que no día 17 de decembro seguen compartindo Goberno con José Tomé, que se di que é un agresor sexual dende hai exactamente oito días. Leva oito días o Bloque Nacionalista Galego abrazado a José Tomé e, por tanto, desprotexendo e traizoando as vítimas que o denunciaron. (*Aplausos.*) Se queren dicir «presuntas vítimas» díganlo vostedes; nós non o imos protexer. Os que protexen e abrazan a José Tomé son vostedes.



Por tanto, señor conselleiro, a nós parécenos insostible que, por culpa da negativa de Sánchez e Marlaska, haxa neste momento menos efectivos e sigamos tendo un axente...

O PRESIDENTE: Grazas.

PAULA PRADO DEL RÍO: ...para cada sete vítimas.

O PRESIDENTE: Grazas, grazas.

PAULA PRADO DEL RÍO: Iso non o podemos consentir.

Moitas grazas. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Peche da pregunta, señor conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes. (*Murmurios.*)

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): Moitas grazas, presidente.

Pois a verdade é esa. Nós temos un corpo policial que cada vez ten menos efectivos, como temos explicado neste Parlamento en innumerables ocasións. Débese ás xubilacións, por un lado, e, por outro lado, a que cando os axentes ascenden de grao teñen que cambiar de destino. En consecuencia, ata este momento o que se facía era volver cubrir esas prazas con axentes do Corpo Nacional de Policía, pero o Ministerio nun momento determinado deixou cerrada esa posibilidade e, para poder cubrir esas prazas, obríganos a firmar un convenio totalmente distinto e moito máis oneroso que o que tiñamos.

Nós diciámoslle que podíamos chegar a un acordo, un punto intermedio entre a proposta inicial do Goberno —entre a proposta inamovible do Goberno— e a proposta inicial nosa, que era manter o propio convenio que xa estaba vencido. E era: os axentes que xa estaban no día de hoxe, seguir validando o seu financiamento polo convenio anterior, e os novos axentes rexernos polo convenio actual. Creo que é unha proposta centrada, que vai no punto intermedio entre as dúas posibilidades e que podería ser aceptada. Pero non queren. Pois, se non queren, nós o que temos que garantir ante todo é a calidade do servizo. ¿Vostedes imaxinan que se siga incrementando o número de vítimas e non poidamos atendelas? ¡Non! E dito isto: ¿por que atendemos as vítimas de violencia de xénero en Galicia? Somos a única comunidade autónoma cunha unidade de policía adscrita que asumiu estas funcións no ano 2018 froito dun convenio firmado co Ministerio nun momento no que había unha gran demanda de atender vítimas de violencia de xénero e Galicia —debido a que tiña unha unidade de policía adscrita moito máis dotada en número de persoal que no día de hoxe— comprometeuse co Ministerio a botar unha man. E, ¿que farían vostedes se nun momento determinado o número de efectivos non chega para garantir a calidade dese servizo? ¿Deixarían de prestar un servizo que non é competencia? Pois o normal é que si. Agora, ¿que está a oposición tratando de dicir? Que aquí un día vai desaparecer a protección. ¡Non é certo! Se as vítimas deixan de ser atendidas pola Unidade de Policía Adscrita, teñen que ser atendidas polo Corpo Nacional de Policía. Nunca van estar desprotexidas. (*Murmurios.*) Parece mentira



que algún partido político intente xogar con estas cousas, porque volvemos unha e outra vez demostrar quen é feminista de boquilla e a quen lle preocupa de verdade a seguridade das vítimas de violencia de xénero. *(Aplausos.)* Isto é o que está pasando aquí. E non vale dicir que non se enteraran, que isto é novo. ¡Non!, porque este asunto témolo tratado e avanzado en moitas ocasións.

Somos a única comunidade autónoma que está a prestar ese servizo. Ben poderíamos ter un financiamento diferenciado, porque para prestar este servizo fan falta moitos efectivos, e, se non hai efectivos, o que é responsable é advertilo e, a quen ten as competencias, pedirlle que ante a imposibilidade operativa de poder prestar un servizo con garantías, quen o ten que facer é...,

O PRESIDENTE: Grazas.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): ...neste caso, a Policía Nacional.

O PRESIDENTE: Grazas, grazas.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Pregunta do deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o anuncio realizado polo Goberno galego respecto da posibilidade de que a Unidade de Policía Adscrita deixe de facer funcións de protección ás vítimas de violencia de xénero

O PRESIDENTE: Pregunta de don Iago Tabarés.

IAGO TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Grazas, señor presidente.

Señorías.

«Rueda respalda a Diego Calvo y asegura que si no hay refuerzos la Policía autonómica dejará de proteger a las víctimas de violencia machista». *La Voz de Galicia*, non sei a data, foi anterior, non posterior, á súa intervención. Está claro, cando falamos da medida da Xunta de Galicia, estamos a falar da Unidade de Policía Adscrita; non doutras unidades sobre as que non temos competencias. Nós o que lle pedimos, señor conselleiro, exvicepresidente, é a inmediata rectificación das súas manifestacións *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* sobre a retirada de protección da UPA, da Unidade de Policía Adscrita —respecto da que vos tede ten competencias—, ás vítimas de violencia machista. Nós o que lle pedimos é unha rectificación, señor conselleiro, e que deixen de utilizar as vítimas de violencia machista como arma arreboladiza contra o Goberno do Estado. *(Aplausos.)* Que deixen de utilizar —e mesmo creo que é boa oportunidade, señor conselleiro, para rectificar a súa frivolidade na última intervención— os axentes da Unidade de Policía Adscrita como arma arreboladiza fronte ao Goberno do Estado. Que rectifiquen e que deixen esa liña privatizadora, non externalizadora, tanto no ensino como na sanidade, como agora tamén na seguridade pública.



Señor conselleiro, dende o Bloque Nacionalista Galego somos perfectamente conscientes de que vostede é responsable desta alarma creada, mais non é o responsable da situación da Unidade de Policía Adscrita. O responsable fundamental da situación de perda de efectivos da Unidade de Policía Adscrita é o seu predecesor, é o señor Rueda. Primeiro, porque tiña a posibilidade de crear un corpo galego de policía e rexeitouna. Algo que está previsto no Estatuto de 1981, que está previsto na Lei de 2007, que está previsto nunha Lei orgánica de 1976 e que, por ordes de Madrid, recuaron e agora negan. É algo que o Bloque levaba tan oculto no programa electoral que estaba publicado onde nos deixan publicar—obviamente, non na TVG—. *(Aplausos.)*

Pero, ademais, é que estamos a falar, cando falamos de Policía Adscrita, dun convenio administrativo que tivo a oportunidade de renovalo durante trece anos, porque está vencido dende 2008. Trece anos tivo o señor Rueda para poder renovalo. E tivo posibilidade co Ministerio do Interior de Rubalcaba; tivo a posibilidade de renovalo co imputado Fernández Díaz, e non o conseguiu; tivo a oportunidade de renovalo con Zoido, e tampouco conseguiu; e, agora, ten a oportunidade de renovalo con Marlaska, e non o conseguiu. Realmente é un pouco incapaz ou inepto nas súas xestións. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* Pero hai máis, agora vostede quéixase de que obrigan a pagar o 50 por cento. Iso — como xa falamos moitas veces— está na disposición final dunha lei de 1986, que vostedes puideron reformar esa lei. Puido reformala a través do seu grupo parlamentario...

O PRESIDENTE: Grazas.

IAGO TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...puido reformala a través dun proxecto de lei ou a través de Montoro...

O PRESIDENTE: Grazas, ten outro turno despois. Grazas.

IAGO TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...e non o fixo. *(Aplausos.)* *(Murmurios.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): Fun apuntando as cousas que dicía, señor Tabarés. Di vostede que nós anunciamos a retirada da protección. O que anunciamos é que nos imos ver obrigados a falar co Ministerio co tempo suficiente para que o Ministerio adopte as medidas que teña por *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* conveniente —e isto expliqueillo a vostede e á señora Castro, tamén, na comparecencia de orzamentos— para que a Policía Nacional asuma esa función. En ningún caso, ningunha persoa con sentido común, ningunha persoa normal podería entender que dun día para outro se ía acabar coa protección. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

E di vostede que nós somos os causantes da alarma. ¡Non! Alarma relativa, pero esa relatividade da alarma quen a causou foron vostedes e máis os seus socios. *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)* Son os únicos que intentan causar alarma e utilizar as



vítimas, señor Tabarés. Porque ben que se lle enche a boca agora... A protección e a utilización das vítimas. Aínda non condenaron —díciallo o presidente pola mañá á súa voceira—, aínda estamos esperando que condenen os comentarios machistas que lle fixeron á miña compañeira de Goberno. Pero vostedes aí son incapaces de poder dicir nada, porque non se atreven.

Din vostedes que durante non sei cantos anos o convenio estaba vencido e non se renovou. ¡É certo! Ten vostede razón. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero ¿sabe por que? Porque, co convenio vencido, sen necesidade de renovarse, seguían cubríndose prazas, porque os ministros que había ata o de agora tiñan o suficiente sentido común para ir renovando prazas aínda que o convenio estivese vencido. E agora o ministro —o seu socio, o señor Marlaska— dixo que ningún, e por iso levamos dous anos e pico largos, case tres, reducíndose paulatinamente o número de persoal dentro da UPA. Non é porque o convenio estea vencido, porque antes estaba vencido e cubríanse as prazas. É por vontade política. *(Aplausos.)* E vostede vén reclamarnos aquí, vennos reclamar de todo, pero non se lle ocorreu dicir nada, nada, absolutamente nada, ao Ministerio; non houbo nin una mala palabra ao Ministerio, nin unha reclamación. Porque é o que dicimos sempre: vostedes aquí son *(O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo Pouso, xesticula airadamente.)* tremendos, agora, iso si, se lles hai que reclamar aos seus socios, caladiños. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* Xa o dixo Paula, estámolo vendo na Deputación de Lugo: aí caladiños, non vaia ser que se enfaden e nos manden para a casa. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.) (Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Iago Tabarés.

IAGO TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Mire, señor conselleiro, teña claro —porque con iso eu creo que non se pode nin xogar nin frivolar — que dende o Bloque Nacionalista Galego —perdón, despois faga espaventos, pero primeiro déixeme falar— *(Risos.) (Murmurios.)* nunca aplaudiremos a presuntos violadores; dende o Bloque Nacionalista Galego nunca consideraremos exemplar a un maltratador; *(Aplausos.) (Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* dende o Bloque Nacionalista Galego non consideraremos un maltratador como «un divorcio duro». Con iso non se pode frivolar, veña do Partido Popular, veña do Partido Socialista ou veña de quen veña. Con iso ningunha broma, señor conselleiro.

Eu insistiríalle: non xoguen, como arma arreboladiza, como arma para facer oposición, coa protección das vítimas de violencia machista nin tampouco cos axentes que prestan estes labores de seguridade. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

Vostedes sempre nos veñen co mantra de que aquí somos somos mansiños ou... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Miren, vostedes son ineptos aquí e en Madrid. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* ¡Son absolutamente ineptos! Porque, mire, aquí existe unha posibilidade, e a posibilidade que nós lle ofrecemos dende hai moitos anos é crear un corpo galego de policía para que non teñamos que andar mendigando e para que a seguridade dos homes e das mulleres de Galiza non dependa da vontade do Goberno do Estado; e vostedes agora non queren. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*



Pero, en todo caso, vostedes teñen a obriga de negociar, pero tiveron a obriga e a posibilidade de negociar con gobernos amigos e con gobernos inimigos. Señor conselleiro, se non son... *(Murmurios.) (Interrupcións.) (Escóitase un intercambio de comentarios entre varios deputados e deputadas.)*

O PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio, por favor! *(Interrupcións.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Silencio. Está parado o reloxo.

IAGO TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Non, non, xa. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* Ben.

O PRESIDENTE: Silencio, señor, por favor. Por favor, un pouco de calma. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

IAGO TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Non sei se dixen algunha...

O PRESIDENTE: Se falamos todos aquí non...

IAGO TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...inconveniencia... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* Con gobernos da mesma cor política ou con gobernos de diferente cor política. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* Ben, en todo caso, nin con uns nin con outros conseguiron chegar a ningún acordo, señor conselleiro. Se vostede non é quen, dimita, porque incluso podían ter cambiado a lei. *(Aplausos.)* O que están pedindo... Por certo, para cubrir por un sistema regular fai falta ese acordo administrativo; para cubrir a dedo non, pero para cubrir con un sistema regular si fai falta...

O PRESIDENTE: Grazas.

IAGO TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...ampararse... *(O deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro sinala á bancada do Partido Popular.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

O PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo. *(Protestas.) (Murmurios.)* Si, si. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Protestas.) (Murmurios.)* Non, non, non, non. Non, non, non, non. Mire, é que está... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Protestas.)* Non, non perdoe, eu controlo o reloxo. Nese momento pareino e dinlle, porque houbo esa pequena interrupción, 22 segundos máis.

IAGO TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Bo nadal tamén en Palestina. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas. ¿Como? ¿Perdón? ¿Bo nadal...? Non oín, non oín iso. Non, non, non, non, pero non. É que non escoitei, non escoitei. Ao aplaudir tanto... ¿Bo nadal en...? *(Varios deputados e deputadas: Tamén en Palestina.)* Ah, perfecto. ¿Bo nadal en Palestina? Por suposto, tamén. ¿Foi o que...? *(O deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro pronuncia palabras que non se perciben.)* Correcto. Secundo iso. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

Peché do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.



O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): Señor Tabarés, o seu grao de hipocrísia é tal que eu creo que ata vostedes mesmos o acaban crendo. Di vostede que non se pode —apunto— «xogar ou frivolar coas vítimas». Pero, ¿quen está xogando ou frivolarizando? Quen empezaron a dicir ou intentar transmitir a idea de que as vítimas ían quedar sen protección dun día para outro foron vostedes. Foron vostedes e mais os seus socios. ¿Iso que é? ¿Frivolar, xogar ou que que é? Quen mira para outro lado con esa hipocrísia característica do Bloque son vostedes. Cando a CIG fai comentarios machistas... Decía vostede «nin cando non sei que...» e olvidóuselle un caso. Cando o sindicato nacionalista critica unha conselleira do PP, aí calamos. Porque iso non é entrar en escena, aí podemos calar. *(Aplausos.)* Porque non se lle ocorreu dicilo. Pode incorporalo ao seu argumentario. Aí calan.

Din vostedes: «están privatizando a sanidade, a educación e agora a policía». Oia, a súa alcaldesa de Santiago é quen recorreu a unha empresa privada para atender o túnel, porque non ten policías. *(Murmurios.)* Aquí, se falamos de privatizar, supoño que serán os do Bloque de Santiago. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero aquí demostrase que, unha e outra vez, os máis hipócritas deste Parlamento politicamente falando son vostedes. *(Aplausos.)* O PSOE ten difícil defender a súa postura, pero vostedes teñen unha cara de formigón armado tremenda.

Di vostede que non se cambiou durante... Xa llo expliquei, que non facía falta cambialo, porque o convenio estaba ben e as prazas, señor Tabarés, íanse cubrindo, porque os sucesivos ministros do último Goberno do Partido Popular e ao principio do señor Sánchez permitían cubrir as prazas. Pero, nun momento determinado, Sánchez cambiou —non sei se foi polo voto decisivo do Bloque, pero cambiou— e decidiu que en Galicia non se lle daba unha praza máis para a Unidade de Policía Adscrita. E, a partir dese momento, viñeron os problemas. E, a partir dese momento, ¿que fixo a Xunta de Galicia? Tentar negociar. Ou cando fomos falar co ministro, que fomos sen dar noticia nin comunicación pública porque queríamos sentarnos a negociar, porque queríamos expoñerlle que temos razóns suficientes para poder ter un convenio distinto. Porque estamos facendo funcións que non fai ningunha outra comunidade autónoma e porque o noso corpo non é o de Madrid, nin o de Valencia nin tampouco Andalucía; é distinto. E queríamos un punto intermedio. ¿Que fai o ministro? Mirar para outro lado. ¿E que fai o Partido Socialista? Pois como vostede hoxe: pedir a dimisión. Hai que ter cara e ser hipócrita para pedir a dimisión por isto e non dicir absolutamente nada ao Ministerio; que é o que fan vostedes, señor Tabarés. Eu recomendaríalle ser un pouco menos hipócrita e atender as mulleres e preocuparse pola calidade do servizo, que é bastante máis importante.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Punto cuarto da orde do día, interpelacións.

Interpelación da deputada María Montserrat Prado Cores e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política de externalización de servizos dentro da sanidade pública galega e as condicións do novo contrato asinado polo Sergas con Riberapovisa



O PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Prado.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: Grazas, presidente.

Moi bo día.

Bo día, señor conselleiro.

A principios deste mes de decembro saltaba aos medios de comunicación a nivel do Estado unha información publicada por un medio de comunicación, en concreto *El País*, onde se facía referencia a uns audios do CEO de Ribera Salud. Que teño que dicirle que é o grupo propietario do hospital Povisa, co que o Sergas ten un contrato millonario. O último deses contratos asinouse en abril/maio deste ano, por un importe de case cen millóns de euros anuais. E dígoos para que vexamos a importancia do que saltou aos medios de comunicación a respecto da actuación desta empresa, que é a mesma empresa propietaria do hospital Povisa, en Vigo, que é para, como mínimo, ter preocupación. No BNG temos máis que preocupación. No BNG tiñamos as alarmas encendidas desde hai moito tempo a respecto de como se inviste a cantidade de millóns dos orzamentos da Xunta —e, polo tanto, dos galegos e das galegas— que se lle destinan a un hospital privado.

Temos pedido neste Parlamento todo tipo de información. Temos pedido que se nos faga entrega do contido concreto do contrato. Porque vostedes din que o contrato é público, pero o único que é público é que hai un contrato e hai un importe, pero no día de hoxe non sabemos o contido dese contrato. Non sabemos cales son as exixencias que se lle poñen á empresa; non sabemos que número de profesionais se lle exige; non sabemos que tipo de prestacións; non sabemos se, con eses cartos que teoricamente teñen que pagarse aos empregados para atender os doentes da sanidade pública, eses profesionais tamén atenden a parte privada; non sabemos se parte deses cartos van destinados á infraestrutura hospitalaria que leva a cabo Povisa; non sabemos se parte deses cartos van destinados á maquinaria e á tecnoloxía de Povisa, porque, teoricamente, o único que se lle tiña que pagar é a prestación sanitaria. Temos mostrado aquí a nosa preocupación por que o Partido Popular non queira facer público como se invisten eses cartos, se van para a atención á poboación ou non van. Opacidade total, negativa a facilitar información.

E agora, claro, cando saltan estes audios empezamos a saber por que ou, polo menos, intuimos por que o Partido Popular ten tanto celo en gardar o contido deses contratos. E que non saibamos cantos outros cartos lle meten sen que sexa público. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, señor conselleiro. Inxección de millóns —3 millóns agora, 2, non sei...— máis alá pola falta de liquidez da empresa. Porque, ademais do contrato para a atención, resulta que Povisa é o hospital privado que máis cartos leva dese contrato marco para rebaixar as listas de espera do Sergas; en vez de ter a rede do Sergas dimensionada para atender a súa poboación, téñena reducida á mínima expresión na área sanitaria de Vigo —igual que nas outras, pero na de Vigo coa máxima expresión— e logo fanlles contratos aos hospitais privados para que rebaixen as listas de espera do Sergas. E quen leva a tallada máis grande deses 8 millóns anuais é Povisa. Polo tanto, 97,5 do contrato; 6, ¿poñémoslle 5? Máis de 100. Logo ten unhas condicións moi beneficiosas para acceder a fármacos. Téñenlle pagado á parte todo



o que é o tema de próteses. Todo iso é unha nebulosa. Por iso lles digo que é unha nebulosa, señor conselleiro. Vostede mírame con cara un pouco así asombrada, non sei se é para a ver se disimula ou é que, de verdade, vostede non sabe todo isto, que aínda non lle deu tempo. Porque non hai nada vostede dixo que aínda non tivera tempo de saber cal era a situación nos centros de saúde. Entón, igual non tivo tempo de saber como é a situación en Povisa. Dígoo porque, de verdade, o resto non o ven de fronte, pero, claro, pois, se non é así, dígaos ao chegar aquí. O BNG e eu aquí, como, neste caso, voceira, estamos dispostos a facer unha interpelación outro día cando vostede teña toda a información; aínda que debería tela.

Entón, esa é a nosa preocupación, esa é a nosa preocupación. Porque ¿sabe cales son os datos de Povisa? Un volume de negocio de 122 millóns de euros. Eu funlle facendo a conta: 97,5, máis 5 do contrato marco para as listas de espera, máis as condicións vantaxosas para adquirir fármacos, máis que se lle paga todo o tema de implantes ou próteses, máis... ¿Cal é...? ¿Que parte lle queda para a privada? Dígoo porque a empresa presume de que... Non, non, pero vemos que máis do 80 por cento, sendo xenerosas, é con cartos públicos. Polo tanto, o Partido Popular tiña que ter o máximo rigor de controlar como se invisten eses cartos públicos. *(Aplausos.)* Debería telo. Debería telo, señor conselleiro. O BNG ten probas dabondo de que iso non se está facendo.

Polo tanto, uns audios, señor conselleiro, que estou convencida de que vostede xa os coñece. O que non coñecemos é se vostede fixo algunha actuación despois destes audios ou se lle parecen preocupantes ou non. Polo tanto, a primeira pregunta é sobre estes audios onde o CEO de Ribera Saúde, que é o mesmo CEO de Povisa, di textualmente: «¿Cal é a nosa capacidade de xestión? Entendo que somos capaces de determinar a actividade que podemos prover ou, dito doutra forma, establecendo a lista de espera cirúrxica vains determinar a actividade e, determinando a actividade, Celia —diríxese a unha directiva— e o teu equipo ides traballar e determinaredes cales son os gastos e o nivel de beneficio que teremos. E, de aí, a idea sería facer interacción até que ao final poidamos alcanzar un beneficio de catro ou cinco millóns. Ou sexa, todos sabemos que a elasticidade da conta de resultados á lista de espera é directa. E sabémolo porque acabamos de facer en sentido contrario, no ano 2022 e 2023, esforzos para baixar as listas de espera e agora o que temos que facer é o camiño inverso». Non rebaixalas, senón aumentalas. Aumentalas á custa de facer menos intervencións e, polo tanto, menos intervencións significan menos beneficios. E logo, noutra parte dos audios o que di é que hai que seleccionar determinados procesos de saúde e, os que dean menos beneficio, hai que eliminalos. Hai que centrarse nos que dan máis beneficio. Polo tanto, os caros hai que intentar non facelos.

Señor conselleiro, con estes audios sae á luz pública o que xa sabíamos: como funciona a privatización da sanidade pública e que fan as empresas privadas da saúde para obter o máximo beneficio. A nós parécenos un mecanismo criminal. Hospitais aos que se lles adxudica a atención da sanidade pública. Polo tanto, doentes que tiñan que ser atendidos na pública adxudícanse a hospitais privados e fan o que faga falta para gañar cartos. E, se iso implica xogar coas listas de espera, non atender a poboación para non gastar cartos en facer intervencións cirúrxicas, non atender doentes que saian caros, pois resulta que o fan. ¿E fano por que? Porque cada euro que non se inviste en atender os doentes é un euro máis para a caixa de resultados das empresas. E iso son actuacións criminais. *(Aplausos.)* Son actuacións criminais, señor conselleiro.



Polo tanto, o que lle quero preguntar é se o Partido Popular vai deixar de ser cómplice, se vai deixar de ser comercial de Povisa para facilitarlle o negocio e, polo tanto, vai iniciar de inmediato unha investigación, unha auditoría, para determinar as prácticas de Ribera Saúde que saíron á luz cos audios do CEO, que é o mesmo CEO de Povisa, vía audios, que se están practicando en Povisa. Teñen a obriga de facelo de inmediato. E, ¿por que llo dicimos? Porque, á parte de ser os audios do mesmo CEO, hai sospeitas máis que fundadas. ¿E cales son esas sospeite máis que fundadas? Pois un contrato de máis de cen millóns de euros, do que vostedes non queren que se saiba o contido. Porque hai denuncias de que hai unha falta de profesionais alarmante, de que neste momento hai tres ou catro cardiólogos. Houbo algún momento en que só houbo un en Povisa para atender as urxencias, as consultas, a planta de hospitalización e, polo tanto, tamén quirófanos, UCI e o que faga falta. ¿Vostede cre que con catro ou cinco cardiólogos se pode atender unha poboación de 120.000 veciños da área sanitaria de Vigo?

E hai sospeitas máis que fundadas dunhas prácticas temerarias preocupantes. Temos constancia de que Ribera Saúde, propietaria de Povisa, o que fai é embarcar en avións profesionais que veñen fundamentalmente de Valencia, pero tamén doutros hospitais, na fin de semana, facer intervencións cirúrxicas a Povisa, que logo marchan. Polo tanto, operan doentes que non coñecen e doentes aos que logo non fan seguimento. Isto é criminal, señor conselleiro. *(Aplausos.)*

Polo tanto, exixímoslle que inicie de inmediato unha comisión de investigación, unha auditoría, para garantir que á veciñanza da área sanitaria de Vigo que ten a Povisa como prestador de servizos non a está poñendo en risco, señor conselleiro.

De momento nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de sanidade, don Antonio Gómez Caamaño.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Moitas grazas, presidente.

Señora Prado, eu pensaba que a vostede e ao seu grupo parlamentario non lles gustaba moito vivir mentalmente na actualidade madrileña, pero vexo que estaba totalmente errado. Vostedes non veñen aquí cunha iniciativa rexistrada en maio porque lles preocupe o modelo de contrato co hospital de Povisa. Vostedes traen esta iniciativa porque escoitaron que en Madrid é o tema de moda e queren sumarse ao barullo, a ver se poden sacar algunha tallada política tamén en Galicia. A vostedes a realidade dálles igual. Saben perfectamente —sábeno perfectamente— que en Galicia contamos con mecanismos de control para o seguimento estrito do cumprimento das obrigas do contrato de Povisa e para garantir a máxima calidade asistencial aos pacientes adscritos a este hospital. Vostedes están máis preocupados de Ayuso que de Galicia. E engado algo: cando tiveron responsabilidades de goberno non mudaron a relación da Xunta con Povisa.

Pero antes de comezar a analizar polo miúdo a súa grande hipocresía, imos facer un pouco de historia. Mire, señora Prado, o Hospital Povisa foi inaugurado nos anos 70 como un dos primeiros grandes centros aglutinadores de especialidades. Con este modelo o hospital non



tardou en lograr os primeiros convenios para a asistencia sanitaria pública con Insalud e, desde entón, consolidouse a colaboración con este centro e continúa ata os nosos días. Nesta revisión histórica non debemos pasar por alto o que sucedeu —ou máis ben, o que non sucedeu— entre os anos 2005 e 2009, cando o Bipartito, conformado polo Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, gobernou Galicia. No ano 2006 o Goberno bipartito formalizou un documento denominado «Acordo básico pola saúde da área sanitaria de Vigo». Nese documento —no que tamén participaron as organizacións sindicais, a Confederación de Empresarios de Galicia e a Universidade de Vigo—, recollíase a necesidade de manter con Povisa un concerto na súa configuración de hospital xeral con atención integral para garantir a actividade. (*Murmurios.*) ¡É máis! Ese acordo recolle, literalmente, «a conveniencia de manter e potenciar os instrumentos de concertación e cooperación público-privada» e tamén «o compromiso polo mantemento do emprego do sector sanitario da comarca de Vigo, tanto no ámbito público como privado, que preste asistencia sanitaria concertada». Polo tanto, señora Prado, por moito que vostedes o pretendan negar, vemos que ese documento demostra que a intención do Bipartito sempre foi manter o concerto de sanidade co hospital Povisa. (*Aplausos.*)

¡Pero hai máis, hai máis! De 2008 é outro texto que mantén a mesma vontade do Goberno bipartito da Xunta de manter a relación con Povisa. Refírome á Lei de saúde de Galicia do ano 2008. Esta norma recolle no seu título V o encontro e complementariedade do sistema público e do sector privado de atención sanitaria. De maneira que, a pesar destas evidencias documentais, igual tratan vostedes de eximir que todo se limitaba a tinta en documentos oficiais e que, en realidade, o Goberno bipartito era belixerante cos concertos coa sanidade privada... ¡Mentira, nada máis lonxe da realidade! Vexamos como foi a conta de Povisa desde o desaloxo do Goberno bipartito ata a actualidade. No ano 2009 destináronse 74,3 millóns de euros ao concerto con Povisa. Se actualizamos esta cifra ao ano actual, conforme o índice de prezos ao consumo, podemos ver que isto sería o equivalente a uns 102 millóns de euros en prezos actuais. E, ¿sabe canto destina actualmente a Xunta ao contrato de servizos actual que mantén con Povisa? E fago aquí un pequeno inciso para remarcar que cambiamos a fórmula de concerto a contrato de servizos, o que significa que a Administración só paga polos procedementos realmente realizados. Pois mire, para ese contrato de servizo establécese un orzamento máximo de 194,7 millóns para un período de dous anos, o que significa un máximo de 97,4 millóns de euros anuais. Vai resultar agora que a Xunta actual destina a Povisa menos cartos dos que asinaba o Bipartito no que vostedes estaban. (*Aplausos.*) Ese Goberno que, cando nós o lembramos, vostedes din que xa pasou moito tempo e que non serve de referencia das políticas que faría hoxe o BNG. Pero agradezo que admitan vostedes que podemos comparar os datos do Bipartito cos actuais, xa que iso nos permite mostrar aos galegos a diferenza na xestión entre vostedes e nós, porque, cos datos na man, semella que os que tratan de engrosar a conta de resultados das empresas son vostedes.

Mire, non só era máis diñeiro destinado polo Bipartito a Povisa —en termos comparativos—, senón que co Bipartito a cobertura sanitaria dese centro nin tan sequera era boa. (*Murmurios.*) A lista de espera cirúrxica situábase á finalización do ano 2008 en 113 días; actualmente, para comparar, sitúase en 53 días, 60 días menos que cando vostedes gobernaban, dous meses menos.



Quero explicarlles tamén, polo miúdo, o cambio de modelo contractual, pois resulta francamente apaixonante como pasaron vostedes de pedir o cambio de modelo para que se adecúe ás recomendacións do Consello de Contas a críticoalo non sabemos moi ben por que. Señoría, mudamos o anterior concerto cun sistema de cápita por un contrato de servizos no que o pagamento a Povisa se efectúa en función dos procesos e da actividade efectivamente realizada. Isto permite axustar o importe á cantidade real de procesos que se realizan, segundo as tarifas establecidas no contrato. Estes custos e tarifas poden verse no perfil do contratante do Sergas, na resolución de adxudicación do contrato que está publicada. E, por suposto, non houbo ningún escurantismo nin falta de transparencia no novo contrato, como vostedes insinúan. O procedemento contractual é o de negociado por exclusividade, procedente para a contratación desta prestación ao abeiro do artigo 168 da Lei de contratos do sector público. E, ¿como nos aseguramos de que o contrato con Povisa se cumpre? Coa creación da Unidade de supervisión e control constituída desde o día 1 con empregados públicos para asegurar o cumprimento das obrigas contractuais e para garantir que a asistencia complementaria que se presta en Povisa se dá coas mesmas garantías que a do Servizo Galego de Saúde. *(Aplausos.)* Insisto, señoría: temos mecanismos de supervisión e control moi exixentes, algo que debe sumarse ao modelo de pago por actividade en lugar do pago por cápita. É dicir, que só se aboan as atencións que se realizan. Vostedes sinálanse como contrarios a un modelo contractual que prevé mecanismos que incentivan a redución de listas de espera. Un novo modelo que, insisto, responde ás recomendacións formuladas polo Consello de Contas.

Como sei que vostedes son teimudos, permítanme que insista: desde a Xunta estamos a facer un seguimento estrito do cumprimento das obrigas do contrato que temos con Povisa. Para iso creamos unha unidade específica de supervisión e control, que empezou a desenvolver as súas funcións desde o inicio da execución do contrato e está conformada por diversos profesionais da área sanitaria de Vigo. Esa unidade vela por que a asistencia que se presta en Povisa se dea con plenas garantías; as mesmas, exactamente as mesmas, que o Servizo Galego de Saúde. Teño que lamentar unha vez máis que vostedes, por mero oportunismo político, tratan de sementar dúbidas sobre a asistencia médica que se presta nese centro. Considero: unha, que non é de recibo; e dúas, que é unha irresponsabilidade absoluta tratar de menoscabar con falsidades a confianza da xente nos profesionais que a atende en centros como Povisa. O que deberían de facer é rectificar, non xogar con temas tan delicados e non facer política con temas que poden mermar a confianza dos pacientes no sistema sanitario.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Prado.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: Señor conselleiro. Esta iniciativa é de maio porque foi cando vostedes asinaron o contrato. Pedimos o contrato polo artigo nove; levamos o tema á Comisión; pedimos todo tipo de información e vostedes néganse a dála. ¡Néganse a dala! Nós intuíamos por que. Pero é que resulta máis que preocupante a reacción do máximo responsable da sanidade pública do noso país cando salta aos medios de comunicación a actuación dos responsables da empresa propietaria do hospital Povisa —do Sergas, polo tanto,



do orzamento dos galegos e galegas— e que se lle destina máis de cen millóns de euros ao ano. Unha práctica que significa gañar diñeiro á custa do que sexa e, polo tanto, aínda que se aumenten as listas de espera, non facer intervencións cirúrxicas e, polo tanto, gastar menos, non facer actuacións en doentes que sexan custosas e, polo tanto, demoralas ou desviarlas a outros hospitais... e resulta que ao Partido Popular non lle preocupa. (*Aplausos.*) ¿Por que non lle preocupa? Porque o obxectivo do Partido Popular —no Goberno da Xunta e alí nos gobernos dos que está— é actuar ao servizo do capital; o máximo obxectivo do Partido Popular en Galicia é facilitar o espolio do noso país: sexan recursos produtivos, sexa facilitarlle o negocio a Altri ou sexa facilitar o negocio á custa da saúde dos galegos e das galegas. ¡Esa é a máxima prioridade do Partido Popular! (*Murmurios.*)

E resulta que hai evidencias de que as prácticas detectadas no hospital de Torrejón se están levando a cabo en Povisa e o Partido Popular e vostede, que lle preguntei se vai facer unha comisión de investigación ou unha auditoría, non contestou. (*Murmurios.*) Non contestou. E resulta que ¿que prácticas fai Povisa? Ter un cadro de persoal moi por debaixo das *ratios* mínimas —insisto, tres ou catro cardiólogos para todo o hospital—; que equipos de médicos veñan desde outros lados o fin de semana operar doentes que non coñecen e que logo non lles fagan seguimento e que parte dese seguimento logo se faga na sanidade pública nos centros de saúde. ¿Por que cre que pasa todo isto? ¡Para aumentar a conta de resultados! E resulta que o conselleiro non ten intención de abrir unha investigación nin unha auditoría. Xa lle digo aquí que o BNG dende logo vai seguir insistindo e vai seguir trasladándolle á opinión pública por que o Partido Popular oculta a cantidade de millóns que lle destina a Povisa para que non se saiba que o único obxectivo é facilitarlle o negocio, aínda que sexa á custa da saúde da poboación, neste caso da área sanitaria de Vigo. (*Aplausos.*) ¡Porque esa é a realidade! A realidade é que lle facilitan o negocio e lle permiten que os cartos que tiñan que ir para atender os doentes vaian para o peto da empresa. Iso é que permite o Partido Popular.

E mire, voulle dar varios datos. Salta o escándalo en Madrid, salta o escándalo en Madrid. O primeiro dato é que o seu máximo xefe, ou sexa, o señor Núñez Feixóo, di: (*A deputada María Montserrat Prado Cores amosa un documento.*) «Exixo ao Goberno de Ayuso que realice unha auditoría absolutamente rigorosa do hospital de Torrejón». ¡Ah, en Madrid si! En Galiza non. En Galiza non, porque o que pasa en Galiza, os escándalos de Galiza, a caixa que o Partido Popular lle permite facer ás empresas privadas, iso, como aquí somos un tesouro para facilitarlle o negocio á Unión Europea e ás empresas, aquí non hai nada que investigar. ¡Escándalo! ¡Escándalo, señor conselleiro! Segundo dato: que en maio —isto é a información depositada no Rexistro Mercantil— cesouse a anterior responsable da empresa, a señora Elisa Tarazona, e dise textualmente: «*Tras conocer determinados hechos llevados a cabo por su parte y que son constitutivos de un incumplimiento muy grave de sus deberes fiduciarios como consejera. Estas conductas suponen una clara vulneración de los principios más elementales que presiden el grupo Ribera Salud*». É dicir, que a anterior foi cesada por isto, que o que está no seu sitio desde hai uns meses deixa de ser o CEO de Torrejón pero segue sendo o CEO do resto do grupo e, polo tanto, de Povisa. Con estas prácticas saídas á opinión pública je ao Partido Popular non lle preocupa que os cartos dos galegos e as galegas non se invistan para atender a saúde dos galegos e galegas! (*Aplausos.*)



Sabemos que hai un concerto de 95,7 millóns anuais; sabemos que hai un contrato marco de 8 millóns anuais do que Povisa leva a mellor parte; sabemos que Povisa se beneficia das condicións económicas para comprar fármacos; sabemos que o Sergas asume o pago de medicación ambulatoria, o impacto das próteses, implantes e a formación dos MIR; sabemos que, a maiores, o Sergas transfere recursos adicionais a Povisa para rebaixar as listas de espera —como dixen antes—; sabemos que deriva a este hospital privado probas complementarias de doentes de cribado de colon, ao Álvaro Cunqueiro, para que non lles sexan custosas a Povisa; sabemos que se derivan agora as unidades de queimados, tamén, ao Álvaro Cunqueiro, porque resulta que a Povisa xa non lle era rendible; sabemos que de 222 millóns de euros da actividade de Povisa, ou sexa, o 90 por cento, é á custa dos galegos e das galegas. Sabemos iso e sabemos as prácticas que fan, que saíron ao agora á luz pública...,

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: ...e tamén sabemos que o Partido Popular se nega a facer públicos os contratos; a que saibamos o detalle, a que saibamos cal é o nivel de existencia, a que saibamos que *ratios* de persoal ten que ter, a que saibamos se hai unha comisión de seguimento. Porque, señor conselleiro, non hai absolutamente ningún control minimamente rigoroso que non poida detectar que só hai tres ou catro cardiólogos, que non poida detectar esas prácticas cirúrxicas, que non poida detectar cal é a situación de Povisa.

O PRESIDENTE: Grazas.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: E, se as detecta, vostedes son cómplices absolutos...

O PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: ...de que nesas condicións...

O PRESIDENTE: Grazas.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES:

...se lle estea prestando atención sanitaria a máis de 120.000 persoas...

O PRESIDENTE: Grazas. Terminou o tempo.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: ...da área sanitaria de Vigo. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Peche da interpelación. Conselleiro de Sanidade.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Grazas, presidente.



Señora Prado: «sabemos, sabemos, sabemos, sabemos...» ¡Xa saben todo! Entón, non sei a que vén o da falta de transparencia e escurantismo. (*Aplausos.*) «Sabemos, sabemos, sabemos, sabemos...»

Mire, señora Prado: (*O conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño, amosa un documento.*) acordo básico pola saúde na área sanitaria de Vigo, 26 de xuño de 2006. Por certo, hai aquí un Antonio Gómez tamén, pero non son eu. Ou sexa, aquí empeza a historia e aquí acaba o seu relato e a súa historia; é o que é. Mire, se fose verdade o seu relato, se fose verdade que buscamos desmantelar a sanidade pública para favorecer as empresas privadas, como o hospital Ribera-Povisa, dígame: ¿como explica a diminución de adscritos a Povisa desde os 140.000 do 2009 ata os 112.000 da actualidade? ¿Como explica que fose un Goberno encabezado por Alberto Núñez Feijóo o que permitiu a libre elección de centro hospitalario para a poboación da área sanitaria de Vigo? Libre elección de centro hospitalario. (*Aplausos.*) Porque, señora Prado, a poboación da área sanitaria de Vigo pode elixir cada ano, e con total liberdade, a que centro hospitalario vigués desexa adscribirse para recibir atención sanitaria. O prazo volverá abrirse en abril de 2026, unha vez transcorrido un ano de vixencia do novo contrato de servizos, tal como está previsto. E nesa liberdade de elección 112.000 persoas escolleron o Hospital de Povisa como centro de referencia. Un hospital —insisto— supervisado pola Consellería de Sanidade, para que a asistencia sanitaria estea sempre garantida coa máxima equidade. En terceiro lugar, ¿como explica vostede que a poboación galega, segundo o barómetro sanitario do CIS, sexa a segunda de todo o Estado que máis confía na sanidade pública en vez da sanidade privada para un ingreso hospitalario? Un 85 por cento, fronte ao 73 por cento da media nacional.

Mire, vou explicarlles algunhas das principais vantaxes que supón para a poboación adscrita a Povisa o novo contrato. Porque, aínda que vostedes non o pensen, este novo contrato supón novas medidas que os pacientes e os traballadores de Povisa van agradecer. En primeiro lugar, o feito de que Povisa comezase a incorporar a historia clínica electrónica IANUS 5. Povisa comezou a traballar co sistema de historia clínica electrónica do Servizo Galego de Saúde o pasado 24 de setembro, na área de hospitalización, e o 15 de outubro en urxencias. E esta mesma semana, mañá, está previsto que se comece a incorporar ao sistema IANUS toda a área ambulatoria, algo que se fará de feito progresivo. Deste xeito, os profesionais poden escribir na plataforma todos os informes, notas evolutivas, receitas electrónicas, peticións de transporte non urxente e prescrición de terapias respiratorias. Ademais, levouse a cabo o proceso de emigración de información previa asociada aos pacientes, facendo que esta estea integrada e dispoñible para ser consultada. Isto permite mellorar o acceso á información por parte do resto de profesionais da Rede do Servizo Galego de Saúde e permite aos cidadáns adscritos a Povisa poder consultar os seus datos de saúde na plataforma É-Saúde. A segunda medida introducida no contrato beneficia os traballadores de Povisa, e obriga a adxudicataria á aplicación dos incrementos retributivos pactados no convenio colectivo. Por, iso non entendo que vostede cuestione o compromiso da Xunta coas condicións laborais do persoal deste centro. Concretamente, esta medida supón neste ano unha suba do tres por cento para estes traballadores. E, en terceiro lugar, impúxose a obriga para Povisa de realizar investimentos en obras ou equipamentos hospitalarios dun mínimo do 3 por cento do importe anual do contrato.



Remato con tres conclusións. Primeira, vemos que o BNG está disposto a todo para criticar a Xunta; dálle igual que teña ou non teña que ver coa acción da Xunta. Porque o obxectivo do BNG con esta iniciativa era traer a colación unha cuestión da actualidade madrileña. Só así se explica que, nove meses despois da firma do contrato, traian vostedes e o PSOE iniciativas relacionadas co hospital de Povisa a este pleno. Segunda, a Xunta conta coas ferramentas axeitadas para evitar que a atención sanitaria en Povisa se desvíe dos principios que rexen a sanidade pública galega. Contamos cunha unidade de supervisión e control constituída dende o primeiro día. E terceira, o novo contrato supón melloras tamén en canto a investimentos, condicións laborais e a integración do IANUS. Hoxe, de novo, queda probado quen rema pola saúde e o benestar dos galegos e quen na súa contra.

Moitas grazas e felices festas, señora Prado. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Suspendemos ata as catro da tarde. Vémonos aí agora nun segundo.

Suspéndese a sesión ás dúas e once minutos da tarde e retómase ás catro e un minuto.

O PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión.

Interpelación da deputada Rosana Pérez Fernández e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o nivel de eficacia das medidas que se están a tomar contra o furtivismo e contra a entrada de produto foráneo no sector pesqueiro e marisqueiro galego

O PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Pérez Fernández.

ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Moi boa tarde a todos e a todas.

Señora conselleira, boa tarde. (*Pausa.*)

Señora conselleira, o mes de decembro tería que ser un mes vizoso para o sector pesqueiro e marisqueiro galego, porque aumenta considerabelmente o consumo e soben tamén de xeito importante os prezos. No entanto, hai xa anos que decembro é un auténtico calvario para a pesca galega, que a Unión Europea ten sometida a unha reconversión permanente dende 1986 que chega ata hoxe e que aínda non rematou.

¿Como, se non, cualificaríamos o novo tesoirazo que a Unión Europea acaba de aplicarnos cos recortes salvaxes para o ano 2026 en tres das principais especies para a nosa frota? O 70 por cento na xarda, o 41 por cento no lirio e o 18 por cento no abadexo, enriba do recorte que xa tiñan. Todo isto sen contar, ademais, cos recortes tamén no xurelo. ¿Como cualifica-



ría, señora conselleira, vostede este mazazo e esta política da Unión Europea? ¿De verde?, ¿de ultraecoloxista?, ¿de ambientalista radical? Digo, e preguntollo, porque o comisario Kadis, o actual comisario de Pesca, é do seu partido e era o que, segundo vostedes, viña salvar a pesca galega e impoñer un carácter marcadamente social á política pesqueira común; non como o malvado Sinkevicius, que tiña unha teima en contra da frota e, nomeadamente, en contra da frota galega, ¿verdade?

¿Sabe como cualificaríamos nós, señora conselleira, esta política: a de Kadis, a do Partido Popular Europeo, a de Sinkevicius e a de todos os comisarios de Pesca anteriores? De espolio e de sacrificio do sector pesqueiro galego, que no ano 1986 era o principal sector pesqueiro da Unión Europea, e que hoxe é menos da metade en número de buques e en número de empregos do que era daquela. É un espolio e un sacrificio que se vén producindo co silencio cómplice, coa inacción e co teatro, aínda por riba, ao que nos teñen acostumbrados os gobernos español e galego. Si, señora conselleira, co seu silencio tamén e coa súa conivencia, porque, máis alá de ir lairse a Bruxelas cada mes de decembro, ¿que máis fai o Goberno galego a este respecto?, ¿que máis fai o Goberno galego?

¿Sabe que neste Parlamento temos aprobado, por iniciativa do BNG, que o Goberno galego traballe politicamente para conseguir o dereito de decisión de Galiza nos asuntos como a Pesca nos que nos vai a vida, ¿sabe que o temos aprobado? Algún día —hoxe non nos toca— preguntáremoslle que leva feito ao respecto, máis alá de ir a Bruxelas e de lamentarse e vir coa cabeza baixa, como todos os seus antecesores.

E, ademais deste novo recorte nas cotas e nos TAC á pesca e ao marisqueo, tamén ten que enfrontar o sector outras ameazas, neste caso, as que veñen do propio Goberno galego. Conselleira, neste domingo que pasou —vostede, ao mellor, aínda estaba en Bruxelas—, miles de mariñeiros, de mexilloeiros e de mariscadoras mobilizáronse en Santiago en contra da bomba ambiental que supón Altri para o Ulla e para a ría de Arousa. E tamén se manifestaron porque aínda seguen agardando a que a máxima autoridade pesqueira deste país —é dicir, vostede— lles explique por que pon por diante os intereses das súas empresas amigas á custa da calidade das nosas augas, dos nosos produtos únicos, de miles de postos de traballo e dun sector que, se tivese a dirección política correcta, seguiría a ser referente dentro e fóra do noso país.

E este decembro, igual que o anterior e o anterior e o anterior, temos, por se estes fosen poucos, aínda outro problema: o problema do furtivismo e da entrada de produtos foráneos ilegais. Voulle facer, señora conselleira, outra pregunta: ¿está vostede hoxe aquí en condicións de garantir a trazabilidade e a salubridade de todos os produtos do mar que van estar nas mesas de moitos galegos e galegas neste Nadal? Esta xa lla respondo eu: non, non está en condicións.

E, ¿por que? Pois porque os produtos galegos do mar son cada día máis escasos, tal e como demostran os datos da súa propia consellaría. E son escasos por unha suma de factores que xa citamos aquí ducias e ducias de veces, pero, sobre todo, son escasos polo desleixo e polo abandono por parte da súa consellaría e pola súa renuncia absoluta a exercer as súas competencias exclusivas na materia. E, como son escasos e de altísima calidade, todo o mundo



os demanda, e iso fai que tamén teñan un prezo alto e non poidan chegar a todas as mesas neste Nadal. E, por iso, moitas e moitos galegos recorrerán a outros produtos que, sen ser galegos, son vendidos como galegos a prezo de produto galego e sen que a Consellería do Mar o vixíe, o controle, o evite e, finalmente, o sancione. Moi ao contrario, vostedes, a Consellería do Mar, leva séculos facendo a vista gorda sobre o marisco sen etiquetar axeitadamente e sobre o marisco que vén doutros lugares, doutros países —de xeito legal, si—, pero que se vende aquí como produto galego. Isto, conselleira —xa o sabe vostede—, chámase fraude e chámase estafa. (*Aplausos.*) E a estafa, señora conselleira —como vostede tamén sabe— é un delito que se debe perseguir e co que non se pode seguir mirando para outro lado.

Pero, ademais, haberá galegos e galegas que neste Nadal coman produtos do mar que, aínda sendo galegos, non procedan dunha actividade legal —é dicir, que procedan do furtivismo— e, que, polo tanto, non pasen por ningún control sanitario.

E tamén haberá galegos e galegas que poidan consumir neste Nadal produtos foráneos e, ademais, procedentes de actividade ilegal e que se venden como galegos e como legais. E isto —tamén o sabe vostede— non só pasa no Nadal, senón que pasa todo o ano. Por iso, hoxe, o BNG quixo traer aquí esta interpelación, para poñer o acento na necesidade que ten o sector e tamén os propios recursos das nosas rías de que exista un maior control, unha maior vixilancia e, en definitiva, maiores medios para loitar contra o furtivismo; contra o que se leva a cabo aquí nas rías, pero tamén contra o que vén de fóra.

Vostede tamén sabe que Galiza é un destino principal para o marisco foráneo; para o legal, pero tamén para o ilegal. E tanto é así que hai comisos habituais de produtos do mar ilegais, sobre todo procedentes de Portugal pola proximidade, onde precisamente a magnitude que adquiriu o furtivismo nos últimos anos alí foi levada incluso ao seu Parlamento recentemente, onde se pide unha actuación global e unha actuación transversal, porque —como vostede sabe— hai toneladas e toneladas de ameixa ilegal cuxo destino principal é a exportación, a exportación ilegal. E Galiza é un dos destinos dese marisco; non é o único, pero é un dos destinos dese marisco. De feito, téñense comisado aquí no noso país miles de quilos de ameixa portuguesa que, de non ser intervida, podería ter sido depurada aquí —como xa pasou— e vendida aquí como galega, ou incluso podería ter sido vendida aquí mesmo sen depurar —como xa pasou tamén—.

En definitiva, nós cremos que a Consellería ten que incrementar os medios humanos e orzamentarios para loitar contra o furtivismo. É unha necesidade informar e concienciar a cidadanía, as empresas e a hostalaría para que non contribúan, en ningunha medida, a que eses produtos do mar cheguen ás súas casas e aos seus locais. Tamén no noso caso, no caso galego, é imprescindible manter —é obvio— o diálogo e a colaboración máxima coas autoridades pesqueiras portuguesas. E, dende logo, é perentorio amparar, protexer, diferenciar e promocionar o produto galego, a súa calidade e a súa singularidade, polo ben dos produtores e tamén polo ben dos consumidores.

Por iso, hoxe, conselleira, preguntámoslle —xa o ten por escrito, pero preguntámoslle— cales son as actuacións que se desenvolven dende a súa consellaría, baixo a súa responsa-



bilidade, a respecto das cuestións que lle preguntamos e que ten vostede por escrito na interpelación.

De momento, máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira do Mar, dona Marta Villaverde Acuña.

A CONSELLEIRA DO MAR (Marta Villaverde Acuña): Señor presidente.

Señorías, boas tardes.

Como saberán, eu son nova nesta Cámara. Asistín ultimamente ás intervencións de distintos deputados e pensei que soamente o señor Besteiro preguntaba por cousas que non escribe, pero xa vexo que é algo típico doutros grupos. *(Aplausos.)*

Se quere falar de TAC e cotas, paréceme perfecto, señora Pérez, pero eu fun a Bruxelas defender os intereses galegos, fun estar co noso sector e argumentei e enviei informes ao ministro. Ao mellor, a quen hai que preguntar é a ese ministro do Goberno de Sánchez, que goberna grazas ao seu apoio. ¿Xa lle pediron explicacións de por que apoia o Mediterráneo e non apoia a frota galega?, *(Aplausos.)* ¿xa pediu explicacións vostede? Si. Pois a ver se algún día vén vostede aquí, e aproveitarei algunha pregunta para tamén preguntarlle, a ver se tamén me responde. E non sei se tamén á súa eurodeputada, que está alí todo o ano. Eu non a vin por alí tampouco, nin co sector nin por ningún lado intentando defender a frota galega. Aquí se imos falar, falemos ben. Porque, ¡vamos!, só faltaba que nos viñese... Despois de estar alí aportando a información e os datos socioeconómicos para que nos defendesen, o ministro Planas defendeu o Mediterráneo; cousa que é fantástica, porque partían dunha situación tamén moi desfavorable, pero a nosa proposta tamén foi desfavorable e non fixo absolutamente nada para intentar beneficiar a frota galega. Así que, pídalle, por favor, explicacións. *(Aplausos.)*

No que respecta á pregunta que si rexistrou sobre o furtivismo, para empezar, eu quero poñer encima da mesa e en valor o gran traballo que se realiza dende o Goberno galego na loita contra a pesca ilegal. Os medios humanos e orzamentarios que pon a Xunta de Galicia para estes fins son importantes, moi importantes, e dunha eficiencia probada.

No que respecta á Consellería do Mar, saberá que o servizo máis importante que temos é o noso Servizo de Gardacostas de Galicia, que traballa 24/7 —traballa 24 horas os 365 días do ano—, dando unha resposta inmediata a moitos... Ben, hoxe ocúpanos o furtivismo, pero moitas veces traballan salvando as castañas, apoiando e facendo o traballo de Salvamento Marítimo, por exemplo, tamén dependente dese goberno que vostedes apoian en Madrid. Polo tanto, tamén hai que poñer en valor todo o traballo que fan. *(Aplausos.)* É un servizo que fixo este ano máis de trinta anos e que, ademais, de salvar durante todo este tempo case 2.000 vidas humanas e de loitar tamén contra a contaminación, é o encargado de loitar contra a pesca ilegal en Galicia. É un servizo ao que destinamos importantes recursos econó-



micos —no orzamento do 2026, conta con 18,5 millóns de euros— e que tamén está dotado de importantes medios materiais: medios navais, medios aéreos —dous helicópteros—, medios terrestres...; medios que son renovados con frecuencia e que intentamos aumentar cada un dos anos. No que respecta aos medios humanos —se lle parece pouco—, temos 144 axentes, 23 veterinarios, e agora mesmo hai 22 prazas en procesos selectivos que esperamos cubrir canto antes.

Ademais, desde a Consellería do Mar, facilitámoslles ás confrarías, mediante unha orde de axudas, os medios económicos para que eles poidan contratar o persoal que se encarga da vixilancia e do control. Hoxe, grazas á orde de axudas de 5 millóns de euros anuais, hai nas confrarías 163 vixiantes que colaboran co noso Servizo de Gardacostas.

No ano 2009, a Subdirección Xeral de Gardacostas poñía a andar o Plan de loita contra a pesca ilegal, unha planificación integral para erradicar a pesca ilegal, evitar a fraude e garantir a salubridade dos nosos produtos. É un instrumento co que a Xunta planifica, coordina e executa de forma sistemática os controis oficiais sobre a actividade pesqueira, marisqueira e acuícola no ámbito das súas competencias. Non se trata, polo tanto, dun conxunto de actuacións puntuais nin improvisadas; trátase dun sistema integral, anual e estruturado que dá cobertura a toda a cadea de comercialización e que vela pola legalidade, pola trazabilidade e pola salubridade dos produtos pesqueiros. *(Aplausos.)*

Ademais, o Servizo de Gardacostas —como non podería ser doutra forma— coordínase con outras administracións e, especialmente, reforza a colaboración cos corpos e forzas de seguridade do Estado: a Garda Civil, a Unidade de Policía Nacional Adscrita a Galicia, a Policía Local ou os gardapescas dos que antes falabamos. Así, por exemplo, a Unidade de Policía Nacional Adscrita a Galicia reforza os medios humanos con 16 axentes na unidade específica do equipo de resposta policial. Tamén temos unha estreita coordinación dende 1997 co Servizo Marítimo, co Servizo de Protección da Natureza e coa Agrupación de Tráfico da Garda Civil para o control do transporte dos produtos do mar a través dos programas de control integral de actividades pesqueiras. Tamén coordinamos e colaboramos coa Policía Local e con eses 163 gardapescas.

No que respecta á colaboración coas autoridades de control portuguesas —ou de calquera outro estado membro—, quero recordarlle —ou informarlle, porque ao mellor non o sabe— que a competencia para establecer calquera actuación coordinada con eles é do Goberno central, incluídas as actuacións de cara a impedir que calquera produto ilegalmente obtido no país veciño entre en España a través da nosa comunidade autónoma. Así que, de paso que fala co ministro, xa lle pregunta tamén a ver que fai para evitar que nos entre ese produto ilegal. En todo caso, iso non impide que, dado que o Goberno central non realiza estas actuacións coa dilixencia precisa, no transcurso do traballo que ordinariamente realiza a nosa Subdirección de Gardacostas e no contacto que teñen por diversos dispositivos coas autoridades portuguesas, pois que si teñan comunicación e si teñan ese contacto que precisan as actuacións de control.

Ademais, centrándonos na coordinación coas autoridades portuguesas, gustaríame aproveitar esta oportunidade que me dá para poñer en valor o gran traballo que realizan certos cen-



tros da nosa comunidade —da nosa Consellería do Mar neste caso—. É o caso dun centro como é o Intecmar, que ten coordinación permanente e estruturada con organismos estatais e con organismos portugueses en materia de control e de seguridade dos moluscos bivalvos. Calquera cambio no sistema portugués de monitorización é comunicado polo Instituto Português do Mar e da Atmosfera e trasladado de inmediato ás autoridades con competencias en Galicia, incluíndo non soamente o Intecmar, senón tamén a Garda Civil ou a Dirección Xeral de Saúde Pública, garantindo unha resposta áxil e coordinada e garantindo a salubridade dos produtos que chegan desde ese país.

A min, neste caso, gustárame moito chamar á prudencia con certas afirmacións de que na mesa dos galegos vai haber produtos que non garantan a salubridade. Eu faría moitísimo fincapé na prudencia, porque unha afirmación dese tipo penaliza sobremaneira o sector, (*Aplausos.*) e os únicos prexudicados son o sector pesqueiro e marisqueiro.

Ademais deste intercambio de información entre o Intecmar e os laboratorios que garanten a salubridade dos produtos que se comercializan polas vías legais a España ou a calquera outro punto de Europa, o Intecmar, como laboratorio oficial de biotoxinas que é, tamén analiza mostras recollidas polos nosos servizos de Inspección, no marco das actuacións levadas a cabo ben polos gardacostas ou ben polos servizos veterinarios, ben sexa da Consellería do Mar ou ben sexa da Dirección Xeral de Saúde Pública. Estes controis reflicten unha elevada seguridade no sistema. En 2024, por exemplo, menos do 4 por cento das mostras que se tomaron nas actuacións realizadas por estes axentes, e esta porcentaxe redúcese ao 3 por cento en 2025. Estes datos avalan a eficacia do modelo de vixilancia e control.

Para que se faga unha idea do traballo que fai a Subdirección de Gardacostas —do importante que é—, no ano 2025 —de xaneiro a outubro—, neses primeiros dez meses do ano, foron realizadas 8.433 inspeccións, detectáronse 2.233 infraccións e comisáronse 23.673 quilos de produtos ilegais. Isto sen ter en conta outras numerosas actuacións realizadas por outros corpos de inspección que tamén ten a Xunta de Galicia. Recórdolle: inspectores de Saúde Pública, inspectores de Consumo, inspectores de control da cadea alimentaria... A Xunta de Galicia inviste moitos medios en dotar de inspección e en realizar controis en toda a cadea alimentaria —dos produtos do mar e de calquera produto alimenticio que estea nos mercados de Galicia—.

As actuacións realizadas polos servizos da Subdirección Xeral de Gardacostas poñen de relevo o gran labor que se fai desde a nosa consellaría na loita contra a pesca ilegal, entre outras moitas materias que realiza. As actividades de control van dirixidas a verificar que os produtos do mar sexan obtidos conforme establece a normativa en vigor e que se comercialicen a través dos circuitos legalmente establecidos. E, dentro deses circuitos legais, no marco do mercado único no que se permite a libre circulación de mercadorías polo espazo europeo, as autoridades debemos respectar as decisións comerciais dos operadores...

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

A CONSELLEIRA DO MAR (Marta Villaverde Acuña): ...e as preferencias dos consumidores á hora de tomar as súas decisións de compra. E, nesa decisión de compra, hai que velar porque



a información que se lle facilite ao consumidor sexa real, sexa veraz e se axuste ao que legalmente se estableza para ese produto en cuestión. Dese xeito, cada consumidor é libre e non se pode penalizar que merque os produtos que máis se axusten ás súas preferencias de consumo. E, en velar porque esta legalidade se cumpra, asegúrolle que os nosos inspectores —os de Gardacostas e de calquera outro departamento da Xunta de Galicia— poñen todo o seu celo e o seu empeño. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas, grazas. Grazas, conselleira.

A CONSELLEIRA DO MAR (Marta Villaverde Acuña): De todas formas, isto non resta que dende a Xunta de Galicia...

O PRESIDENTE: Rematou o seu tempo, conselleira.

A CONSELLEIRA DO MAR (Marta Villaverde Acuña): Seguirei despois. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Si, ten outro turno despois.

Grazas.

Réplica, señora Pérez Fernández.

ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señora conselleira, non sei que dúbidas lle ofrecían as miñas preguntas, porque o único que dixen foi que queríamos saber —iso díxeno ao final da miña intervención e pode comprobalo vostede no vídeo— que actuacións se estaban a levar a cabo sobre todas as cuestións que tiña vostede por escrito. ¡Foi o que dixen! Pero, claro, estas cousas pásanlle ás que son novas, efectivamente. Traen o discurso escrito da casa y no se mueven ni un pelo del discurso. *(Murmurios.)* Entón, vostede veu ler aquí o discurso que non tiña que ler, polo menos no principio. *(Aplausos.) (Murmurios.)* E mire, xa sabemos que é nova, o cal non é ningún desmerecemento, ningún, todo o contrario. *(Protestas.) (Murmurios.)* Xa sabemos que é nova na responsabilidade de conselleira, pero tamén sabemos que non é nova na Consellería. E tamén sabemos que, do seu paso da Consellería á responsabilidade da Consellería, pasou por unha sala e produciuse unha imaxe que non se nos vai olvidar na vida *(Aplausos.) (Murmurios.)* e coa que vostede tamén cargará toda a súa vida, que foi a de aplaudirlle a un exconselleiro imputado por violencia sexual. ¡Tampouco se nos vai olvidar!

Ben, critica vostede nese discurso que trae escrito e do que non se moveu un pelo... Porque, claro, os discursos, aínda que se traían escritos, hai que adaptalos ás circunstancias nas que se está, e vostede non o fixo. Critícanos vostede. Somos nós, polo visto, segundo a nova conselleira do Mar, quen temos que falar co ministro. ¡Oia!, ¿vostede sabe que nós estamos na oposición, verdade? ¡Tanto aquí como en Madrid!, ¿sábeo? ¿Vostede sabe que está no Goberno?, *(Murmurios.)* ¿sabe que está no Goberno? ¡É vostede quen ten que falar co ministro! Pero é que, ademais, se permite criticar a nosa eurodeputada. Isto é algo que vén facendo o PP na Comisión de Pesca xa por sistema. Ou sexa, dá igual de que esteamos a falar; ¡hai que



criticar a eurodeputada e a Sinkevičius, pero non a Kadis, eh!, que leva a cabo exactamente a mesma política que Sinkevičius ou peor, ou peor.

Pero, mire, non sei onde estaba a nosa deputada —vostede di que non a viu—, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) pero... Non, non, eu tampouco a vin que eu estaba aquí. Pero, mire, voulle dicir unha cousa: nin sabe onde estaba a nosa eurodeputada nin sabe o que dixo a nosa eurodeputada. Pero, sen embargo, nós, que somos persoas que nos informamos —non nos fai falta estar nos sitios para saber as cousas— lemos que —textualmente—: «*El PP está contento...*» —estou lendo textual, señorías— «*...con el pacto sobre las cuotas de pesca*». (*Murmurios.*) (*A deputada Rosana Pérez Fernández amosa un documento.*) ¿Sabe quen é esta señora?, ¿sabe quen é esta señora? (*Murmurios.*) (*Protestas.*) (*A deputada Rosana Pérez Fernández abandona o estrado para achegarse coa imaxe á conselleira do Mar.*) A presidenta do Partido Popular...

O PRESIDENTE: Oia, por favor, non se lle escoita, señora Pérez Fernández.

ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ: ...A presidenta da Comisión de Pesca do Parlamento Europeo, que é do Partido Popular, do Goberno de Andalucía do Partido Popular. (*Aplausos.*) «*El PP está contento con las cuotas de pesca*». Isto díxoo a súa representante, do seu partido; non do meu, non do meu, señoría. (*Aplausos.*)

Ben, e vén aquí falar de que temos que ser prudentes, de que non vaia ser, como sempre, que o BNG cause alarma e que resulte que todas as cousas que ían comprar os galegos e as galegas non as compren porque pensen que pode ser marisco ilegal. Non, xa lle dixen antes que nós temos o mal costume de ler. E mire, isto que lle vou ler non o di o BNG. Isto é do ano 2024, da memoria do ano 2024: «Tense coñecemento da existencia dunha organización criminal internacional dedicada principalmente á actividade de extracción ilegal de marisco na ría de Ferrol por parte dun grupo de individuos que, de forma concertada cun comprador, extraen molusco de maneira fraudulenta, o cal, tras un proceso de branqueamento referido á súa orixe-trazabilidade, acabaría sendo introducido no mercado legal, sendo alleo o consumidor final ao grave risco para a saúde. Froito das pescudas realizadas descóbrese que unha das persoas investigadas da ría de Ferrol é propietario de varias depuradoras legais coas que daría unha cobertura legal ao marisco recollido ilicitamente, sendo esta persoa propietaria dun parque de cultivo de ameixa na localidade portuguesa de Aveiro, xunto con cidadáns lusos». ¿Isto non causa alarma, señora conselleira? ¿Sabe quen o di? Non o di o BNG; isto dío a memoria do ano 2024 da Policía Nacional Adscrita da Comunidade Autónoma de Galiza... (*A conselleira Marta Villaverde Acuña pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, logo mo di, porque non a entendo. Non sei o que me quere dicir, pero logo no seu turno xa me di.

Por certo, aproveito para dicirlle que di vostede que a próxima vez que veña aquí me vai preguntar por non sei que cousas. Volve ter aí unha pequena confusión. É nova, pero aprenda que é vostede quen goberna e eu quen estou na oposición; je eu quen estou na oposición, señora conselleira! (*Aplausos.*)

Ben, remato. Mire, señora conselleira, eu coñezo —o BNG coñece— perfectamente cantos son os efectivos de Gardacostas de Galicia, coñecemos perfectamente cantos son os vete-



rinarios, coñecemos perfectamente cantos axentes da Policía Adscrita están colaborando —Gardacostas con eles ou eles con Gardacostas, como queira—. Sabemos o número exacto, e xa non llo dei porque sei que iso vostede si o sabe, claro; entón xa non llo dou. Agora, ¿sabe cal é a diferenza, a única diferenza que existe entre o que fai vostede desde que é nova na Consellería e o que facían os seus antecesoros?, ¿sabe cal é a única diferenza?

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ: Remato, presidente. A única diferenza é a propaganda. Como xa tiñamos pouco, agora temos fotos e titulares de prensa de que os Gardacostas de Galiza comisan continuamente; témolas todos os días e incluso varias ao día. Pero que vostede faga máis propaganda non quere dicir nin que teña máis medios, nin humanos nin orzamentarios; todo o contrario. Hai bastantes anos que o orzamento de Gardacostas de Galicia apenas medra. E iso é o que lle pedimos nós na nosa interpelación...,

O PRESIDENTE: Grazas.

ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ: ademais de dicirlle que cumpra as súas competencias...

O PRESIDENTE: Grazas.

ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ: ...sobre a etiquetaxe e sobre o control do marisco que entra.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Peché da interpelación. Conselleira do Mar.

A CONSELLEIRA DO MAR (Marta Villaverde Acuña): Grazas, señor presidente.

Imos ver, señora Pérez, mire, sobre a organización criminal —esas cousas que vostede le na prensa e que falan de dispositivos—... *(A deputada Rosana Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* Da policía, vale, pero dá igual. Leme a memoria, pero sobre ese feito hai noticias e é o que lle contaba sobre a coordinación dos corpos de seguridade do Estado. Cando hai unha organización criminal, é tema da Policía Xudicial ou da Policía Nacional; non é un tema dunha policía administrativa nin da Xunta de Galicia. Co cal, nós neses dispositivos non solemos figurar. Solemos coordinarnos, solemos dotar de medios e facilitamos a información ou o apoio que necesiten, pero, evidentemente, nós non podemos ocuparnos de feitos que están fóra das nosas competencias, *(Aplausos.)* porque nós si coñecemos as nosas competencias e sabemos cal é o noso traballo. *(Aplausos.)* E aí, nese tipo de dispositivos, temos a máxima dispoñibilidade —sempre poñemos os medios necesarios—, a máxima colaboración e a máxima coordinación.

E, mire, se me vén aquí falar de abrazos, pois moi ben o teño que estar facendo para que o único que teña que vir aquí dicirme é este tipo de cousas. *(Aplausos.)* Porque falar dunha per-



soa que xa non está durante tanto tempo, é que, ¡vamos!... Eu veño aquí falar de mar, señora Pérez, veño aquí falar de mar. E, ben, xa que me fala diso, pois unha cousa chámame á outra. Eu quedei intrigada hoxe co que preguntou o presidente. ¿Van seguir apoiando na Deputación de Lugo despois do caso Tomé?, *(Aplausos.)* ¿van seguir apoiando? *(Aplausos.)* A min xórdeme estas dúbidas. *(Aplausos.)* *(Murmurios.)* Igual que vostedes traen cousas que non rexistran nas súas interpelacións, a min danme pé a contestarlle as cuestións que vostede manifesta aquí no estrado. Entón, vostede fálame dunha cousa, e eu simplemente lle comento o que me xorde. *(Murmurios.)* É que, ¡vamos!, é o que me faltaba xa por... *(Aplausos.)*

Mire, o tema da pesca ilegal, o tema do furtivismo, o tema da introdución de produtos no mercado por fóra dos circuítos, o tema de que hai infraccións coñecemos. Danse incorreccións e incidencias ou incluso hai asuntos fóra da normativa. Evidentemente, todo se pode mellorar. Eu son a primeira que lle digo que traballamos día tras día para melloralo, e niso estamos.

Estamos cun servizo que é pioneiro en toda España, que é recoñecido fóra de España. Non existe ningunha outra comunidade autónoma que teña un corpo de inspección propio para os produtos do mar como ten a Xunta de Galicia, e é algo do que todos temos que estar orgullosos, moi orgullosos, porque ningunha outra comunidade ten o noso nivel de inspección e de control dos produtos da pesca. *(Aplausos.)* Fai un traballo encomiable; está dispoñible os 365 días, as 24 horas. Detrás de todo ese servizo, hai xente, que é xente que se encarga da loita contra o furtivismo, do salvamento marítimo de persoas e da loita contra a contaminación. E creo que vir aquí poñer en cuestión e dicir... Porque o traballo realízao o Servizo de Gardacostas, que é pioneiro e que é toda unha insignia para os servizos de inspección nacionais, e o traballo que fan é para encomiar. Ben, pois eu creo que aquí ao que temos que vir é a poñer en valor todo o traballo que realizan, e, sobre todo, tamén pedirlle, ao mellor, ao Goberno central —ese que vostedes apoian en Madrid— que asuma as súas competencias, porque, como comunidade autónoma limítrofe que somos dun país veciño, ás veces, hai descoordinación, e o que ten que realizar ese traballo de coordinación e ese traballo de que non entren produtos ilegais é o Goberno central. O Goberno central é o que ten que facelo e, por moito que vostede me ensine a noticia, isto non vai cambiar... *(A deputada Rosana Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* Xa o sei, señora Pérez, xa o sei.

Miren, tamén entendemos que o furtivismo ten esa concienciación social, e desde a Consellería do Mar temos feito múltiples campañas para concienciar os consumidores e para concienciar todos os eslabóns da cadea da importancia de acudir ás vías legais de comercialización. «Do mar vívese, non sexas pirata» e «Á praia véñse gozar, non saquear» foron campañas impulsadas pola Xunta de Galicia coas que simplemente se intentaba poñer en valor o traballo dos nosos mariscadores e do noso sector pesqueiro.

Simplemente remato dicindo que o compromiso da Consellería do Mar na loita contra o furtivismo é firme, e, aínda que o Goberno central non faga o seu traballo, nós poñemos os medios e poñemos o persoal á disposición para que os produtos que se comercialicen en Galicia —e, ademais, garantímolo— contan cos máximos estándares de salubridade e cos máximos estándares de calidade.



Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Interpelación das deputadas María del Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, do G. P. Socialista de Galicia, sobre o grao de adaptación da normativa autonómica en materia de prevención e extinción de incendios forestais ao marco legal estatal e o seu cumprimento

O PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Boas tardes a todos e a todas.

Señora conselleira, boas tardes.

O verán de 2025 xa forma parte da historia negra de Galicia en materia de incendios forestais: 150.000 hectáreas queimadas; decenas de concellos afectados; enormes danos ambientais, económicos e sociais; explotacións agrarias danadas; monte queimado por segunda ou terceira vez, como no Barco de Valdeorras; unha provincia —a miña—, Ourense, cun 15 por cento da súa superficie arrasada polo lume; aldeas ameazadas; persoas evacuadas, e brigadistas gravemente feridos. Isto debería marcar un punto de inflexión real na política forestal galega, pero, por desgraza, o que vimos tras os incendios non foi un cambio de rumbo, senón máis do mesmo: un desastre anunciado e repetido.

O que ocorreu no verán de 2025 non foi imprevisible; levabamos anos advertíndoo neste Parlamento. Advertímolo tras os incendios de 2017, volvemos facelo tras os de 2022 e repetímolo unha e outra vez: sen prevención estrutural, sen planificación e ordenación do territorio, Galicia, conselleira, está condenada a arder.

Este Parlamento aprobou en 2018 un ditame con máis de 120 medidas, froito do traballo serio dunha comisión tras a vaga de lumes do ano 2017. Aquel ditame era unha folla de ruta clara para mudar o modelo, baseada en criterios técnicos e en experiencia profesional, co voto favorable —non se esqueza— do Partido Socialista de Galicia, que o fixo por responsabilidade —como dicía— para cambiar o rumbo da política forestal. Tamén houbo informes de expertos —as recomendacións do ano 2019— e iniciativas parlamentarias de todo tipo. Con todo, sete anos despois, a maior parte dese traballo segue sen aplicarse. On hai nova Lei de incendios, nin plans de ordenación dos recursos forestais, nin reforma das brigadas municipais, nin avaliación periódica do sistema, nin transparencia real sobre a execución da prevención, señora conselleira. (*Aplausos.*)

O incumprimento do Ditame de 2018 non é unha cuestión menor nin pasada; é unha das causas estruturais do fracaso actual. Porque cando non se cumpre o que se acorda, o lume acaba poñendo as consecuencias enriba da mesa, como aconteceu este verán. E a isto súmase este problema do que temos falado neste Parlamento que vostede se nega a afrontar con po-



líticas reais: o abandono do rural; menos poboación, menos actividade agraria e gandeira, máis biomasa acumulada e un territorio convertido nun combustible continuo. Sen agricultura, sen silvicultura preventiva e sen un uso en mosaico do territorio, o lume campa ás súas anchas cada verán, conselleira.

E, fronte a esta realidade, non houbo nin unha soa asunción de responsabilidades políticas, ningunha autocrítica, ningunha rectificación do modelo, ningunha avaliación pública seria do que fallou. Pola contra, asistimos á repetición do mesmo discurso: máis medios, máis investimento, máis propaganda. Pero chegamos tarde, conselleira. Non se explicou por que non se executaron actuacións preventivas en zonas críticas, non se explicou por que quedaron fondos sen gastar, non se explicou por que moitas comunidades de montes non puideron realizar os traballos preventivos solicitados, non se explicou por que en pleno agosto o Servizo de Prevención de Incendios tiña máis de 200 vacantes sen cubrir, non se explicou por que se evitou sistematicamente o control parlamentario e non se explicou a falta de prevención nos distritos, conselleira.

Cando falamos de prevención, falamos de actuacións concretas no territorio. Por iso, o Grupo Parlamentario Socialista solicitou información detallada sobre as obras preventivas realizadas no ano 2025 en cada distrito forestal: rozas, cortalumes, mantemento de pistas, puntos de auga, tratamentos silvícolas, medios humanos e materiais. ¿E que fixo vostede?, ¿que fixo a Xunta de Galicia? Negouse a facilitar esta información; (*Aplausos.*) votou en contra dunha proposición non de lei que pedía transparencia e datos por distritos. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Si, o director xeral competente na materia non respondeu en comisión as preguntas formuladas por esta que lles fala e tampouco se responderon as solicitudes de información por escrito, incumprindo a obriga de contestación ao Parlamento de Galicia. Diso xa falamos esta mañá e explicouno perfectamente o meu compañeiro Aitor Bouza. Esta sucesión de feitos demostra algo moi claro: non hai vontade de transparencia, non hai nada que defender. Se a prevención se fixese ben, daríase conta dela. E, sen información por distrito, señorías, non é posible avaliar a eficacia real da prevención nin corrixir os erros estruturais que se repiten ano tras ano.

E, aquí, chegamos ao punto central desta interpelación: o incumprimento reiterado da obriga de aprobar e publicar o Plan anual de prevención, vixilancia e extinción de incendios forestais en prazo. Estamos ante unha cuestión clave para a seguridade pública e para a prevención real. O Real decreto lei 15/2022, que modificou a Lei de montes tras os graves incendios do mesmo ano —do 2022— foi moi claro: os plans anuais non poden ser documentos aprobados cando xa está enriba a tempada de alto risco; deben ser instrumentos preferentes integrados co conxunto das políticas territoriais, forestais, ambientais e de protección civil. Por iso, a lei establece con claridade que eses plans deben aprobarse e publicarse antes do 31 de outubro do ano anterior á súa aplicación, para que a prevención poida comezar desde o inverno, desde o 1 de xaneiro, e non cando xa é demasiado tarde. E, con todo, conselleira, o Pladiga 2025 aprobábase en maio, sete meses fóra de prazo, sen avaliación pública do Plan anterior, sen participación real e evitando traelo ao Pleno deste Parlamento. Esa é a súa forma de gobernar.

¿Por que é tan grave non o publicar en prazo? Porque cando chega, chega tarde, e non se poden programar con tempo os traballos de prevención e non se dá seguridade nin ao persoal



nin á cidadanía. Tamén o Real decreto 716/2025, que establece as directrices e criterios comúns dos plans autonómicos, insiste precisamente na necesidade de coherencia e planificación anticipada, formación continua e coordinación interadministrativa. E todo isto é imposible se o Plan anual se aproba cando xa está practicamente enriba a campaña de alto risco. Tamén as Orientacións estratéxicas para a xestión de incendios forestais en España, elaboradas polo Comité de Loita contra Incendios, falan no mesmo sentido. Por iso —insistimos— publicar o Pladiga en prazo non é unha opción conselleira, é unha condición imprescindible para facer unha prevención real.

E de cara a este ano 2026, é outra vez tarde, porque xa estamos a finais de ano, conselleira. Se o Goberno galego de novo non aprobou o Pladiga antes do 1 de outubro, debemos entender que tomou unha decisión política consciente: renunciar de novo á prevención desde o 1 de xaneiro (*Aplausos.*) e condenar Galicia a chegar outra vez tarde. E, logo, volverán as excusas: o clima, o vento, que se os concellos, que se os propietarios..., pero a realidade é clara: os incendios non se apagan só no verán; prevense todo o ano. E iso é competencia exclusiva da Xunta de Galicia.

Polo tanto, as preguntas son claras: ¿por que a Xunta incumpre o prazo legal de aprobación e publicación do Plan anual? ¿Que está facendo, conselleira, para garantir que o Pladiga estea aprobado e operativo dende o 1 de xaneiro?, porque, coa data en que estamos, paréceme bastante improbable. ¿Que medidas reais pensa adoptar para integrar o risco na planificación territorial e forestal? E, ¿cando vai asumir a Xunta que sen planificación, sen prevención e sen participación, non hai seguridade? Galicia non pode permitirse outro verán como o deste ano, o de 2025. A cidadanía merece un goberno que planifique e que prevea, e a lei marca o camiño. Os expertos levan anos advertindo a este Parlamento e agora só falta esa vontade política que parece que non ten. Cada plan que chega tarde son hectáreas que se van queimar outra vez, e iso non é aceptable.

Señoría, xa lle digo, o que fallou non foron os concellos —porque as publicacións que vivimos estas semanas son de traca— nin a xente; o que fallou foi o Goberno galego. Espero a súa resposta.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira do Medio Rural, dona María José Gómez Rodríguez.

A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): Presidente, moitas grazas.

Señorías do Partido Socialista, o primeiro que quero dicirles é que estean tranquilos, porque o Goberno galego cumpre escrupulosamente co marco normativo estatal no que se refire ás obrigas legais en materia de planificación, formación e participación nos seus plans anuais de prevención, vixilancia e extinción.

E o segundo que lles vou dicir é que busquen un momentinho, aínda que entendo que estes tempos están bastante entretidos, para mirar con detemento o Pladiga 2025, porque así



comprobarán que todas as normas e regulamentos que mencionan na súa interpelación están reflectidas nel. E, a maiores, incorporamos outras normativas na súa elaboración, así como recomendacións e medidas específicas para as necesidades concretas de Galicia, que fan que este texto sexa un documento útil e vivo que temos na prevención e loita contra os incendios forestais.

Ademais, cada ano incorporamos axustes operativos que fan máis eficaces os labores de prevención e extinción: revisamos protocolos, actualizamos recursos e adaptamos estratexias segundo a experiencia acumulada. Así, garantimos que o Plan estea sempre operativo, coordinado e axustado á realidade de Galicia. *(Aplausos.)*

Señorías do Grupo Socialista, o que nos guía non é a procedencia das recomendacións, senón a súa eficacia para previr e actuar fronte ao lume. Aquelas propostas que contribúan positivamente á xestión do risco son incorporadas ao Pladiga e aplicadas de inmediato. En todo caso, tal e como indicaba ao comezo da intervención, procedo a expoñelo con claridade para disipar calquera dúbida.

No que se refire ao Comité de Loita contra Incendios Forestais, temos en conta os acordos que alcanzan, aínda que non sexan vinculantes. De feito, incorporamos todas aquelas recomendacións útiles. Por poñer un exemplo, falan vostedes do 28 de xullo de 2022, cando a Conferencia Sectorial de Medio Ambiente aprobou as orientacións estratéxicas para a xestión de incendios forestais en España, elaborados polo Comité de Loita contra Incendios Forestais. Pois ben, nos plans de prevención incorporamos estas liñas prioritarias: integrar o risco de incendios na planificación territorial e urbanística; desenvolver os plans de ordenación de recursos forestais, que licitaremos neste 2026, como xa anunciei, reforzar a planificación de defensa e garantir a formación continua. Ademais, realizamos campañas de educación forestal e de sensibilización, porque a prevención tamén é informar e concienciar.

O Pladiga tamén cumpre co Real decreto 893/2013 e co Plan estatal de Protección Civil para emerxencias por incendios forestais, que establecen os criterios básicos de coordinación e actuación ante emerxencias graves.

Galicia organiza os seus recursos e medidas a nivel autonómico, pero está preparada para integrarse nunha resposta estatal coordinada se é necesario. Os protocolos de activación, a estandarización das comunicacións e a previsión de recursos externos aseguran que a organización entre a comunidade e o Estado funcione. E, evidentemente, tras a aprobación do Real decreto lei 15/2022, adaptamos o Plan de prevención para asumir as novas obrigas derivadas desta modificación.

A normativa exige unha planificación integral, a cobertura de todo o territorio e durante todo o ano, unha coordinación reforzada entre administracións, medidas operativas claras, sistemas de predición de risco, unha tecnoloxía de alerta temperá e unha planificación da restauración de terreos afectados. Non se trata simplemente de apagar o lume cando xa está aquí, senón de anticiparse, minimizar os danos e recuperar o territorio unha vez controlada a emerxencia.



Non esquecemos os criterios de risco do artigo 48 da Lei de montes, que tanto lles preocupa. A través de ferramentas de análise e cartografía, podemos identificar zonas estratéxicas e planificar actuacións preventivas en todos e cada un dos distritos. Non poñerá vostede en dúbida que, nos 19 distritos que temos en Galicia, non fan o seu traballo os funcionarios que están nas súas prazas traballando ao longo de todo o ano. (*Aplausos.*) É que..., jo que hai que escoitar! Por favor, non lles falte ao respecto. Os cortalumes, as faixas auxiliares de pista, os puntos de auga e os tratamentos silvícolas execútanse ano tras ano. As medidas específicas para parques naturais e áreas protexidas compatibilizan a protección do patrimonio natural coa prevención de incendios.

Ademais, colaboramos cos concellos para que os plans municipais se integren no sistemas públicos de xestión da biomasa, garantindo que a resposta sexa coordinada desde o nivel local ata o autonómico.

Tampouco pasamos por alto o artigo 50 bis do Real decreto lei 15/2022, que obriga a actualizar de forma continua os dispositivos de prevención e extinción e a integrar plans de restauración forestal e ambiental.

O Pladiga cumpre estas obrigas mediante un listado actualizado de medios humanos e materiais. Hai 7.000 persoas integradas no dispositivo das distintas administracións; preto de 30 medios aéreos, que serán máis no 2026, e 380 vehículos motobomba. Inclúe tamén programas de formación continua para todo o persoal implicado, garantindo unha resposta eficaz e profesional. A planificación da restauración posterior ao lume asegura que os ecosistemas recuperen funcionalidade rapidamente, minimizando impactos ambientais e sociais.

E, no que respecta ao Real decreto 716/2025, que establece criterios comúns para os plans anuais autonómicos co obxectivo de garantir coherencia operativa entre administracións, o Pladiga adapta estas directrices á realidade galega mediante a educación forestal básica, a integración do risco en áreas protexidas, a ampliación de criterios urbanísticos de prevención, o reforzamento da prevención desde Protección Civil, o aumento da resiliencia das masas forestais, a mellora da xestión de emerxencias, a actualización de dispositivos de defensa, a formación continua e a investigación. Grazas a isto, Galicia non só cumpre a normativa, senón que adapta as accións ao seu territorio e aos seus recursos, conseguindo unha resposta rápida, eficaz e con criterio técnico.

Nos escenarios de risco extremo detectados polos servizos meteorolóxicos, o Pladiga activa alertas, patrullas, medios aéreos e terrestres, e coordinación con comunidades veciñas e co Estado e mesmo cos países veciños. Tras controlar o incendio, actívase a restauración con criterios técnicos, sociais e ambientais, minimizando impactos e recuperando ecosistemas. Non se trata de improvisar sobre a marcha, senón de aplicar un plan que funciona na práctica e que é flexible fronte a cambios de situación.

A participación cidadá tamén forma parte do noso enfoque a través de programas de educación e sensibilización, talleres e materiais informativos. Aseguramos que a sociedade coñeza os riscos e saiba como actuar ou colaborar. Esta integración de coñecemento técnico,



planificación operativa e concienciación cidadá garante unha prevención efectiva e un territorio máis seguro.

Non me queda claro se non o saben ou non o queren saber, pero vou lembrarllles que o Plan está construído sobre unha base normativa moi ampla, capaz de xestionar calquera escenario de risco e que non se limita ás normas que citan vostedes na súa interpelación. O Pladiga incorpora un conxunto normativo extenso entre regulamentos europeos, leis estatais e autonómicas, decretos, decretos lei, ordes e resolucións, ademais de recomendacións dos diferentes organismos. Todo isto garante que cada medida teña unha base legal, técnica e ambiental sólida e que o Plan de prevención non sexa un simple papel, senón unha ferramenta completa, coherente e coordinada preparada para protexer Galicia fronte ao risco de incendios en calquera escenario.

En conclusión, o Goberno galego cumpre escrupulosamente co marco normativo estatal e autonómico, integra criterios técnicos e experiencia acumulada, adopta recomendacións do Comité de Loita contra os Incendios Forestais cando son beneficiosas e mantén un dispositivo de referencia para a prevención, vixilancia e extinción de incendios. O Pladiga 2025 reflicte unha planificación integral, coordinada e adaptada á realidade de Galicia, garantindo a protección das persoas, dos bens e do medio natural, e cumprindo rigorosamente os requisitos legais.

E, para rematar esta primeira intervención, quero subliñar que no texto están recollidas as respostas á gran maioría das cuestións que formulan vostedes, señoras e señores do PSOE. É un documento público, claro, transparente e accesible a calquera persoa que queira comprobar como se planifica en Galicia a prevención e a loita contra os incendios forestais. Pero, se hai que aclaralo de novo, non hai problema en explicalo as veces que faga falta.

E isto é todo polo momento.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Rodríguez Dacosta.

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Conselleira, vostede di «o Goberno cumpre». Mire, non nos tome o pelo, porque... *(Aplausos.)* ¿Publicaron o Pladiga antes do 31 de outubro, como mandan os dous reais decretos? ¡Non! Entón non nos tome por tontos ou por parvos.

Fala dos distritos e di que o Grupo Socialista está falando mal dos traballadores. Eu estou falando da dirección política, da súa xestión, conselleira; non se escude nos funcionarios. Se os traballos preventivos se realizaron nos 19 distritos, ¿por que non contesta por escrito a súa consellaría?, ¿por que vota en contra dunha proposición non de lei na que pedimos un informe detallado das obras que se realizaron neste ano?, e, ¿por que o director xeral non



contestou esta pregunta en comisión? ¡Dígame usted!, que ten outro turno. Non se escude nos funcionarios, porque non é de recibo. Eu creo que vostede cobra como conselleira e ten unha dirección política que exercer —iso creo—.

Hai veces que se fai difícil nesta sala —neste Parlamento— acertar á hora de cualificar os comportamentos das institucións ou, máis apropiadamente, das persoas que as dirixen. É o caso que pasa agora con vostede, conselleira, e co seu proceder á hora de cumprir coas obrigas que ten encomendadas por lei e por real decreto no relativo á presentación dos instrumentos —que é moi importante— de prevención de incendios para o vindeiro 2026. Que despois do verán dramático que acabamos de pasar non se respecten agora os prazos previstos para a publicación do Pladiga fai dubidar a calquera á hora de pórle nome a esta maneira de proceder. ¿Desidia?, ¿ineptitude?, ¿incapacidade?, ¿chulería?, ¿inconsciencia?, ¿irresponsabilidade?, ¿inerxia?, ¿provocación? ¿Cal é a máis acaída, conselleira? Contésteme, ¿cal é a máis acaída? A súa intervención confirma algo que xa vimos noutras ocasións: responsabilidade cero e disparar para outros sitios.

Na semana que anunciabamos a presentación desta interpelación vostedes sacaron un montón de notas de prensa dicindo que os concellos non cumprían. Inténtase sempre desprazar a responsabilidade cara aos concellos, cara aos propietarios ou cara ás condicións ambientais, pero é unha estratexia que non resiste unha análise seria e rigorosa nin desde o punto de vista legal —falei de dous reais decretos de obrigado cumprimento— nin desde o punto de vista político. O que vostede evita responder é por que a Xunta incumpre reiteradamente as obrigas que lle corresponden. Fala do Pladiga do 2025, ¡pero estamos a preguntarlle polo Pladiga do 2026, que ten que empezar a aplicarse o 1 de xaneiro! (*Murmurios.*) Ese documento teno que realizar a Consellería do Medio Rural e non se pode escapar desa obriga; é unha obriga básica.

Estamos en decembro e, un ano máis, o Plan nin está publicado nin aprobado, nin está convocado o Consello Forestal. Tería que estar convocado para participar nestas decisións e para oír todos os seus membros, pero nin está convocado o Consello nin creo que fixesen ningún traballo ao respecto. O 31 de outubro non é un prazo decorativo que pon unha lei; é unha condición necesaria para que a prevención —reitero— poida comezar no inverno e para que o dispositivo funcione con garantías desde o 1 de xaneiro do ano 2026. A falta de publicación do Plan ten consecuencias concretas, conselleira: provoca atrasos na contratación do persoal —pero, bueno, a vostedes non lles importa moito a contratación do persoal, porque despois chega agosto e hai dúascentas vacantes—; debilita a coordinación; impide á cidadanía coñecer as medidas que se van aplicar, e dificulta —que é o máis importante— a planificación operativa de todo o sistema.

E isto non depende nin dos concellos nin dos propietarios, conselleira; depende en exclusivo da Xunta de Galicia. E por iso resulta especialmente grave que agora se pretenda cargar o foco sobre outras administracións locais —como fixo vostede e como fixo a Xunta de Galicia esta semana e a pasada—, dicindo que se os concellos tiñan os plans de prevención municipais aprobados ou non aprobados —falando de números, dos que os tiñan e dos que non os tiñan—. Non se pode exixir corresponsabilidade cando non se garante financiamento estable aos concellos, nin apoio técnico real, nin coordinación efectiva, e, sobre todo, non se



pode pedir aos concellos que cubran as carencias dunha Xunta que nin sequera cumpre coa súa obriga básica de planificar en prazo. Mandar notificacións non substitúe a súa xestión —a que lle corresponde, conselleira—, e a normativa estatal —xa o dixeran— é clarísima: o Real decreto lei 15/2022 e o Real decreto 716/2025 establecen que as comunidades autónomas deben integrar o risco de incendios na planificación territorial, reforzar a prevención, adaptar os dispositivos aos incendios de alta intensidade —que non o están a facer—, garantir a formación continua do persoal e mellorar a resiliencia das masas forestais.

Dígame vostede na segunda intervención que están a facer de todo isto, porque nada disto se vai facer sen esa planificación desde os 19 distritos e sen esas obras que ten que facer. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, señora conselleira. ¡Contésteme! Mire, pode agora dicir: mañá déixolle no despacho as obras que fixemos este ano en prevención dos 19 distritos». Pode facelo mañá; a min gustaría-me ter ese documento.

Con todo, Galicia segue a incumprir, e non estamos ante un erro puntual. Non é perdoable, conselleira. Despois da peor vaga de lumes rexistrada en décadas en Galicia, resulta evidente que non aprenderon nada ou que non queren aprender. *(Aplausos.)* A experiencia de Ourense demostrou pola vía dos feitos que os lumes de nova xeración son imposibles de extinguir unha vez que se inician, conselleira.

Falamos dun tema —sigo insistindo— de seguridade pública; pode morrer xente. Polo tanto, señora conselleira, espero a súa contestación e que o Grupo Socialista teña ese informe das obras preventivas realizadas no ano 2025 encima da mesa canto antes. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Montserrat Prado Cores): Grazas, señora Rodríguez.

Agora, a quenda de réplica da señora conselleira do Medio Rural.

A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): Grazas de novo, presidenta.

¡Que hipocrisía, señora Dacosta! O Goberno da Xunta veu onte aquí aprobar o presuposto do ano 2026. Cando o Goberno central leva tres anos sen aprobar un presuposto, incumprindo a lei, ¡vén dar vostede aquí leccións! *(Aplausos.) (Murmurios.)* ¡Está vostede para dar leccións! E voulle dicir outra cousa: o tema tampouco lle veu moi acaído hoxe, porque, para falar de incendios, está o Partido Socialista... *(Risos.) (Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Manda chover!

Sei perfectamente que vén vostede falar do Pladiga 2026. Encima, non me tome por tonta... *(Protestas.)*

A PRESIDENTA (María Montserrat Prado Cores): Por favor, señora conselleira.

A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): Perdón.

A PRESIDENTA (María Montserrat Prado Cores): Pido, por favor, que respecten a quenda da xente que está no uso da palabra.



A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): Primeiro, o contido mínimo obrigatorio non está dispoñible porque require da estatística completa de incendios do presente ano —digo eu que estamos no 2025, ano que non pechou aínda—, e, segundo, o Pladiga debe incluír o orzamento do exercicio 2026 que acabamos de aprobar onte, cumprindo coa responsabilidade que debe ter calquera goberno, menos o de España, polo que parece.

Dixo vostede literalmente que non se fixeran os labores de prevención nos distritos (*A deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta pronuncia palabras que non se perciben.*) e aínda o recalcou na segunda intervención. Non o dixo a señora conselleira, díxoo vostede. (*Murmurios.*) En canto ao ditame de despois da vaga de lumes do ano 2017, díreille que o 80 por cento das 123 medidas están cumpridas. (*Aplausos.*)

En Galicia, desde o ano 2018 aplicamos medidas prácticas para integrar o risco de incendios na planificación territorial, urbanística e forestal: colaboramos cos concellos na elaboración e revisión dos plans municipais —por suposto—, integrando a cartografía urbanística e catastral para definir as faixas secundarias; incorporamos o risco de incendios nos plans de áreas protexidas, con medidas silvícolas preventivas; o visor corporativo actualízase constantemente para planificar co criterio de risco, e coordinamos co planeamento urbanístico municipal nas zonas de contacto urbano co monte. Estas accións non son meras declaracións; son medidas concretas que reducen o risco e salvan vidas. Para adaptar e modernizar o dispositivo de prevención e extinción fronte a fenómenos climáticos extremos, reforzamos o parque móbil terrestre e os medios aéreos e incorporamos tecnoloxía de apoio e un sistema de xestión operativo en tempo real. Ademais, profesionalizamos brigadas, melloramos as condicións operativas, incrementamos capacidades nos días de risco extremo e priorizamos a xestión preventiva da biomasa nesas faixas secundarias.

No que se refire á formación, o Goberno galego ofrécena de xeito continuado a todo o persoal operativo mediante un plan plurianual consultado cos sindicatos, que inclúe o manexo de maquinaria, a seguridade, o comportamento do lume extremo, a coordinación interadministrativa, as funcións de mando e o uso de novas tecnoloxías. É esencial que o persoal dispoña de coñecementos actualizados e de ferramentas modernas para reducir os riscos e protexer as vidas e os bens.

As mesas do lume teñen carácter orientativo e o Goberno galego analiza mecanismos de participación locais, garantindo que a voz do territorio se integre sen crear obrigas innecesarias. No ámbito da protección civil, local e comarcal, a Xunta asegura financiamento estable e, a través do convenio entre a Xunta, Seaga e os concellos, duplicamos o orzamento anual ata os 25 millóns de euros para eliminar a biomasa das faixas secundarias e axudar os concellos nas súas obrigas. Este convenio vixente que acabamos de asinar —vai estar vixente dende o ano 2026 ata o 2029— permitirá actualizar plans municipais, definir faixas secundarias, executar traballos subsidiarios, xestionar a biomasa e prestar apoio técnico integral aos concellos, especialmente a aqueles de menos de 10.000 habitantes.

O artigo 50 bis da Lei de montes obriga a que os traballos de restauración forestal dispoñan dun plan actualizado. Galicia realiza numerosas actuacións postincendio, sempre con crite-



rios técnicos, concedendo axudas con plans plenamente vixentes, polo que a obriga legal está garantida.

Para rematar, cómpre dicir que a Fegamp, por simples cuestións políticas, non subscribiu o novo Convenio de xestión pública da biomasa. Iso é non apoiar os concellos, a pesar da súa importancia, que vimos este ano. E, despois, vostede aquí vén falar de prazos, sabendo, como sabían, que era imprescindible asinar ese convenio antes de que rematase o ano para poder realizar os traballos dende o 1 de xaneiro. A Xunta ofrecerá a cada concello —un a un— a posibilidade de adherirse a ese acordo, e contará cun orzamento anual para o que investirá un total de 100 millóns de euros, que porá á disposición dos concellos entre 2026 e 2029 e que abarcará máis parroquias priorizadas, garantindo máis medios, máis persoal e máis prevención eficaz. Esta non é unha cuestión para facer política; é protexer vidas, bens e territorios.

Nada máis. Moitas grazas e bo Nadal a todos e a todas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Montserrat Prado Cores): Moitas grazas, señora conselleira.

Pasamos agora ao punto sexto da orde do día, as preguntas ao Goberno.

Pregunta do deputado Ramón Tomás Fernández Alfonso e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as necesidades de reformas nas infraestruturas do IES Concepción Arenal, de Ferrol, e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto

A PRESIDENTA (María Montserrat Prado Cores): Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Fernández Alfonso.

RAMÓN TOMÁS FERNÁNDEZ ALFONZO: Boa tarde a todos e a todas.

Boa tarde, señor conselleiro.

É obrigado pola nosa parte comezar esta pregunta dándolles as grazas e os parabéns a todas as persoas que foron hoxe á folga non só para defender os dereitos do profesorado, senón tamén, e sobre todo, para defender o dereito a un ensino de calidade, con medios e persoal suficiente para atender todas as necesidades dos nosos fillos e fillas e para atender todas as casuísticas e diversidade que conviven nos centros de ensino. (*Aplausos.*)

Os pais e nais temos dereito a un ensino de calidade, integrador e igualitario e, para garantir este dereito, cómpre baixar a *ratio*, cómpre máis profesorado, máis orientadores e orientadoras, máis desdobramentos, máis especialistas e máis recursos, e sobra propaganda e autoritarismo, que son os rasgos distintivos do seu goberno. Falta diálogo e vontade construtiva, señor conselleiro, comezando por respectar a maioría sindical que saíu das eleccións. Mais é sabido que o Partido Popular só respecta a democracia cando gaña as eleccións; cando as gañan outros, procuran evitala. O que vivimos e sentimos os pais e nais hoxe nos centros educativos é que somos reféns do Partido Popular, reféns do seu autoritarismo e prepotencia, reféns do seu negacionismo e reféns do pensamento único negador do noso



idioma, da nosa realidade e dos recursos necesarios para atendela, tanto no plano académico como no emocional. Por defendernos a todos e a todas —os nosos dereitos—, por defender ese proxecto de ensino público galego, de calidade, integrador e igualitario, moitas grazas de novo e parabéns aos sindicatos que convocaron as folgas.

Imos falar tamén das necesidades do instituto masculino de Ferrol: da necesidade de facerlle unha reforma e, sobre todo, de dotalo de máis espazo para a educación física. Como sabe, trátase dun instituto moi grande, e en ocasións coinciden tres grupos facendo educación física, que non collen no pequeno pavillón do que dispón o centro. Cando vai bo tempo, non hai problema: usan as pistas de fóra, mais, cando chove, non teñen alternativa e algúns dos grupos teñen que facer educación física ¿sabe vostede onde? Na aula. Si, na aula. É dicir, cando chove, algún dos grupos non fan educación física.

Vai facer agora tres anos desde que lle preguntamos polas necesidades do instituto masculino e dicíamos daquela que o centro estaba abandonado pola súa consellaría. Vostede dicía que faltabamos á verdade. Tres anos despois, a situación do centro segue igual; constátase que, efectivamente, o centro está abandonado. As fendas, os desconchados e as humidades foron a peor e, por suposto, seguimos sen espazo apropiado para a educación física. Dicía vostede daquela que estaba pendente dos informes técnicos da Consellería. Meses despois, en novembro de 2023, anunciou que os trámites comezarían no 2024. Señor conselleiro, a catorce días de comezar o ano 2026, ¿como está o proxecto para dotar o instituto masculino de Ferrol dos espazos que necesita para as aulas de Educación Física?

Obrigado. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Montserrat Prado Cores): Grazas, señor Fernández.

Para contestar a pregunta, ten a palabra o señor conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, o señor Rodríguez González.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): Moitas grazas, presidenta.

A verdade, señor deputado, é que se hai un partido que defende e respecta a democracia é o Partido Popular, *(Murmurios.)* e voulle dicir por que: porque en moitas ocasións, gañando as eleccións, os outros que as perden gobernan, e aceptámolo. Iso é moi habitual; *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* mesmo nalgúns administracións que están hoxe gobernadas polo Partido Socialista ou polo Bloque, os dous partidos que perden as eleccións gobernan, porque, afortunadamente, este partido respecta as maiorías. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Tamén quero dicir, señor deputado, que dá a sensación de que non acertou moito na súa pregunta, desde dúas perspectivas. A primeira —plantexa aquí algo que eu xa prevía cando vin a orde do día— é a súa intencionalidade. A súa intencionalidade política non era falar deste caso concreto ou doutros que van vir, sen dúbida, senón intentar falar dunha enorme folga educativa que tivo un grandísimo seguimento do 10 por cento —algo máis do 10 por



cento— do profesorado. Esa é a realidade. Iso quere dicir que o 90 por cento do profesorado non secundou o chamamento dunha formación sindical tremendamente vencellada ao seu partido. Non sei ben como é: se CIG-BNG ou BNG-CIG —creo que é puramente descritivo, sen entrar a valoralo; esa é a realidade—. Despois de moitas semanas dun constante chamamento nas redes sociais e en todas as partes..., ben, un 10 por cento do profesorado está moi ben.

Eu creo que así se avanza moito no sistema educativo, igual que se avanza no sistema educativo facendo unha promoción constante do conflito e, sobre todo, non recoñecendo o que se está facendo, como levar a cabo e desenvolver un acordo sindical —si, un acordo sindical— con tres das catro organizacións sindicais que conforman a mesa sectorial. Por certo, unha organización sindical que ata hai pouco apoiaba os plantexamentos da CIG deixouna plantada e súmase a unha senda que obviamente si ten un percorrido e si está tendo resultados, porque con proclamas, con actuacións de todo tipo e con discursos altisonantes, fóra absolutamente da realidade, o ensino non mellora. Co chamamento constante ao conflito, o ensino non mellora, e negando a realidade con esa especie de propaganda á inversa, o ensino non mellora. ¿Como mellora? Desenvolvendo acordos, falando e aplicando de xeito progresivo unha serie de medidas que o sindicato nacionalista sabe perfectamente que se están levando a cabo e, por iso, intenta sacarles valor, desprestixiando os seus compañeiros sindicalistas e tamén o que se está facendo. Polo tanto, creo que é un mal momento. Non me vai dar tempo de explicalo...

A PRESIDENTA (María Montserrat Prado Cores): Grazas, conselleiro.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): Intentarei na segunda parte dicirlle claramente como se está facendo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

A PRESIDENTA (María Montserrat Prado Cores): Grazas, conselleiro.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): ...no Concello de Ferrol.

Moitas grazas. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

A PRESIDENTA (María Montserrat Prado Cores): Na quenda de réplica, o señor Fernández Alfonso.

RAMÓN TOMÁS FERNÁNDEZ ALFONZO: Obrigado, señora presidenta.

Sempre se nos esquece que o señor Feixóo non é presidente porque non quere, está ben que nolo recordase. *(Risos.) (Aplausos.)*

Señor conselleiro, é moi difícil saber cantas horas de Educación Física está perdendo o alumnado do instituto, pero, tendo en conta que é un centro moi grande —nos últimos anos, ao redor dos novecentos alumnos— e que ten moitos grupos, o número de veces que coinciden



dous ou tres grupos son moitas —cun calendario perfecto, un mínimo de trece horas á semana— e, cando chove, un ou dous grupos teñen que quedar na aula. No pavillón non collen nin sequera dous grupos xuntos, por non falar dos vestiarios...; é absolutamente imposíbel que un mínimo de cincuenta rapaces e rapazas poidan asearse e cambiarse ao mesmo tempo.

Este problema xa existía antes de aumentar o número de horas de Educación Física no bacharelato, mais a partir dese momento o problema aumentou dun xeito exponencial. Vostede gábase de aumentar esa hora —de feito, o señor Feixóo, que foi quen anunciou a medida no 2020, falaba da importancia da educación física no ensino como algo fundamental para fomentar a saúde—, mais no instituto masculino de Ferrol non teñen os espazos necesarios para a práctica da educación física e a Xunta non está facendo nada para resolver o problema. Como todo o que fai o Partido Popular, é propaganda sen recursos.

Por iso o profesorado está en folga, señor conselleiro. Para vostedes, un ensino galego de calidade, integrador e igualitario non é máis que propaganda; para os sindicatos convocantes da folga —a quen vostede lles ten tanto respecto—, para as ANPA que apoian esa folga e para o BNG, ese é o modelo de ensino que queremos e que defendemos: ensino con dereitos para todos e todas. De novo, son as persoas que protestan na rúa as que fan Galiza avanzar, malia todos os atrancos do Partido Popular; o mesmo que con Altri, a sanidade pública ou a defensa do idioma.

Díganos algo, por favor, sobre o pavillón do instituto masculino.

Máis nada e obrigado. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Montserrat Prado Cores): Grazas, señor Fernández.

Para a réplica, ten a palabra o señor conselleiro.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): Decía no inicio da miña anterior intervención que non acertara coa temática debido, primeiro, ao que lle acabo de comentar da folga e, segundo, debido ao traballo que se está facendo no Concello de Ferrol —na cidade de Ferrol— respecto aos centros educativos.

Eu, hai moi poucos días, tiven a ocasión de visitar a cidade de Ferrol, como estou seguro de que vostede sabe, (*Murmurios.*) e como tamén estou seguro de que sabe a traxectoria de investimentos en infraestruturas e equipamentos educativos desde que se aprobou o Plan de nova arquitectura pedagóxica.

Estamos a falar de máis de once millóns de euros nos centros educativos da cidade de Ferrol e de edificios ou proxectos que xa están rematados; por exemplo, o Almirante Juan de Lángara, con 1,4 millóns, ou a reforma do Catabois, con 762.000 euros. Levamos, como vostede sabe —anunciámolo o outro día—, dous proxectos importantes —máis de tres millóns por anticipado de gasto— para facer rehabilitacións integrais en dous centros que o precisan e nos cales é moi importante a intervención, como é o instituto de FP Leixa, con 1,8 millóns,



ou como é o Sofía Casanova, con 1,3 millóns. Temos en marcha —en execución agora mesmo— no Terra de Ferrol, no centro de educación especial, 600.000 euros no ámbito de arranxos na cuberta e outros arranxos. Tamén temos un proxecto de cooperación e colaboración co Concello de Ferrol, no que, a medias e de xeito consensuado, estamos intervindo con máis dun millón de euros en dez centros educativos de primaria. Creo que é moi boa práctica e moi bo exemplo; gustaríame que outros concellos doutras cidades fixesen o mesmo que fai o Concello de Ferrol para manter os seus centros. *(Murmurios.)*

Respecto ao que vostede me di, é obvio que non se pode facer todo á vez, pero tamén é obvio que hai unha serie de criterios que se deben seguir que son prioritarios. Para nós, a posta en marcha ou a mellora do Concepción Arenal é unha prioridade. Xa levamos investidos máis de quíntos mil euros. Vostede dixo aquí que nunca se fixera nada, pero máis de quíntos mil euros se levan investidos e mantemos todos os compromisos adquiridos. De feito, vostede sabe perfectamente que ese é un edificio dun certo valor histórico e dunha gran simbología dentro da cidade e que está dentro das áreas de influencia e está sometido a diferentes parámetros e informes de Patrimonio. Tamén sabe —se non, dígollo aquí— que houbo xa reunións técnicas entre os técnicos da Consellería e os técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio para facer unha solución que dea, por unha parte, cobertura ás necesidades do centro, pero que, ademais, se adapte aos requirimentos de Patrimonio.

Hai un compromiso absolutamente firme para arranxar este centro; o que pasa é que non se pode facer todo á vez, e vaise priorizando con base en criterios técnicos. Creo que iso é algo que a ninguén lle escapa e é algo que ten que facer un político, porque os recursos non son infinitos; son limitados, é necesario priorizar. Creo que coa cidade de Ferrol, cos alumnos e alumnas de Ferrol e coas familias de Ferrol, hai un compromiso firme de mellorar, progresivamente e en función dos recursos, as súas infraestruturas e, neste caso concreto, por suposto, tamén...

O PRESIDENTE: Grazas.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): ...se fará.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta do deputado Óscar Insua Lema e da deputada María Cristina Fernández Davila, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as necesidades dos centros de ensino da Costa da Morte neste curso 2025-2026 canto a persoal docente e auxiliar para atender o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

O PRESIDENTE: Pregunta de don Óscar Insua, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

ÓSCAR INSUA LEMA: Grazas, presidente.



Boas tardes.

Señor conselleiro, gustárame que quitase os tapóns dos oídos para escoitar de verdade o que lle vou contar, porque vostedes, os do PP, presumen de dialogar... —e dialogar, fano, certamente—, pero non escoitan nada. Os diálogos que ofrecen convértense en monólogos sen resposta, e quero que escoite pola miña boca o que lle reclaman as nais que hoxe nos acompañan aquí das ANPA de Cee e do concello de Muxía. Estas son familias que teñen nenos e nenas con necesidades especiais e que loitan diariamente por un mundo mellor, buscando xustiza, pola inclusión e pola defensa da poboación máis vulnerable. Eu vou falar por elas, pero vostede ten a oportunidade hoxe de contestarlles directamente, porque están aquí na tribuna.

Mire, van catro meses xa desde que comezou o curso escolar, e o Partido Popular da Xunta non cede nin un milímetro ás reivindicacións xustas das nais e pais dos colexios de Cee e de Muxía. Levan semanas concentrándose nas portas dos centros de ensino para reclamar máis profesores para os nenos e nenas con necesidades especiais, e tamén coidadores. Á parte das concentracións que fixeron, manifestáronse en Cee por dúas veces —o 25 de setembro e a semana pasada, o 8 de decembro— e en Muxía, o 7 de outubro, e a todas elas acudiron máis de trescentas persoas. Onte mesmo, a ANPA da Granxa de Bergantiños, en Carballo, saía tamén protestar polos recortes no profesorado especialista para atender o alumnado con necesidades educativas.

Vostede di —leva dicindo— que o curso comezou sempre con normalidade; ¡pois non sei onde, porque na Costa da Morte comezou con recortes do profesorado! (*Aplausos.*) As contas están feitas e enriba da mesa: precisan profesores de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe e algún coidador máis. Pregúntolle eu se é necesario que expoñan publicamente, con fotos e vídeos nos xornais e nas redes sociais, os nenos e as nenas con necesidades educativas especiais para que vostedes reaccionen ante a evidencia, como fixeron noutros casos. ¿É realmente necesario ou chégalles cos informes que fixeron desde as direccións dos centros educativos? ¿Non lles valen os informes destes funcionarios? Para vostedes, que din que nunca toman decisións políticas, senón que son os técnicos os que deciden, ¿acaso os directores non son tan técnicos como os que informan os proxectos industriais?

Señor conselleiro, ¿sabe de primeira man o que pasa en Cee e en Muxía ou preparáronlle a resposta? Dígoo porque, se se preocupou por sabelo, dígalles ás nais as razóns polas que se negan a reforzar o profesorado e o persoal auxiliar coidador nestes centros para garantir os dereitos e atender, sobre todo, o alumnado con necesidades educativas especiais e con necesidades específicas de apoio educativo.

Grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.



Señoría, por suposto que escoitamos sempre, atentamente, como levamos facendo moito tempo, as familias, as formacións políticas e as organizacións sindicais. Grazas a iso, sabemos o que pensa a inmensa maioría do pobo galego, por iso nos votan e por iso gañamos as eleccións. Non somos absolutamente sectarios nin pretendemos ter absolutamente a razón sempre nin temos un pensamento totalitario, como outros poden ter. Nós, dende logo, non somos así.

E quero dicirlle que eu levo escoitando o BNG practicamente quince anos nesta Cámara. E a verdade é que en quince anos nunca lle escoitei unha palabra positiva do sistema educativo galego. Nin unha, nin unha. Sempre lle escoitei posicionarse negativamente a todos os grandes avances que se fixeron na educación galega nos últimos 15 anos. Sempre votaron que non a cuestións como a FP básica, por exemplo, ou á posta en marcha dos CIFP, ou á FP Dual, ou a moitísimas cuestións que se puxeron encima da mesa e que vostedes dixerón sempre que non.

E vostedes teñen un problema: que parten de que pensan que teñen a razón absoluta e pensan que só hai unha razón, a súa; igual que só hai uns bos galegos, os seus. Pero a realidade non lle é así, a realidade non lle é así. A realidade é que no ámbito concreto... Non fai falta que me sinale, que lle vou responder, non se preocupe, que lle vou responder; home, estea tranquilo, que lle vou responder. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, por suposto. E teño o máximo respecto polas familias, non teña a menor dúbida; quizais o mesmo que vostedes, por non dicir máis; pero, polo menos, o mesmo, jeh! Polo menos o mesmo. (*Murmurios.*) E eu teño o máximo respecto como responsable político polas familias de calquera concello de Galicia porque é o meu deber como político e como responsable político. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Todos os asuntos e todas as decisións que se fan, neste caso, en atención á diversidade, fundaméntanse sempre. E é algo que é moi difícil de cuestionar en criterios técnicos, feitos neste caso polos equipos directivos, feitos pola inspección e que se avalían posteriormente —avalíanse posteriormente— nun grupo de traballo a nivel provincial, que é o que decide se un recurso é necesario ou non é necesario.

E, respecto ao que vostede di, nalgúns destes centros que vostede citou hai máis recursos de profesores especialistas que o ano pasado. Se vostede lle dá á cabeza e di que non está mentindo, e sábeo. Nalgún destes centros, en concreto, hai máis recursos especializados que o curso pasado, con menos alumnos. Porque é unha máxima que nestes últimos cursos, con menos alumnos, o sistema educativo tivo máis profesores. Temos unha responsabilidade absoluta cos alumnos con necesidades educativas especiais. Levamos feito moitísimas cousas e quedan moitísimas cousas por facer para poder axudar aqueles alumnos que máis o precisan e para poder ter unha integración e unha equidade o maior posible.

Por certo, dentro de España, cos defectos que temos, —así o recoñece PISA— temos o ensino máis equitativo de España e tamén...

O PRESIDENTE: Grazas, grazas.



O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): ...o propio Ministerio reconece que temos o ensino máis inclusivo...

O PRESIDENTE: Ten outro turno despois. Grazas.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): ...do conxunto de España.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Insua.

ÓSCAR INSUA LEMA: Mire, conselleiro, antonte reuniuse a Federación de ANPA galegas coa directora xeral de Ordenación, a señora Judith Fernández; un encontro totalmente inútil, como a súa resposta, polo de pronto. Porque dixo a directora que as ANPA non saben o que pasa nos centros e que están manipuladas polos profesores, que hai recursos suficientes, pero que non están ben aproveitados...

O señor director xeral de Centros de Recursos Humanos, o señor Bértolo, díxome practicamente a min o mesmo hai case un mes na Comisión 4ª: todos os centros están dotados por enriba do catálogo. Pero non ofrece os datos concretos. Eu díxenlle que mos puxese por escrito e estou aínda esperando a que mos dea, estou esperando. Agora xa entendo por que non o mandan, vouno entendendo. É dicir, vostedes o que teñen é medo.

Vostedes teñen o informe da dirección do Instituto Agra de Raíces de Cee, que explica con detalle as necesidades existentes, os profes necesarios, así como os coidadores. O señor Indalecio Cabana —¿coñéceo, verdade?—, xefe territorial, e o inspector xefe, o señor Rubén Prieto, déronlle o visto bo a este informe. ¿Por que botaron abaixo a proposta de dotación de PT e AL para o Agra de Raíces? ¿Quen decide na Consellería de Educación, os técnicos ou os políticos? A ver se nolo pode aclarar, señor Román, porque van bos de dicir neste Parlamento —hoxe mesmo o dixo o presidente— que «respecto absoluto ao que din os técnicos». Responda. Porque estes señores déronlle o visto bo.

¿Vostede cree realmente que as familias, as nais e os pais, non teñen máis cousas que facer que ir protestar para defender os dereitos dos seus fillos? É dicir, ¿vostede creo realmente? ¿Vostede cre que as protestas están manipuladas? ¿Si? Entón, ¿que facía a concelleira e portavoz do Partido Popular de Muxía na manifestación con todos nós recorrendo as rúas? *(O deputado Óscar Insua Lema amosa unha fotografía.)* ¿Era una espía enviada especial? Non sei.. ¿Estaba equivocada? ¿Estaba creando algarada, é dicir, conflito, tensión? É esta, a señora de branco.

Señor conselleiro, exixímoslle que garanta unha dotación suficiente este ano ao profesorado e que permita unha atención adecuada á diversidade...



O PRESIDENTE: Grazas, grazas...

ÓSCAR INSUA LEMA: ...e á inclusión.

¿Vai contratar máis...

O PRESIDENTE: Terminou o seu tempo.

Grazas. *(O deputado Óscar Insua Lema pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Peche da pregunta, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): Ben, moitas grazas, señor presidente.

Vostede quere falar de números, eu falo de números. E falo con base en criterios técnicos emitidos polos servizos de inspección e que se ratifican nunha comisión provincial, que é onde se decide a asignación dos recursos. Vostede obvia iso. Eu sei que o Bloque Nacionalista ten outra forma de gobernar, ou teríaa. Poñería a dedo onde lle interesa e, onde non, non. Nós non somos así; nós non somos coma vostedes, nin para o bo nin para o malo. *(Murmuros.)* Non somos coma vostedes. Vostedes están contentos sendo como son e nós tamén estamos contentos con que vostedes sexan así, porque están na oposición sempre. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)* Todos contentos.

Agora, a realidade é que no centro que vostede di... Porque quere datos, quere números, pois voulle dar datos. Mire, o CEIP Plurilingüe Vila de Cee ten un PT e 1,5 AL. É o dato correcto, segundo os servizos de inspección. Está dotado por encima de catálogo; ten medio PT por riba do catálogo. Ten un coidador máis que o curso pasado. E as aulas todas elas están moi por debaixo das *ratios* máximas, todas elas. De feito, neste centro hai unha capacidade de carga de 340 prazas. Hai 340 prazas dispoñibles e hai 283 prazas ocupadas. É dicir, que hai aproximadamente 50 prazas libres. É dicir, non hai masificación, hai recursos humanos... E isto baséase todo en informes —como xa digo— de inspección. ¿Ou vostede pensa —se o pensa é preocupante— que nos servizos centrais da Consellería o director xeral que vostede cita, ou eu mesmo, temos a capacidade de saber exactamente o que pasa en cada centro? Non a temos, pero temos uns servizos de inspección que son quen informan e, con base nos servizos de inspección tómanse as decisións técnicas; perdón, as decisións de asignación ou non de recursos, con base en cuestións técnicas.

O Centro de Muxía, que tamén citou vostede, tamén está por riba do catálogo. Ten medio AL a maiores e todas as aulas, todas, están por debaixo das *ratios* máximas. E tamén dispón de espazo para 143 alumnos e só ten 90 alumnos; é dicir, ten case espazo para 50 alumnos máis. Está «dispoñible» un terzo de alumnado máis.

Podería falar tamén do Virxe da Barca, do Agra de Raíces e do que queira. Pero a min dáme a sensación de que a vostedes isto lles importa tamén relativamente pouco, simplemente



tiraron do fondo do armario para ter unha iniciativa de falar hoxe e acompañar coa súa intervención o 10 por cento de profesores que estiveron en folga hoxe pola mañá. Dígoo porque esta iniciativa leva tres meses no Parlamento. ¿Non lle acordou ata agora activada? Perdón, tres meses no Parlamento. Rexistrárona, en concreto, o 15 de setembro e estamos case en Nadal e non tiveron tempo para traela antes ao Parlamento, á Cámara. (*Murmurios.*) (*Protestas.*)

Non tiveron tempo...

O PRESIDENTE: Grazas, grazas...

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): Iso demostra que lles importa máis ben... (*Protestas.*)

O PRESIDENTE: Grazas, terminou o tempo. Grazas, grazas, terminou o tempo. (*O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

Pregunta da deputada Silvia Longueira Castro e do deputado Aitor Bouza Manso, do G. P. Socialista de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coas necesidades dos centros da área metropolitana da Coruña en materia de educación inclusiva

O PRESIDENTE: Pregunta de dona Silvia Longueira.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

Boa tarde, señor conselleiro.

Ben, *vamos siguiendo la estela*. Aquí veño preguntarlle polo CEIP Vicente Otero Valcárcel, de Carral, que foi o que motivou no seu momento esta pregunta. E a pregunta, por se o tempo se me acaba —porque sempre se me acaba—, é: ¿ten a Consellería de Educación algunha proposta para paliar as deficiencias dos colexios da área metropolitana da Coruña respecto da educación inclusiva? Porque —como ben ve xa o que acaban de dicir sobre Muxía, despois vai vir tamén da zona de Pontevedra a miña compañeira Paloma con outra pregunta ao respecto— o que pasaba no CEIP Otero Valcárcel de Carral, denunciado pola ANPA, é a falta de profesores de apoio, coidadores dos alumnos con necesidades especiais. Ata o punto de que a un alumno con grao 3 de dependencia foille denegado un coidador na aula, toda vez que o ano anterior ese mesmo alumno contaba con ese coidador dentro da aula.

A situación é aínda máis complexa porque o centro conta con 60 alumnos que, tras unha avaliación levada a cabo polo profesorado, precisan, nalgunha medida, apoios e coidados dentro do ámbito da educación inclusiva. Con todo, só 30 deses 60 alumnos foron valorados. Esa é unha realidade latente. Temos o caso deste rapaz, que foi solventado despois de que os pais saísen publicamente dicilo, co apoio da ANPA, co apoio de todos os veciños de Carral, facendo manifestacións... Finalmente este rapaz temos que dicir que tiveron que pasar unhas semanas e tivo ese PT que lle facía falta, que xa tivera o ano anterior. Pero a realidade que



está somerxida en todo isto é que desta avaliación, con todo, só 30 deses 60 alumnos foron valorados con necesidades especiais.

Entón, tamén pasou o mesmo en Curtis, un caso moi, moi parecido, que saíron os do CEIP, saíu a veciñanza, saíu a ANPA e un neno que non chegara ese curso nin sequera a entrar na aula. É dicir, no caso de Carral aínda o intentaron, pero despois este neno de Curtis non podía, por unha situación familiar... De todos os xeitos, un neno cuns trastornos moi, moi concretos e ademais con alta necesidade de asistencia na aula non podían os pais levalo ao colexio, ata que, finalmente, a Consellería decidiu que podía contar co persoal de apoio.

Entón, isto non é unha cuestión disto que din vostedes de que son «referentes e pioneiros», fagan o que fagan son referentes e pioneiros. Non é unha cuestión diso, nin sequera é unha cuestión de ser mellor que o seguinte nin estar na lista dos *hits* de España. É unha cuestión de que: o próximo ano ¿van ter estas familias —que van seguir sendo as mesmas e máis— que seguir pasando este calvario de saír á rúa a pelexar ou ten...

O PRESIDENTE: Grazas.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: ...a Consellería unha planificación ao respecto?

O PRESIDENTE: Grazas.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Resposta do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, vostede forma parte do Partido Socialista. O Partido Socialista leva creo que malgovernando a educación deste país nos últimos oito anos, aproximadamente. Digo malgovernando porque agora parece que a ministra xa non é ministra, pero estivemos máis dun ano, máis de case dous anos, sen saber que existía. Porque nunca nos chamou a ningunha reunión aos conselleiros autonómicos, pese a que en teoría a súa función era coordinar as comunidades autónomas. É o que ten que facer o Ministerio de Educación: coordinar as comunidades autónomas. Digo isto porque vostede estou seguro de que vai dicir que o Ministerio de Educación o fai moi ben. Porque é o que din os socialistas, aínda que anden por aí de feira en feira —por non dicir outras cousas peores—, din que non pasa nada.

Digo isto porque, se facemos caso ao seu ministerio, ao Ministerio de Educación do Goberno de España, hai un dato que creo que é moi clarificador: o Ministerio dinos que Galicia é a comunidade autónoma que ten o ensino máis inclusivo de España, que ten a maior porcentaxe de alumnos con necesidades educativas especiais integrado nas aulas ordinarias, máis dun 93 por cento dos mesmos. E obviamente ese é un reto enorme, é un reto brutal, porque é necesario xestionar a diversidade. E é certo que vostede dirá «ben, iso non importa nada,



aquí faise moi mal». E eu preguntolle como se fará no resto dos sitios, jeh! Como se fará nalgunha comunidade autónoma gobernada polo Partido Socialista na que están nos últimos postos, cando Galicia está nos primeiros. E, a partir de aí, podemos falar do que queira. Podemos falar de casos concretos, podemos falar de vocacións políticas, podemos falar de moitísimas cuestións.

Xa llo dixen antes, para a Comunidade Autónoma de Galicia a atención á diversidade é un eixo estratéxico. Un eixo estratéxico que se fundamenta en axudar máis a quen máis o precisa. E levamos feito e avanzado moitísimo neste campo, moitísimo neste campo. E tamén recoñecemos que queda moito por facer. Pero realmente vostedes aquí o que plantexan é un caso concreto que, obviamente, haberá que tomar as decisións con base nas referencias e nos requirimentos técnicos e tomar as decisións correspondentes.

Segundo vostede di, parece que a educación inclusiva en Galicia non existe. Temos una plantilla de profesionais: en torno a 5.000 profesores profesionais en atención á diversidade. O número de PT e AL duplicouse en 10 anos. Duplicamos, dende o ano 2009, o número de coeducadores. Temos a maior capacidade de detección de alumnos con necesidades educativas especiais de España, un 5 por cento respecto á media de España dun 3,6 por cento. Temos a mellor *ratio* en educación especial de España: nós temos 3,3 alumnos por profesor nos centros de educación especial, por 5,2 a nivel de España. Somos os únicos que temos programas de formación profesional básica adaptada. Temos, como xa dixen antes, unha débeda moral con aqueles alumnos que máis o precisan. Por suposto, somos conscientes de que todo o que se faga pode ser sempre insuficiente, pero o que non se pode é cuestionar o esforzo que se fai neste centro, como noutros centros, por favorecer a educación inclusiva...

O PRESIDENTE: Grazas.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): ...e por axudar máis os alumnos que máis o precisan.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Longueira.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

A ver, eu esperaba unha contestación dun profesor universitario, que, ao final, é o que vostede é. Estamos incluídos, non integrados. Hai unha diferenza entre ser incluído e ser integrado. Dígollo porque, ao mellor, non o sabe. (*Murmurios.*) Estes nenos non están integrados; están incluídos. Se estivesen integrados non faría falta isto. Non faría falta. (*Aplausos.*) Non faría falta que as familias o fixesen todo, como di Miguel Ríos, «a pleno pulmón», porque é o que teñen que facer para que se lles escoite. Non lle estamos pedindo que sexan vostedes maravillosos. ¡É imposible! Non van ser nunca maravillosos. Estamos pedindo que fagan o que din. Entón, poden dicir *ratios* e poden dicir o que queiran. Os nenos non están integrados



—¡non están integrados!— e isto non pasa só en Carral —onde foi un feito, xa lle dixen, que rectificaron ás tres semanas— ou en Curtis —que o rectificaron dous meses despois—, senón que pasa na Coruña, pasa en Arteixo e pasa en Carral, en Cambre, en Cerceda, en Culleredo, en Curtis, en Oleiros ou en Sada... Este venres está Teixeira na rúa pedindo o mesmo e, despois, temos a zona de aquí, de Santiago —co Quiroga Palacios e co Monte dos Postes— e a zona de Pontevedra, en Soutelo e en Cotobade.

Claro, se non se ve o que non se quere ver, podemos dicir o que queiramos. O único que lle estamos preguntando é se ten vostede isto planificado e que medidas vai ter para o próximo ano porque, entón, xa podemos avisar as familias de que desfruten desta bonanza ata que chegue a época do cocido, xa que despois van ter que saír á rúa outra vez porque é o que lles espera o ano que vén. Entón, «paxaros e flores», como di un amigo meu.

Paréceme moi ben que diga vostede aquí todas as bondades que ten o sistema e tamén que recoñeza —esa humildade tamén o fai humano— que ten moito que mellorar, porque sempre estamos en política para mellorar, evidentemente. Pero conteste: ¿A planificación vai existir para o ano que vén?

O PRESIDENTE: Grazas.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: ¿Xa non van ter que saír as familias destes nenos ás rúas?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Peché da pregunta, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): Moitas grazas, señora Longueira, pola súa lección semántica. Xa nos quedou claro que a vostedes tanto lles dá o que se lles diga. Élles igual e tanto lles dá. Teñen os oídos o suficientemente taponados para facer oídos xordos, igual que teñen os ollos xordos, nestes casos e noutras moitas accións do día a día. (*Murmurios.*)

A verdade é que vostede dicía que non se ve o que non se quere ver. Pois é certo. ¡É certo! Iso pásalles a vostedes, e vou quedar só no ámbito educativo. Iso pásalles a vostedes moitísimo. En Galicia temos máis de mil cen centros educativos. En Galicia, como xa dixen antes, as plantillas de educación especial reforzáronse moitísimo nos últimos anos e temos un dato do Ministerio de Educación que di o que di. Segundo vostede, nós somos moi malos. A miña pregunta é: ¿como serán os outros? Pregúntome como serán os outros que están moi por debaixo nun *ránking* que fai o Ministerio —ministerio socialista— e que nos sitúa a nós á vangarda de España, coas dificultades e problemáticas que hai e que temos que resolver.

Claro, dá a sensación —disto tamén falaba antes— de que as decisións se toman de xeito arbitrario, e nada máis lonxe da realidade. As decisións tómanse con total transparencia con base en criterios técnicos, a unha serie de parámetros e a unha serie de informes. Estes dinos



ata onde temos que chegar e ata onde non temos que chegar, sempre dando resposta ás necesidades reais do alumnado e perseguindo, por certo, a calidade, a equidade e a igualdade de oportunidades, algo que dificilmente se lle pode negar ao ensino galego.

Vostede fáleme deste centro en concreto. Pois eu voulle dar datos concretos deste centro en concreto. Son datos oficiais concretos aos que, obviamente, permítanme que eu lles faga caso e que para as decisións que se adoptan tamén lles fagamos caso. Neste centro ofertan 550 prazas e ten ocupadas 443; é dicir, ten máis de 100 prazas dispoñibles. Non hai masificación, cumprese as *ratios* e ten as plantillas necesarias para dar clases a máis 100 alumnos máis dos que ten. É dicir, pode organizar a actividade docente para cubrir tamén algunha das necesidades educativas especiais que se plantean. Todas as clases, como xa digo, están por debaixo das *ratios*. Cumprese, por certo, unha medida de ponderación que só hai en Galicia, algo que ás veces a vostedes se lles esquece. Somos a única comunidade autónoma en que un alumno cunha necesidade educativa especial pondera por dous ou por tres, en función do grao de discapacidade, para a conformación de grupos. ¡Isto ata nolo copiou o Ministerio, mire vostede!

Tamén fala, como dicía, de masificación e de cadros docentes. Estamos por riba do catálogo. En profesores especialistas temos un AL e un PT a tempo completo e un PT compartido. Estamos por riba do catálogo: temos 0,5 profesionais por riba do catálogo, porque lle corresponden un PT e un AL. Tamén, respecto ao coidador —vostede centraba a pregunta no coidador—, o ano pasado tiña un profesional coidador e, na actualidade, ten un e medio. ¡O ano pasado tiña un e este ano ten un e medio! O ano pasado había 2 profesionais PT e AL e este ano hai 2,5. Hai máis profesionais que o ano pasado. ¿Son suficientes? Vaia, eu entendo que unha plantilla que ten 100 prazas libres e que ten profesionais especialistas...

O PRESIDENTE: Grazas.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): ...por riba do que marcan as *ratios* e por riba das do ano pasado pode prestar —con dificultades, pero...

O PRESIDENTE: Grazas.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): ...pode prestar— unha boa atención...

O PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Terminou o tempo.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): ...educativa.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.



Pregunta da deputada Paloma Castro Rey e dous deputados/as máis, do G. P. Socialista de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da eventual reposición da praza de Pedagogía Terapéutica que ata este curso compartían o CEIP Avelino Cachafeiro, de Forcarei, e o CEIP de Cerdedo

O PRESIDENTE: Pregunta de dona Paloma Castro, do Grupo Parlamentario Socialista.

PALOMA CASTRO REY: Grazas, presidente.

Boa tarde, señor conselleiro.

Tócame a min o terceiro «caso illado» e, polo tanto, veño lembrarlle o importante papel, fundamental, que os centros educativos situados no rural galego desenvolven para a cohesión territorial, a igualdade de oportunidades e a fixación de poboación no rural. Para iso, é imprescindible dotalos de recursos suficientes, para garantir o futuro das comarcas máis afectadas polo reto demográfico e evitar o despoboamento progresivo nestas zonas.

Ata o presente curso, o CEIP Avelino Cachafeiro de Soutelo de Montes, en Forcarei, e o CEIP de Cerdedo, no concello de Cerdedo-Cotobade, contaban cun docente de pedagogía terapéutica, compartido entre estes centros, que prestaba apoio educativo esencial ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, e vostedes suprimírono. A supresión deste recurso docente supón, ademais dun retroceso na atención do alumnado con necesidades, unha debilitación dun servizo público que xa é, de por si, escaso no medio rural. A retirada deste profesor PT é inexplicable e iso motivou múltiples concentracións, tanto dos docentes como do alumnado, dos pais e das nais na praza do Gaiteiro de Soutelo de Montes. A presión social tamén exixiu ao Goberno municipal da señora Cachafeiro, que estaba a mirar para outro lado, negociar coa Xunta. Tanto a ANPA como a comunidade educativa veñen demandándolles, a vostede e á súa consellería, un compromiso.

O seu Goberno —a súa consellería— non pode escudarse en argumentacións de «normalidade», como dixo, ou no cumprimento de *ratios* legais para xustificar a diminución de profesorado de apoio. As protestas son múltiples en todo o territorio galego, como nomeou antes a miña compañeira. O rural galego necesita políticas activas que reforcen as decisións e que profunden na súa vulnerabilidade, non que acentúen as desigualdades territoriais.

Neste caso en concreto, no de Avelino Cachafeiro, de Soutelo de Montes, por exemplo, existe ademais unha realidade social que vostede coñece, que é a presenza dunha comunidade margrebi significativa. Isto fai imprescindible o reforzo educativo, tanto para facilitar a aprendizaxe do idioma como para garantir unha inclusión real e efectiva do alumnado no sistema educativo. Sen profesorado de apoio suficiente, a integración lingüística e educativa convértese nunha carreira de obstáculos que prexudica tanto o alumnado como o conxunto da comunidade educativa. As palabras soan ben. Vostede fala de «pionerismo» e de educación inclusiva, pero a realidade non se corresponde con iso.

Por iso, hoxe volvo insistirlle novamente, e traio esta pregunta: ¿vai repoñer vostede de maneira inmediata a praza de profesor ou profesora de pedagogía terapéutica suprimida, ga-



rantindo que este curso, tanto o CEIP Avelino Cachafeiro de Soutelo como o CEIP de Cerdedo, contén con persoal especializado suficiente para atender adecuadamente o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo? (*Murmurios.*) En caso afirmativo, ¿pode concretarme vostede en que prazo o van facer e que dotación de horas van facer efectivas para a reposición desta praza e asegurarme que esta situación non se repetirá o ano próximo? (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, parece ser que esta pregunta estaba activada para a Comisión 4ª de hai uns días e que a cambiaron para o día de hoxe. (*O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional Román Rodríguez González diríxese cara as bancadas.*) Vale, se é por esa razón, é absolutamente xustificable. Eu íalle pedir que me dixese por que, se había algunha razón que xustificaba iso, pero se me di que tiña gripe, por suposto, acepto o seu plantexamento.

Voulle dar a razón nunha cuestión. Non o vou facer en moitas máis, pero nunha, si: os centros educativos das zonas rurais son básicos e fundamentais para a cohesión territorial e eu creo que iso hai que recoñecelo. Son básicos para a equidade e son básicos para a xeración de igualdade de oportunidades. Voulle dar un dato que, ao mellor, a vostedes non lles gusta ou o cuestionan ou din que non é importante. O informe PISA, que é un dos indicadores —hai máis, pero quizais este sexa o que máis— internacionais de máis prestixio no sistema educativo, di que Galicia é a comunidade autónoma, xunto con Cantabria, máis equitativa de España e onde mellor se atenden as necesidades educativas do alumnado, con independencia do territorio no que vivan. Por exemplo, en Galicia temos no noventa por cento dos concellos centros educativos. En España, a media está no cincuenta por cento. Creo que ese é un dato importante, tendo en conta, obviamente, a dispersión territorial e a estrutura xeográfica do poboamento.

Pero vostede plantexa aquí que hai unha especie de abandono do rural. Non hai nada máis lonxe da realidade. (*Murmurios.*) Galicia ten un privilexio no ensino rural. O ensino rural ten a mesma calidade e, o máis importante, os mesmos resultados que o ensino urbano. Iso dino os informes comparativos e díño un dato —se se quere, non anecdótico, pero si puntual— como son as notas da selectividade, na que os centros rurais compiten en pé de igualdade cos centros urbanos. Teñen os mesmos programas e as mesmas oportunidades. Galicia funciona como un distrito educativo único onde, con independencia do concello a onde vaia un neno ou unha nena ao colexio ou ao instituto, ten as mesmas oportunidades, os mesmos proxectos e os mesmos programas. Iso é unha riqueza de Galicia e cuestionalo, realmente, é moi complexo.

Iso si, ten un sobrecusto maior: un 26 por cento máis de custo. ¿Por que o ten? Teno pola dispersión demográfica e por cuestións de escada. Eu creo que o PSOE faría ben recoñecendo



isto. Así como recoñece a importancia do papel que ten para a cohesión territorial, recoñeza tamén o esforzo que fai a Comunidade Autónoma para ter un ensino rural de calidade como, efectivamente, ten. (*Murmurios.*)

Neste caso concreto, estanse levando a cabo todas aquelas medidas que se puxeron en marcha dende o acordo do ano 2023, que posibilitan un avance e un mantemento da estrutura territorial e da estrutura laboral nos centros educativos do rural, especialmente nos centros educativos máis pequenos, como son Dos que estamos a falar.

Por certo, no Bipartito vostedes, con menos presión demográfica ou con menor crise demográfica, cerraron cen centros educativos en catro anos —¡cen centros...

O PRESIDENTE: Grazas.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): ...educativos!—; co cal, pouco teñen que dicir neste ámbito. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Para a réplica, a señora Castro.

PALOMA CASTRO REY: Señor conselleiro, se a realidade fose o que vostede plasmou agora na súa intervención e eses informes aos que alude, non habería familias mobilizándose, concentrándose na rúa e reclamando algo tan esencial como é que o alumnado poida recibir un apoio especializado que non está a recibir.

A necesidade de apoio educativo que nós estamos reclamando hoxe aquí é fundamental, e máis no rural, porque o rural non é igual que o núcleo urbano. O colexio moitas veces é o único espazo onde este alumnado, en moitos quilómetros, pode recibir apoio educativo, acompañamento especializado e atención personalizada. Se vostedes retiran os recursos están a deixar ese alumnado sen alternativas.

Mentres todo iso acontece e mentres vostede fala de discursos triunfalistas, dende hai uns meses, no Goberno municipal de Forcarei, prometíase que todo ía mellorar —tras una vergoñenta moción de censura, promovida pola señora Belén Cachafeiro, apoiándose nun tránsfuga para acceder á alcaldía— e os feitos non foron así. A realidade di que, co Goberno da señora Cachafeiro, nin melloraron os servizos nin se reforzou a educación pública, nin se defenderon con firmeza os intereses do centro educativo e das familias ante a Xunta de Galicia.

Vostede falaba de moitos discursos triunfalistas, da situación na que se atopaba Galicia e de como atendían as necesidades do rural. Ao que non me contestou foi, exactamente, á pregunta de se van repoñer vostedes o profesor PT que suprimiron destes dous centros educativos para todos aqueles nenos con necesidades educativas especiais que, por esa supresión, quedaron sen asistencia. ¿Van vostedes durante este curso repoñer ese profesor PT ou van



seguir mantendo todos eses nenos e nenas desasistidos? ¿Van repoñelo e mantelo durante todo o curso? ¿Van mantelo durante o ano que vén ou terán que volver os pais mobilizarse tamén o ano que vén? ¿Que van facer, señor conselleiro? (*Aplausos.*) Iso, ata o de agora, non mo contestou e teño os pais e as nais de todos estes nenos e nenas —e sobre todo daqueles que necesitan esa atención especializada— esperando a súa resposta. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, o señor conselleiro.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

A señora Cachafeiro ganou as eleccións en Forcarei —non sei o olvidan vostedes— e o Partido Socialista perdeunas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vostedes e os seus cómplices do Bloque aceptaron gobernar en coalición. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿É verdade ou é mentira? Agora, dentro das marxes democráticas, a señora Cachafeiro, a través dunha ferramenta como é a moción de censura, é a alcaldesa. pero vostedes non gañaron as eleccións. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ou sexa, ¿gobernar (*Varios deputados: non...*) dous partidos que perden é vergoñento (*Risos.*) e que o partido que gana governe non o é? Perdón, é ao revés. (*Aplausos.*) ¿Non o é? (*Balbordo.*) Por favor. ¡Por favor! ¡Ao revés! ¡Ao revés! ¡Ao revés!

Eu tamén lles pido que teñan un pouco máis de respecto á democracia, (*Balbordo.*) porque dá a sensación de que a vostedes non lles importa o que, impórtalles o quen. (*Balbordo.*) ¡Non lles importa o que, impórtalles o quen, (*Balbordo.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) quen fai as cousas! Non me faga falar doutras cuestións, xa que sabe vostede que sería moi fácil facelo para vergonza súa. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Digo «súa» non como persoal, senón dos da súa formación política. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Eu en ningún caso son triunfalista. Eu son o primeiro que recoñezo que na educación inclusiva, igual que no sistema educativo en xeral ou en calquera acción política, sempre quedan cousas por mellorar, sempre quedan cousas por facer e sempre debemos ter a ambición de facer as cousas mellor, pero son realista. Non fago propaganda á inversa, como fai o Bloque. Non nego a realidade, ¡non a nego! Espero que vostede tampouco a negue, porque vostede case lanzou unha idea de cuestionar «eses informes que vostede di». Son informes do Ministerio, algúns deles, e informes PISA, que din o que din.

Entrando nestes centros en concreto, creo que estes son coñecidos por todos. ¡Eu son de moi cerca de aí! Coñézoos perfectamente e sei que se levaron a cabo todas as medidas que xurdiron do acordo, como a ponderación do alumnado e as novas *ratios*. Por certo, o Goberno Socialista non as cambiou. Non as cambiou. Fixo un paripé aprobando no Consello de Ministros unha cuestión, pero non as cambiou. Galicia si cambiou as *ratios* en Infantil e en Primaria para aplicalas dun xeito progresivo e reducilas de xeito progresivo, pero o Partido Socialista, non. Aí hai moita dobre moral —¡moita dobre moral!—, porque din unha cousa,



fan outra e non lles cae a cara de vergonza. *(Aplausos.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Nestes centros, que son centros pequenos —no Avelino Cachafeiro hai 50 alumnos e no Xosé Bautista hai 43 alumnos—, estanse aplicando todas as medidas, como xa dixen. Teñen profesores por riba do catálogo e estanse aplicando as medidas de ponderación. O número de mestres, como xa dixen, é superior ao do catálogo que vostedes aprobaron en época de «súper bonanza económica», como din vostedes, e contan cun AED compartido. Nalgúns casos, contan con máis horas de atención especializada que o curso pasado. Ao ser centros tan pequenos e con plantillas tan amplas e tan dimensionadas, contan—segundo os propios servizos de inspección e segundo sabe tamén a propia ANPA— cos recursos suficientes para atender a diversidade destes centros.

O PRESIDENTE: Grazas.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): Creo que iso é a realidade e vostedes non o ven...

O PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. Terminou o tempo.

Grazas.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): ...ou intentan... *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de María Encarnación Amigo Díaz e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as previsións relativas á posta en marcha do Centro de Protonterapia de Galicia

O PRESIDENTE: Fará a pregunta a señora Amigo Díaz, do Grupo Parlamentario Popular.

MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, desde o Partido Popular formulámoslle esta pregunta pola importancia de coñecer, de primeira man, os últimos avances nunha estrutura sanitaria que marcará un antes e un despois na nosa comunidade.

No ano 2021, a Fundación Amancio Ortega comprometeu unha doazón de douscentos oitenta millóns de euros á sanidade pública española para a adquisición de dez aceleradores de protóns destinados a técnicas de protonterapia. Quero comezar poñendo en valor e agradecendo publicamente esta contribución, que permitirá que Galicia dispoña dunha tecnoloxía punteira ao servizo de todos os pacientes, tanto galegos como da nosa contorna. Dentro destes dez equipos, todo apunta a que o Centro de Protonterapia de Galicia será o primeiro centro público de protonterapia en entrar en funcionamento en España. Isto non é un detalle



menor; convértese nun fito histórico para o noso sistema sanitario e nunha oportunidade extraordinaria para situar Galicia na primeira liña da innovación tecnolóxica en radioloxía oncolóxica.

A posta en marcha deste centro será, sen dúbida, unha das actuacións tecnolóxicas máis relevantes da última década da sanidade galega. Estamos a falar dunha infraestrutura estratéxica que permitirá incorporar unha técnica de irradiación de alta precisión, empregada só en poucos centros europeos. Esta está especialmente indicada en tumores complexos, para aqueles que se localizan en áreas anatómicas de extrema sensibilidade e, de forma moi destacada, para o tratamento do cancro infantil, no que os beneficios en termos de menor toxicidade e de mellores resultados en saúde son incuestionables.

Todos somos conscientes de que un equipamento desta complexidade require diversas fases técnicas, organizativas e de seguridade para garantir que a súa posta en marcha sexa nas mellores condicións. Precisamente porque se trata dun proxecto de enorme magnitude, cun investimento público moi significativo e cun impacto directo na vida de moitos pacientes, resulta esencial que este Parlamento coñeza con detalle cal é a planificación, que fitos se cumpriron e cales son os prazos previstos para a súa entrada en funcionamento efectiva. Eu xa sei que á oposición non lle gusta isto e que, incluso, causa risa entre moitos membros da oposición, pero nós queríamos preguntarlle hoxe, señor conselleiro: ¿cales son as previsións para a posta en marcha do Centro de Protonterapia de Galicia, chamado a ser o primeiro centro público deste tipo operativo no noso país?

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Sanidade, don Antonio Gómez Caamaño.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Moitas grazas, presidente.

Efectivamente, señoría, Galicia está inmersa no impulso do Centro de Protonterapia, que a converterá nunha das rexións europeas líderes no tratamento e na investigación oncolóxica. Este proxecto é un dos maiores fitos de medicina oncolóxica de precisión, situándonos con el á vangarda na loita contra o cancro. É un orgullo ser os primeiros en incorporar aos nosos servizos sanitarios públicos o sistema de radioterapia con protóns máis avanzado do mercado.

Ante a oportunidade que nos brindou a Fundación Amancio Ortega co impulso deste proxecto, só cabían dúas respostas racionais: o agradecemento e a celeridade. O agradecemento é polo seu compromiso, sobradamente acreditado desde hai tempo, coa sanidade pública; e a celeridade porque entendemos como un deber corresponder ese esforzo de xenerosidade impulsando, coa máxima axilidade posible, a construción do Centro de Protonterapia de Galicia. Dámoslle moitas grazas por iso, por impulsalo ao anterior equipo da Consellería. Quero darlle un agradecemento e un recoñecemento especial ao anterior conselleiro, Julio García Comesaña, por iso.



Desde o primeiro momento, puxemos todo da nosa parte para materializar en tempo récord esta infraestrutura que, entre obras e equipamento, suporá un investimento de máis de sesenta millóns de euros. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Foi precisamente ese empeño o que nos permitiu situarnos como a comunidade que ten máis avanzado o proxecto de protonterapia, dos dez proxectos que ten en marcha o Sistema Nacional de Saúde. *(Aplausos.)*

Dese xeito, en 2024, puidemos comezar a construción dun edificio propio que conta cunhas modernas instalacións para albergar o equipamento. Actualmente, este edificio atópase en máis do noventa por cento da súa execución e xa lle pode avanzar que o vindeiro mes de febreiro a construción do Centro de Protonterapia de Galicia estará completamente finalizada.

A creación dun centro de tratamento con protóns é un proceso complexo e delicado que, ademais, necesita dunha gran mobilización de recursos económicos e tamén dun traballo técnico de alta especialización. En Galicia fixemos os deberes e, por sorte, atopámonos na parte final de todo este proceso: o da calibración e a posta a punto do equipamento. O procedemento de instalación e calibración durará ao redor de doce meses e, nese momento, o Centro de Protonterapia de Galicia será entregado ao Servizo Galego de Saúde.

Co mesmo obxectivo de non perder un só minuto e de ser o máis dilixentes posibles, puxemos en marcha a formación do persoal que prestará servizo nese centro. Aproximadamente dentro dun ano, o Centro de Protonterapia de Galicia poderá entrar en funcionamento e converter así a sanidade pública galega na primeira do sistema sanitario español en tratar pacientes con esta tecnoloxía.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, a señora Amigo.

MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ: Moitas grazas, señor conselleiro.

En primeiro lugar, quero agradézolle a claridade da información que acaba de ofrecer, porque é fundamental que todos os grupos desta Cámara coñezan, con rigor, o avance dunha infraestrutura que vai situar Galicia na primeira liña da loita contra o cancro. Aquí non hai lugar a especulacións, aquí hai datos, hai planificación e hai feitos.

Permítanme lembrar algo importante. O pasado 29 de novembro tivemos a oportunidade de estar presentes nun momento clave, como foi a instalación do ciclotrón, o corazón da protonterapia. Foi un acto ao que nos invitaron a toda a Comisión de Sanidade. Eu lamento profundamente que a oposición non considerase oportuno asistir, sobre todo os compoñentes do Grupo Nacionalista Galego, aos que tanta risa lles provoca hoxe esta pregunta, porque os que estivemos alí a pé de obra puidemos comprobar o nivel técnico, humano e organizativo que Galicia está a despregar neste proxecto.



O importante é que, mentres algúns cuestionan ou disfrazan a realidade, o Goberno galego traballa, planifica e cumpre. A fortaleza do noso sistema galego de saúde é evidente: un sistema sanitario serio, solvente e moderno, con profesionais extraordinarios e cunha capacidade demostrada para incorporar tecnoloxías de vangarda que melloran a vida da xente. Esta é a realidade. A protonterapia non é unha promesa; é xa unha realidade en marcha, grazas a esa planificación sólida e a unha visión clara de país. Galicia está avanzando tecnoloxicamente e introducindo innovacións sanitarias e, quen non queira velo, simplemente queda atrás.

Nesta segunda quenda, señor conselleiro, quereríamos que nos respondese: ¿que melloras asistenciais vai supor este centro para a cidadanía?

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Sanidade.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Señora Amigo, é evidente o esforzo que vén realizando o Goberno galego para ofrecerlles aos usuarios da sanidade pública os últimos avances tecnolóxicos e terapéuticos. Negalo, sen ningunha dúbida, é negar a realidade mesma.

Nós falamos con feitos, e non hai maior proba do que digo que o Centro de Protonterapia de Galicia, que pronto veremos en funcionamento. Grazas á responsabilidade e á dilixencia da Xunta de Galicia, no vindeiro febreiro estarán completamente rematadas as obras do centro e dentro de, aproximadamente, un ano, a sanidade pública galega será a referencia de protonterapia para toda España. Unha vez as instalacións entren en funcionamento, estaremos en disposición de tratar ao redor de douscentos cincuenta pacientes cada ano. Estes pacientes recibirán a terapia oncolóxica máis avanzada do mundo, e todo isto na sanidade pública galega.

A inclusión da protonterapia na carteira de servizos do Servizo Galego de Saúde non substitúe outros tratamentos, senón que os complementa como unha ferramenta de alta precisión contra o cancro. Fai que se poidan tratar tumores en todas as localizacións, incluídos os de difícil acceso —aqueles que están próximos a estruturas críticas— e, á vez, reducir os posibles efectos secundarios da radioterapia. Atenderemos especialmente as necesidades médicas daqueles pacientes oncolóxicos con longa supervivencia, sobre todo na poboación infantil.

A aposta que a consellería de Sanidade fai pola innovación sanitaria sitúanos na vangarda sanitaria, á vez que continuamos apostando por diagnosticar con celeridade mediante vías rápidas, por ofrecer atención personalizada e por buscar as terapias máis efectivas e con menos efectos adversos. Este centro, xunto co de terapias avanzadas —o vindeiro ano comezará a produción propia—, van supoñer un antes e un despois na atención ao cancro en Galicia.



Como conselleiro e como especialista en oncoloxía radioterápica non me podo sentir máis que satisfeito por todo o traballo realizado polos diferentes departamentos da Consellería de Sanidade e pola enorme xenerosidade coa que están traballando neste ilusionante proxecto. A nosa prioridade é seguir mellorando o noso sistema de saúde, que é xa excelente, e facelo da man dos extraordinarios profesionais cos que contamos, que demostran esa «Galicia calidade» da que tan orgullosos nos sentimos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta da deputada María Elena Espinosa Mangana, do G. P. Socialista de Galicia, sobre os mecanismos de control e avaliación que aplica actualmente o Sergas para garantir a calidade asistencial nos centros sanitarios privados que prestan servizos mediante concerto

MARÍA ELENA ESPINOSA MANGANA: Boa tarde, conselleiro.

Nos últimos anos, observamos unha crecente externalización de servizos por parte do Sergas, acompañada de derivacións a centros privados. Esta tendencia preocúpanos, non só polo impacto que poida ter sobre a capacidade da sanidade pública, senón pola necesidade de garantir que a cidadanía reciba unha atención de igual calidade, independentemente de quen execute a prestación. A maiores, non podemos ignorar que as experiencias doutros territorios nos teñen que servir de advertencia. En Madrid, por exemplo, o foco está na xestión do Grupo Ribera, onde están cuestionadas as listas de espera, os criterios de derivación, as cargas de traballo, a transparencia da xestión e as alertas de supostas malas praxes que poderían comprometer a saúde dos pacientes.

Todo isto pasa cando, ademais, segundo os datos do Catálogo nacional de hospitais do ano 2025, Galicia ten 2 concertos substitutivos do total dos 6 que hai en España: o Centro Oncolóxico da Coruña e o Hospital Ribera Povisa. Por certo, somos a única comunidade autónoma que ten 2 centros neste tipo de concertos e 7 en concerto parcial do total dos 138 que hai a nivel estatal. Estes son o Hospital San Rafael, o Ribera Juan Cardona, o da Robleda, os da Rosaleda-Esperanza, o Ribera Polusa, o Santa Teresa e o Nosa Señora de Fátima.

Consideramos imprescindible abordar con claridade a situación dos centros sanitarios concertados en Galicia. Este podía ser, señor conselleiro, un bo tema para que vostede comparece e sobre o que puidese dar explicacións con detalle, porque é unha obriga da Administración garantir que toda prestación financiada con recursos públicos cumpra os estándares de calidade e de seguridade do paciente. Cremos que debe existir un sistema rigoroso de control e de avaliación, porque se debe asegurar que a calidade asistencial non se resinte nin se dilúe cando se contratan servizos a terceiros en calquera caso, pero, moi especialmente, cando falamos de sanidade.

Sei que falou esta mañá na interpelación de mecanismos moi exixentes, pero falou de xeneralidades. Por iso, eu preguntolle de novo sobre o que figura por escrito e pídlle, por



favor, que non fale de xeneralidades; que nos diga cales son os mecanismos e que os describa. Díganos os mecanismos de control, de seguimento e de avaliación que está a aplicar o Sergas para garantir que os centros privados concertados cumpren estritamente cos estándares de calidade asistencial, de transparencia e de seguridade que se exigen na sanidade pública galega. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Dará a resposta o conselleiro de Sanidade.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Grazas, presidente.

Señoría, sei que estivo atenta pola mañá. Polo tanto, debería ter claro xa cal vai ser a miña resposta á súa pregunta.

É rechamante. Sorprende que o PSOE traia hoxe este asunto á Cámara. ¿Non será, máis ben, que recibiron unha orde de arriba para levar este tema aos parlamentos autonómicos para axudar coa constante sangría de escándalos? Ben sabemos que a dirección nacional está interesada en desviar a mirada das múltiples denuncias que invaden o entorno do presidente Sánchez. En todo caso, faime unha pregunta e vouna responder.

O contrato que a Xunta formaliza cos centros concertados ten mecanismos de control e de seguimento para que se cumpra o acordado e para garantirlles a máxima calidade asistencial aos pacientes. Como en todos os procesos ou procedementos de contratación, establécese a figura responsable do contrato, que se encarga de supervisar o cumprimento das tarefas para desenvolver por parte dos contratistas. Neste contrato, esa figura vese reforzada complementándose con outros órganos que permiten levar a cabo o seguimento diario da execución e o control no cumprimento das prestacións establecidas.

No caso do novo contrato de servizos subscrito con Povisa, constituíuse unha unidade de supervisión e control para garantir, día a día, o cumprimento das obrigas contratadas e a súa execución. Esa unidade encárgase de revisar a actividade rexistrada para os pacientes atendidos, revisar o dimensionamento dos recursos humanos, revisar o cumprimento dos protocolos e procedementos autorizados, revisar o seguimento e a implantación do Ianus, verificar o cumprimento dos obxectivos de calidade e revisar a prestación farmacéutica. Desde o día un desa sinatura do contrato, esa unidade está constituída por empregados públicos que fan o seu labor de maneira independente e rigorosa. ¿Están vostedes, acaso, poñendo en dúbida ese traballo?

Pídolles que, responsablemente, deixen de sementar dúbidas sobre a sanidade pública galega, sobre os funcionarios e sobre os médicos que atenden toda a poboación sanitaria de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.



Para a réplica, a señora Espinosa.

MARÍA ELENA ESPINOSA MANGANA: Señor conselleiro, sangría si que é a que sofren os pacientes que están esperando para ser atendidos, *(Aplausos.)* e vostede si que recibe ordes, e encáixaas, malamente, nunha pregunta que non sabe moitas veces nin por onde vai.

Eu dicíalle que debería comparecer porque este é un tema que necesita moita explicación e a súa, a que deu hoxe, xa a lemos na prensa. Xa escoitei esta mañá o que dixo e xa tamén oín as declaracións que fixo o señor Rueda. Fala de protocolos, de auditorías e de mecanismos habitualmente empregados polo Sergas, mais hoxe non precisamos saber teoría, precisamos saber a realidade. Precisamos saber se eses mecanismos funcionan, se se aplican con rigor e se, realmente, garanten que os centros privados concertados ou substitutivos cumpren os mesmos estándares que os da sanidade pública, porque, señor conselleiro, se falamos dos hospitais que teñen concerto, no que vai de lexislatura, xa fallaron os seus controis, polo menos nun, que saibamos. Estou a falar da Robleda.

Daquela, a Xunta non nos alertou. Tivo que ser o Defensor do Pobo o que emitiu un informe demoledor sobre o dito hospital, onde se contrastaron malas praxes, contencións mecánicas inxustificadas e un longo etcétera; incluso tamén se desconfiaba de agresións sexuais. E isto ten un nome, que é «neglixencia por omisión» no labor de inspección e de seguimento. A realidade é que cando vostedes externalizan servizos están poñendo en mans privadas unha parte da responsabilidade que corresponde ao sector público galego e poida que os intereses non sexan coincidentes.

Hoxe en día, supoño que é unha gran preocupación, non para o Partido Socialista, senón para a xeneralidade da cidadanía. Por iso a traemos aquí, e non polos motivos que vostede dixo. Se fai o favor, escoite tamén o Consello Galego de Médicos, que o pasado día 9 tamén lle pediu garantías para que en Galicia non se poida dar...

O PRESIDENTE: Grazas.

MARÍA ELENA ESPINOSA MANGANA: ...un caso similar ao que estamos falando. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Grazas.

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Sanidade.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Grazas, presidente.

Insisto en que o que máis perverso me resulta de todo isto é que sexan vostedes, precisamente, os que máis critican o modelo de concertos que ten a Xunta de Galicia —neste caso a Consellería de Sanidade— e non o PSOE, que, cando gobernaba a Xunta, lle daba máis recursos a un hospital privado; o PSOE que asinou manter e potenciar os instrumentos de concertación e a cooperación público-privada, ou mesmo o PSOE que garantiu a unha empresa privada que a construción do novo hospital público de Vigo non lle ía prexudicar o seu negocio. Todo isto foi da man dos seus socios de Goberno aos que, polo que sexa, durante os



catro anos que gobernaron, non lles molestou nada a sanidade privada. Os datos, os informes e a hemeroteca están aí e será algo que os perseguirá toda a vida. Polo tanto, señoría, leccións de xestión sanitaria por parte do PSOE non nos dean ningunha.

Non se dan leccións, e menos leccións de xestión sanitaria pública, porque a privada parece que se lles dá moi ben. Digo isto porque, cando vostedes gobernaban, buscaban beneficiar Povisa, que, naquel momento, tiña unha poboación asignada de case 30.000 pacientes máis. Na pasada lexislatura, cando este Parlamento votou unha proposición non de lei para limitar o gasto en concertos sanitarios ao 6 por cento do gasto sanitario total, o seu grupo opúxose. Deberán explicar vostedes por que. O 6 por cento que se votou nesta Cámara no é unha cifra máxica nin arbitraria. ¿Sabe a que responde? É a cifra á que chegou o Bipartito cando gobernou, quen aumentou un 48 por cento o gasto en concertos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Aumentou un 48 por cento en concertos!

Vou xustificalo, xa que vostedes queren ter máis detalles, por exemplo, dos controis *(O conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño, fala entre risos.)* que ten o Hospital Povisa. En primeiro lugar, o novo contrato do servizo obriga Povisa a realizar investimentos en infraestruturas e equipamentos, que son 5,8 millóns de euros entre este ano e o próximo; en segundo lugar, os contratos supoñen unha mellora nas condicións laborais dos traballadores, pois obrigouse a empresa a aplicar incrementos retributivos pactados no convenio colectivo que supoñen unha suba do 3 por cento, e, en terceiro lugar, fíxose a integración da historia clínica electrónica. Non hai maior sistema de control. É un sistema que permite e garante a continuidade asistencial se o paciente asiste a outro centro do Servizo Galego de Saúde. Ademais, inclúe os datos sanitarios na aplicación de saúde.

En definitiva, señora Espinosa, as medidas de control e de supervisión dos servizos sanitarios prestados por contrato son exhaustivas e garanten a calidade asistencial. Á diferenza de vostedes, nós actuamos con feitos, mellorando a vida dos galegos.

Moitas grazas e felices festas a todas e a todos. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Pasamos á pregunta de dona Noelia Pérez, do Grupo Parlamentario Popular.

Pregunta da deputada Noelia Pérez López e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia, á vista dos grandes retos do mercado laboral en Galicia, das medidas e decisións adoptadas polo Goberno de España nos últimos meses

NOELIA PÉREZ LÓPEZ: Boa tarde.

Grazas, presidente.

Discursos exemplares, pero comportamentos indefendibles: iso son o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego dos últimos tempos.



Hoxe imos falar nesta pregunta das trabas que lles está a poñer o Goberno do Estado ás persoas traballadoras por conta propia. Creo que só hai un colectivo que o Partido Socialista acose máis que os autónomos. Estámolo vendo estes días con todos os casos de acoso a mulleres que están aparecendo dentro do propio Partido Socialista. Como muller, señorías do Partido Socialista, dígolles que a igualdade non se predica; practícase, ¡practícase! Iso tamén vai para o Bloque Nacionalista Galego, señorías. (*Aplausos.*) ¡Practícase!

Non valen os paripés nin as fotos diante da Deputación de Lugo, señorías do Bloque, nin dicir aquí que a súa posición é moi clara mentres seguen apoiando un goberno no que continúa un presunto acosador sexual, o señor Tomé. Se teñen tolerancia cero, como dixo esta mañá a señora Pontón, (*Murmurios.*) eu pregunto se se van ir, entón, do Goberno da Deputación de Lugo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Díganlle á señora Pontón que o feminismo non admite dobres varas de medir: ou se practica ou é mentira.

Con este mesmo cinismo e con esta mesma hipocrisía, tratan tamén os autónomos galegos, os uns e os outros: o Partido Socialista de Galicia e o Bloque Nacionalista Galego. Din moita palabra bonita pero teñen cero respecto ao seu traballo e cero preocupación real por eles. É un colectivo esencial para o noso país pero é sistematicamente ignorado polo Goberno de España. O sanchismo, apoiado na muleta do Bloque Nacionalista Galego, só se lembra dos autónomos para recadar; nunca se lembra para os axudar, nunca se lembra cando toca alivialos e nunca se lembra cando toca entender a realidade que está a vivir quen crea emprego por conta propia.

Podería poñerlles un montón de exemplos destes agravios, pero o escándalo que hoxe en día é máis palpable son eses miles de autónomos galegos que facturan menos de 85.000 euros, que podían estar exentos de aplicar o IVE e ser máis competitivos porque o permite unha directiva europea, je non poden facelo! Noutros países de Europa, os autónomos xa teñen ese alivio e aquí non; España é o único país onde non se aplica esa medida, porque depende dunha decisión exclusiva do señor Sánchez. Aquí seguen obrigados a repercutir o IVE, a liquidar e a declarar ese IVE desde o primeiro euro. Iso significa máis papeleo e máis custos, pero tamén menos competitividade. Por certo, a Federación de Asociacións de Traballadores Autónomos xa interpuxo unha denuncia contra España ante a Comisión Europea. ¡Que triste! Os autónomos denunciando o seu país para defender os seus dereitos; algo falla.

Eu, señor conselleiro, á vista de todo isto, quería saber que valoración fai das medidas adoptadas polo Goberno de España nos últimos meses e que están a afectar, de cheo, os autónomos galegos. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, don José González Vázquez.

O CONSELLEIRO DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN (José González Vázquez): Grazas, señor presidente.

Eu, falando dos autónomos, teño que dicir que Galicia é a terceira comunidade autónoma en peso específico dos autónomos respecto do total de cotizantes; estamos catro puntos por riba da media nacional. Pero, ademais, España é un país de pequenas e medianas empresas,



o 99 por cento do noso tecido empresarial son pequenas e medianas empresas, moitos deles pequenos autónomos incluso sen traballadores por conta allea.

O que teño que dicir é que o Goberno central —o Goberno que está gobernando nestes momentos en Madrid— padece unha situación de desconfianza absoluta no sector empresarial. Bueno, non temos máis que escoitar aquí no Parlamento autonómico como se fala das empresas privadas. Isto tradúcese nun exceso de carga lexislativa, un 16 por cento por enriba da media da Unión Europea, nun inferno fiscal para o sector empresarial e, por suposto, tamén nunhas medidas laborais que non teñen para nada en conta a idiosincrasia das nosas empresas.

No que se refire ao inferno fiscal, eu doulle un dato: do 2018, cando entrou a gobernar este Goberno, ao 2024, ¿saben canto subiu a recadación tributaria en España? Un 40 por cento, a maior parte disto no IRPF e no imposto de sociedades. España está entre os cinco países máis desenvolvidos de todo o mundo que ten un maior esforzo fiscal para as súas empresas e entre os dous países da Unión Europea que máis subiron os impostos ás empresas nos últimos anos. Polo tanto, ese inferno fiscal que dicía estase vendo tamén ao respecto dos traballadores autónomos. Sen ir máis lonxe, mencionaba vostede o réxime do IVE franquiado para os pequenos e medianos empresarios por debaixo dos 85.000 euros. Eu engádolle algo máis: é precisamente ese afán recatorio o que impide que se aplique aquí ese réxime franquiado, porque permitiría que parte dese IVE quedase ingresado neses pequenos e medianos empresarios.

Pero déixeme que lle diga o grotesco que foi a implantación do Verifactu, que sabe que era un sistema informático no que eses pequenos empresarios tiñan que trasladar todos os seus datos fiscais á Axencia Tributaria. Logo de dicir, por activa e por pasiva, que era absolutamente imposible que se empezase a aplicar o 1 de xaneiro do ano 2026, ¿que pasou? Pois chegaron os de sempre, os cataláns, presionaron e, efectivamente, parouse a súa aplicación para 2027. Non digo eu que non estea ben que se paralice esa aplicación pero, ¿saben a inseguridade xurídica que lles xeraron a todos eses pequenos e medianos empresarios?

Se falamos no ámbito laboral: ausencia absoluta de diálogo social. Imposición de todas as medidas que, por certo, prexudican fundamentalmente os pequenos e medianos empresarios: a redución da xornada laboral, sen ir máis lonxe, ou este debate que temos agora do salario mínimo interprofesional. Ningún empresario se opón a subir o salario aos seus traballadores, pero é unha cuestión tamén de produtividade, de competitividade das nosas empresas, sobre todo, como digo, ese 99 por cento de pequenas e medianas empresas que conforman o tecido empresarial español.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Pérez López.

NOELIA PÉREZ LÓPEZ: Grazas, conselleiro.

Señorías, miren esta imaxe. *(A deputada Noelia Pérez López amosa unha fotografía.)* Non é propaganda, non é un cartel electoral e está de máxima actualidade. Autónomos, persoas tra-



balladoras por conta allea, nas rúas dicindo que o Goberno os está exprimindo como limóns, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) como limóns. E o limón xa está seco, señorías. Así están os autónomos: (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) secos grazas ao Goberno deste país. E, aínda así, o *sanchismo* séguelles (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) pedindo cada vez máis e séguelles dando cada vez menos. Os autónomos non poden seguir sendo o caixeiro automático do *sanchismo* neste país.

Miren, eu lémbrolles, sobre todo, señorías do Bloque e señorías do Partido Socialista, que, se os autónomos caen, cae este país. Non o esquezan nunca, porque sen autónomos non hai barrios vivos, sen autónomos non hai comercios abertos nin hai servizos. Bueno, quedarán tres ou catro fontaneiros, (*Murmurios.*) (*O deputado Gonzalo Trenor López pronuncia palabras que non se perciben.*) pero só para arranxar as cousiñas do Partido Socialista.

Miren, viven desconectados da realidade de quen levanta unha persiana cada día, e esa desconexión coa realidade explica despois as súas decisións. Falaba o conselleiro hai un momento do Verifactu. É o exemplo perfecto do desprezo co que trata a esquerda os autónomos deste país. Un ano obrigándoos a cambiar os programas, a adaptar os sistemas, a investir cartos e tempo e, cando xa cumpriron, cando xa gastaron e cando xa se adaptaron, e un mes antes de entrar en vigor, o Goberno aprázao. E, ¿quen pagou? Unha vez máis son os autónomos os que acaban pagando do seu peto a improvisación do Goberno *sanchista*. Hoxe non saben os autónomos nin que norma lles vai cambiar mañá nin canto van ter que pagar. E, cando un goberno fai da incerteza un método, non xestiona; castiga. Iso é o que está a facer hoxe Pedro Sánchez: castigar a quen se esforza e a quen traballa. ¡Inaudito! Por iso, e como pechamos falando de emprego de autónomos, eu, ademais de desexarlles un Feliz Nadal, ao 2026 pídlle —e aos reis Magos— que cheguen cunha convocatoria electoral, para que os autónomos poidan botar —con «b»— (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) a quen está a asfixialos...

O PRESIDENTE: Grazas.

NOELIA PÉREZ LÓPEZ: ...e votar —con «v»— a alguén...

O PRESIDENTE: Grazas.

NOELIA PÉREZ LÓPEZ: ...que non os asfixie, señorías. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, conselleiro de emprego, Comercio e Emigración.

O CONSELLEIRO DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN (José González Vázquez): Grazas, señor presidente.

Señora Pérez, o que di vostede —o que estabamos falando antes— é froito precisamente desa falla de confianza no sector empresarial. Aquí fálase de empresas amigas, fálase de moitas cuestións, pero a realidade clara é que o 99 por cento do sector empresarial galego e español son pequenas e medianas empresas. E, como digo, non están sendo atendidas para nada polo



Goberno central. Esquecémonos antes de que aplicamos agora —dentro dese inferno que están sufrindo— a modificación que se quixo facer das cotas dos autónomos, que foi definida polas asociacións de autónomos como unha auténtica estocada, e sempre pensando nos máis pequenos. ¡É unha contradición absoluta! Eu aquí detrás (*O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, José González Vázquez, sinala a bancada dos grupos da oposición.*) sempre escoito que hai que defender os pequenos, non os grandes, e despois realmente as súas políticas van en contra dese discurso —como case sempre, ¿non?—. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Eu o que digo é que unha administración ten que confiar no seu sector empresarial, ten que, ademais, buscar a colaboración público-privada, ten que simplificar e ten que apoiar aqueles que crean emprego, que son as empresas privadas. E iso, con maior ou menor acerto —bueno, para min con moito acerto, pero poderíamos debatelos—, é o que tratamos de facer dende a Administración autonómica, en concreto no que se refire aos autónomos. Miren, simplificación: estamos a falar de que collemos todas as axudas de autónomos e as puxemos nunha única orde de 41 millóns de euros, que no vindeiro ano 2026 agardamos que chegue a máis de 9.000 autónomos; tratando de comprender todas as súas situacións, é dicir, tanto o apoio ao investimento, a cota cero. Saben vostedes que en Galicia aqueles que inician a súa actividade como autónomos non teñen que pagar durante os doce primeiros meses, esa cota que logo pretende subir o Goberno central. Este ano, como novidade, ascendemos a 24 meses no caso de que sexan novos autónomos no sector agrícola, gandeiro ou forestal. Pero tamén cubrimos os seus investimentos, cubrimos a súa conciliación, o bono remuda, no que Galicia é auténticamente pioneira e no que tratamos de paliar ese problema de renovación xeracional, sobre todo no comercio polo miúdo e que este ano se vai incrementar nun 20 por cento.

Outra cuestión que atinxe a esta consellería: o comercio polo miúdo, cunha estratexia totalmente falada co sector. Non quedou ningunha asociación coa que non se falase para facer unha estratexia 2025-2030. ¿A resposta fácil do Bloque? ¡Subir vinte millóns! Colleron a Dirección Xeral de Comercio e dixeron: outros vinte millóns para apoiar o comercio local. Eu creo que o que se ten que facer é medidas faladas co sector e que se vaian aplicando, que se vaian desenvolvendo, como proxectos novidosos que temos neste ámbito do comercio local e que afectan tanto o comercio dos nosos pobos, como das nosas vilas, como das nosas cidades.

En definitiva: esforzo polo pequeno e mediano empresario; confianza no sector empresarial privado; colaboración público-privada; e, sobre todo, tamén diálogo social. Simplemente anúnciollles que no ano 2026 institucionalizaremos tamén o diálogo social en Galicia. Non quero rematar sen desexarlles a todos vostedes feliz Nadal e feliz ano 2026. (*Aplausos.*)


O PRESIDENTE: Grazas.

Bueno, pois chegados a este punto, feliz Nadal e que o pasemos o mellor posible, a todos e a todas.

Grazas. Boa noite.

Remata a sesión ás seis e trinta e nove minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

